CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XXII)

Correspondencia de Xosé Neira Vilas con Valentín Paz-Andrade e Celso Emilio Ferreiro

Edición e notas:
Xosé Neira Vilas

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Directores:
Luís Alonso Girgado
Ramón López Vázquez

Consello asesor:
Xesús Ferro Ruibal
Xosé Manuel García Iglesias
Anxo González Fernández
Ramón Mariño Paz
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:
Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística:
Valentín García Gómez

Coordinador científico:
Manuel González González

Director Técnico de Literatura:
Anxo Tarrío Varela

Edición e notas:
Xosé Neira Vilas

Agradecemos a colaboración de María Xesús Neira Yagüe

Maquetación e impresión:
Grafisant, SL (Santiago de Compostela)

ISBN:
978-84-453-5046-1

Depósito legal:
C 872-2012

XUSTIFICACIÓN

Resulta oportuno publicar a correspondencia que mantivo Xosé Neira Vilas con dúas figuras senlleiras da nosa cultura: Valentín Paz-Andrade e Celso Emilio Ferreiro. Valentín, porque a Real Academia Galega acordou dedicarlle este ano o Día das Letras, e Celso Emilio porque cadra que se cumpren cen anos do seu nacemento. Ambos recibirán múltiples e merecidas homenaxes ó longo de 2012 por parte de diversas institucións. Tamén nós queremos recordalos dando a coñecer estes epistolarios.

Achegarse ás súas vidas, ás súas inquedanzas, ó seu pensamento, a través da correspondencia resulta moi atractivo e singular, pois ninguén pensa cando escribe unha carta que moitos anos máis tarde será publicada e os que veñan despois poderán extraer dela conclusións de orde diversa, sempre esclarecedoras de acordo coa personalidade do remitente.

No libro de Neira *Cartas de vellos amigos* (Editorial Galaxia, 2010) aparecen, ademais, outros corenta correspondentes. En total son 304 cartas. Non é pequeno o volume desta correspondencia cruzada case toda ela entre unha e outra banda do ancho mar. O seu destinatario, que as conservou e as deu a coñecer, dinos que corresponden polo menos a 800 escritas por el.
Nesta edición publicamos non só as cartas que Neira recibiu de ambos os amigos, senón tamén as que el lles enviou, 34 a Valentín e 15 a Celso Emilio. Cómpre aclarar que non é toda a correspondencia que Neira mantivo cos dous. Dinos que recibiu máis cartas que as que aquí aparecen e que el lles enviou moitas máis. O paso do tempo e as mudanzas de vivenda e ata de país son a causa de tales extravíos. Con todo, a maioría desas comunicacións está aquí e constitúe no seu conxunto un documento que é testemuña da nosa historia cultural, social e política de Galicia da segunda metade do século XX.

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

ÍNDICE

1. Xustificación **5**

2. Correspondencia entre Xosé Neira Vilas e Valentín Paz Andrade ... **9**

2.1. Testemuño dunha amizade 11

2.2. Epistolario 13

3. Correspondencia entre Xosé Neira Vilas e Celso Emilio Ferreiro .. **81**

3.1. O amigo que vin unha soa vez 83

3.2. Epistolario 85

4. Apéndice fotográfico **147**

5. Índice onomástico **155**

Correspondencia
entre
Xosé Neira Vilas
e
Valentín Paz-Andrade

TESTEMUÑO DUNHA AMIZADE

Coñecín a Valentín en Buenos Aires en 1957. Viñan de cumprirse 50 anos da fundación do Centro Galego daquela cidade, que nese tempo era algo así como a capital cultural de Galicia. Fora invitado para esa conmemoración. Asistín ás súas conferencias e a unha mesa redonda que protagonizou xunto con Isaac Díaz Pardo, Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste e Lorenzo Varela. O 25 de xullo celebrouse o acto central polo Día de Galicia, no que el foi o principal orador.

Presentounos Isaac. Falamos de moitas cousas, incluindo o tema da miña comarca orixinaria, que el ben coñecía pois o seu avó materno, Manuel Andrade Carlín, era do lugar de Brandomés, preto do meu Gres natal.

Pouco antes, Anisia e mais eu fundaramos a organización libreiro-editorial "Follas Novas". Falamos desa "feira permanente do libro galego", como a denominara Ramón Suárez Picallo. Interesouse vivamente por aquela iniciativa de alcance continental. Tamén se interesou pola nosa organización xuvenil Mocedades Galeguistas e polo periódico Adiante *do que publicaramos tres números. Por certo, nas Mocedades estudariamos, nas nosas reunións sabatinas, o seu libro* Galicia como tarea.

Primeiro dende Buenos Aires e despois de 1961 dende á Habana, mantivemos unha intensa correspondencia.

Eu cóntolle do meu labor, primeiro no Prata e logo no Caribe, fálolle dos libros que vou publicando, do meu facer cultural galego, das miñas colaboracións na prensa, do diverso acontecer americano, da obra dos nosos emigrantes, e de moitos outros temas de interese común. E el dame noticia de xeiras diversas, dos cambios políticos, en Galicia e en España, das súas viaxes e investigacións. Dame noticia do pasamento de Darío Álvarez Blázquez, Luís Seoane, Faílde Gago e Celso Emilio Ferreiro. Envíame Cen chaves de sombra, La anunciación de Valle Inclán *e a voluminosa biografía de Castelao. Eu tamén lle envío algúns libros meus. Fálame do seu ingreso na Real Academia Galega e do discurso que leu sobre Guimarães Rosa.*

Reencontrámonos en Galicia o 28 de outubro de 1972, na ocasión en que entrego no Museo Carlos Maside dous cadros orixinais e descoñecidos de Castelao, que trouxen da Habana. Seguímonos encontrando noutros viaxes que fixen a Galicia, con Anisia. O día 15 de novembro de 1976 ofrecín unha conferencia sobre a emigración galega en Cuba, no Círculo Mercantil de Vigo,

e alí estaba, xunto con Xesús Alonso Montero, Antía Cal e os irmáns Álvarez Blázquez. Ceamos en Samil, con el e con Pilar, a súa dona, e con Darío Álvarez Blázquez, e recordo que foi a primeira vez que cantei o noso Himno en terra galega. Tamén participamos os dous, xunto con Díaz Pardo, Carballo Calero, Ramón Piñeiro e Marino Dónega, o 13 de setembro de 1987, no Museo Carlos Maside, nunha mesa redonda sobre Castelao.

Por outra parte, Valentín prologou o meu libro Encrucilladas, *publicado pola Editorial Galaxia, en 1981. Refírese no seu texto a este val ullán, terra dos seus ancestros.*

Galicia réndelle unha moi merecida homenaxe dedicándolle o Día das Letras Galegas deste ano.

O presente epistolario cruzado, que vai dunha a outra banda do Atlántico, revela unhas inquedanzas que son historia, e uns afáns que teñen como finalidade enxalzar e servir a Galicia, patria de ambos.

XOSÉ NEIRA VILAS
Gres, marzo de 2012

V. PAZ ANDRADE
Abogado
Policarpo Sanz, 22. Tel. 1562
Vigo, 12 ag. 1960

Sr. D. José Neira Vilas
Asunción 3035
Buenos Aires

Meu querido Neira Vilas

Recibin "Dende Lonxe"[1]. E un libro que deixará un ronsel renovador na poesía galega. As composicións estan cheas de verdadeiros achadegos estéticos, e todas responden a un senso de incorporación da lirica as inquedanzas do noso tempo, que nos fai moita falla. Quero felicital-o cordialmente, e darlle os meus sinceiros alentos na loita escomenzada con tanto pul-o como acerto, por Vde. e os rapaces que están na mesma liña de pensamento e de acción.

Quedo moi obrigado a envio e as palabras quentes e xenerosas da adicatoria. E remato estas liñas cheo de espranza en que novos trunfos ô agardan.

Moi cordialmente, sempre seu incondicioalmente.

V. Paz Andrade

[1] Foi o primeiro libro de Neira publicado por "Follas Novas", a editorial que Anisia e mais el fundaron en Buenos Aires en 1957.

VIGO 29 marzal 1961.

Querido Neira Vilas: Moito lle agradezo "Memorias dun neno labrego". Un libro que envolve a un, dende as primeiras paxinas, na onda vivencial con que foi sentido i-escrito. Apartandose da liña tematica tradicioal, coma no caso de "A Esmorga", sorprende pol-a densidade sicoloxica tanto como pol-a beleza expresiva, conquerindo ambos valores con tal autenticidade e frescura que non foron pol-o d-agora superados na nosa producción literaria. Outros amigos que recibiron o libro -como Iglesia Alvariño- comparten estas apreciacións.

Quero felicital-o cordialmente e darlle alento pra manterse na mesma liña de fertilidade e de adiantamento, pois as suas primeiras obras abriron un creto sin lindeiros ao autor, que penso non se esgotará endexamais.[2]

Reciba unha cordial aperta do seu sempre bon amigo,

V. Paz Andrade

***

EDITORIAL FOLLAS NOVAS
Asuncion 3035
Buenos Aires

Bs. As. 30 de maio do 1961

Sr. D.
Valentín Paz Andrade
Vigo

Meu querido e ademirado amigo:

Perdoe a miña aparente falla de atención. Vde. mandoume unha atentisima carta a raiz da pubricacion do meu libro de versos, e agora unha tarxeta postal en resposta ás "Memorias dun neno labrego". Son testemuños

[2] Estas palabras de Valentín foron moi estimulantes para Neira, e en boa medida definiron o seu rumbo de escritor.

que comprometen a ún. Comprométenme e estimulanme na medida en que eu valoro e ademiro a súa múltiple, trascendente e fecunda obra. Os seus eloxiosos párrafos son os dun mestre cordial, comprensivo pra quen escomenza. Por eso digo que, embora, compromete o meu futuro, que no orde espritoal, i-en tódolos ordes, xa non será outro ca servir a miña Terra ó traveso das letras. Que o logre ou non, depende de mín mesmo. Talvez, conte con mais vontade ca talento pero eisixireime todo, e se o que faga representa algo positivo no erguemento espritoal e cultural do noso postergado país, darei por ben cumprido o meu destino. Vde. tivo en boa parte a "culpa". A maravillosa "culpa" de alentar a quen inicia pasos que tanta responsabilidade imprican. -Gracia lle dou, de corazón, polas súas verbas-.

E por oxe, meu estimado amigo, namáis. Dentro de dúas semáns sallo pra Cuba. Radicareime alí coa miña dona (cubán). Escrebireille dende alá. E terá sempre notiza dos meus pasos (ando traballando nunha novela co tema da emigración).

Unha aperta fraterna do seu fidel amigo

Xosé Neira Vilas

***

V. Paz Andrade
Abogado
Policarpo Sanz, 22. Tel. 1562
Vigo

3 de diciembre de 1963

Sr. D. José Neira Vilas
Calle A, núm. 19, Apto. 3,
VEDADO (HABANA) CUBA
pa/es: 472

Meu querido amigo:

Agora son eu o que m-atopo en dibida con Vde. Recibín con ledicia a sua carta do 19 de xulio, despois de levar unha longa ristra de meses

repoñéndome dos moitos estropicios corporaes que recibín en un accidente de carro, como peatón e non como pasaxeiro. No día 23 cúmprense 2 anos d-aquel episodio, que me tuvo en risco de pasar a outra vida.

Agora podo considerar superada aquela páxina moura.

O traballo meu e sempre unha loita pra que compre ter folgos d-abondo. Penso que ainda salvei algúns.

O intre económico da nosa Terra pode ser decisivo. Pol-o menos en orden a-o melloramento material. O outro ven a o propio tempo ou a seguir. Non podo manterme indifrente a un movimento interno do que pode sacar algunha tallada a nosa xente. Facer isto sin entrega e con limpeza non e muy doado, mais e preciso obrar de este xeito.

Con Blanco Amor e con Núñez Bua teño falado bastante de Vde. Os dous acaban de estar varios meses en Galiza. Eduardo publicou un gran libro de contos en galego e unha gran novela en castelán, ésta editada en Barcelona. Voltou a Buenos Aires pra preparar o retorno definitivo, nos primeiros meses do ano entrante. Seoane atópase en Madrid, facendo unha exposición con grán éxito. Fixo outra na Cruña. Tamen reveladora.

Xavier Bóveda[3] morreu alí nos primeiros días de novembro.

N-esta tempada, somente pubrico traballos de tipo económico. Mándolle algún por correo ordinario. Si publica algún sobre Castelao, ou calquer outro tema galego, non deixe de facerme chegar algún exemprar.

Reciba unha cordial aperta do seu sempre von amigo e ademirador,

V. Paz Andrade

***

[3] Xavier Bóveda, poeta ourensán emigrado en Buenos Aires, volveu a Madrid, onde faleceu en 1963.

SR. D. JOSÉ NEIRA VILAS
CALLE Nº 19 Esq. 3ª AP.3
VEDADO
A HABANA (CUBA)

Vigo, nadal 1965

Querido Neira Vilas:

Aproveito pra lle decir algo do modo que ben quixera decirlle, a oportunidade tradicioal das Pascuas. Desexollas cheas de ledicia, e no Ano que está a chamar na porta, moita prosperidade e traballos froitosos, novas xentes do Rodicio e outras que enxoien o noso esforzo cultural. Felicito-o cordialmente e agradezo moitos seus envios impresos, c-unha forte aperta de

V. Paz Andrade

***

V. Paz-Andrade
Abogado
Policarpo Sanz, 22. Tel. 1562
Vigo, 17 Sant Yago 1966.

Sr. don XOSÉ NEIRA VILAS
Calle A num. 19
Aptdo. 3
Vedado
LA HABANA

Meu querido Neira Vilas:

Estóulle escribindo nos intres derradeiros da miña estada eiquí. Deica poucos estaréi voando car-a Buenos Aires. Non quero deixar de dar resposta a sua do 9 de San Xohan, que recibín con retardo. Levo ao noso querido Seoane, tan grande como home e como artista, o recorte do seu artigo, ainda que o teña xa.

Lembróme de terlle escrito cando recibín os libros do P. Rubinos[4], que moito lle agradezo, o mesmo que as revistas que con certa periodicidade me chegan. Por elas vóu seguindo o movimento das letras cubans.

Sempre fico sospeitando que a direición a que lle escribo non sea a certa, e que as cartas non cheguen. A sua non trai enderezo.

Levame de novo ao Plata o Centro Gallego. Daréi aló unha serie de conferencias, duas sobre Valle-Inclán na celebración do seu Centenario. Outras sobre Añon e sobre economia, galega e pesqueira.

Blanco Amor -Eduardo- vive agora na Galiza. (Ourense, Cardeal Quiroga, 24). Anduvo doente do curazón e vai millor. Temos falado de Vde., pois ténlle unha outa estimanza, que ben meresce. Pol-o demais, sei que Piñeiro anda por New York e Celso Emilio por Caracas. Ferreiro con intuito de se afincar aló, segun sospeito.

Con moito agarimo reciba unha forte aperta de

V. Paz Andrade

***

A Habana, 11 de outubro do 1966

Sr. D.
Valentin Paz Andrade
Vigo

Meu querido amigo:

Recibín oportunamente a súa atenta carta do 17 de Santiago. Estiven a pique de contestarlla a Bos Aires (á casa de Seoane), pero tarda tanto en chegar a correspondenza alá que desistín de facelo pensando se xa ó mellor vostede estaba de retorno.

---

4 Xosé Rubinos Ramos (1898-1963), sacerdote xesuíta, foi un fecundo poeta en galego. Na Habana fundou e dirixiu a Academia Gertrudis Gómez de Avellaneda e reanudou o funcionamento da Asociación Iniciadora e Protectora da RAG, institución da que foi nomeado académico de honra.

Aledoume certamente o feito de que fose Vde. outra vez invitado polo Centro Galego pra prestixiar as Xornadas. Amais dos temas de Añón, o Centenario de Valle Inclán, terán sin dúbida intresado moito os temas económicos, pois inda non fai moito (refírome a pouco antes de eu saír, fai cinco anos), se comentaban eloxiosamente as súas confrenzas da vez anterior. Ten vostede virtude de facer craras e amenas as esposiciós, sin deixar de banda, por suposto, a lingoaxe téinica requerida. Gostaríame coñecer as súas impresiós deste segundo viaxe. O esceario está algo cambeado: non hai emigración nova, as ideas están máis polarizadas, a situación política arxentina infruie tamén no ambente galego, etc.

Escribinlle a Eduardo Blanco Amor. Mandeille uns versos. Aínda non tiven del resposta. Estará outra vez amalado? Sentiríao moito. De Celso Emilio tiven carta dende Caracas.

Terei moito gosto en seguir mandándolle algún que outro livro e pubricacións de orde literario ou económico que estime poidan intresarlle.

Sigo no meu traballo do Ministerio de Industrias, ocupándome de convenios de colaboración científico-téinica, e especializándome en Orgaísmos Internacionales. Parellamente fago xornalismo diverso, e escribo sempre (sin présa nin acougo) en galego, o que é pra min un irrenunciábel, pracenteiro e perpetuo deber. Nestes días estou escribindo uns contos pra nenos do tipo dos que aparesceron pubricados recentemente en "Grial". Non sei o que a Vde. lle parecerá deles.

Por Díaz Pardo tiven noticias de Seoane -unha pequena nota, na que me anticipa que me escribirá longo dende Alemaña moi pronto, a onde pensa trasladarse pra logo retornar a Galicia-. Con Isaac sí manteño correspondenza seguido. De quen fai tempo non teño carta é de Dieste.

O meu enderezo é o mesmo de sempre: Calle A, Nº 19 (esquina 3ª) apartamento 3, Vedado Habana Cuba.

E namais polo doxe. Reciba unha aperta fraternal e tensa de

Neira Vilas

***

Habana, 5 de febreiro do 1970
Sr. D. Valentín Paz Andrade
Vigo

Meu querido amigo:

Recibín "Sementeira do vento"[5]. Gracias polo envío, e pola garimosa adicatoria. E gracias tamén (un "gracias" moito máis amplo) polos poemas que nos entrega, de elevada factura, de grande proieición lírica, asentados no máis puro cerne da Galiza i ensamblados cunha lingoaxe rica, atraguinte (alleos, como acontece sempre no seu galego, a esas rebuscas artificiosas dalgúns autores nosos que empregan o idioma "de ouvido", no peor sentido, é decir, de mal ouvido). Un adxetivo, talvez malo de comprender pero pra min definitorio de moitas cousas, que lle acáie é o de refrescante. "Sementeira do vento" é refrescante; algús temas son vellos, pero aquí tórnanse novos, coma no caso dos mariñeiros, do afiador, do canteiro, do mar... Dalle Vde unha dimensión distinta. (E nin falar de "Pranto Matricial", que por suposto, coñecía. Vese que por embaixo (e por derriba) de todas as discipriñas téinicas, científicas, xurídicas e demais que vostede ben domiña, anda sempre o poeta. E poderiamos decir con Unamuno que "quen non vive poéticamente é un tonto". Teño cavilado moito neso. Sin merma de voltar con máis detalle sobor deste poemario quero findar estas poucas palavras coa miña máis sinceira e fonda noraboa.

Logo de longos trafegos puiden botar a andar (e seguirá andando, anque estou eu sóio) a Sección Galega no Instituto de Literatura y Lingüística (diríxeo o prestixioso ensaísta e profesor de estética, José Antonio Portuondo). Vai coa presente un recorte de prensa que se refire ó feito.

A Sección Galega homenaxeou a Castelao, no XX cabodano, así: páxinas centrales de "España Rep." (con textos de X.L. Méndez, o poema de Cabanillas, o seu "Cando ti volvas", unha cronoloxía de Castelao e páxinas de S. en Galiza. /audición especial pola radio, o 11-1-70, na que lin eu en galego "Cando ti volvas", o poema de Cabanillas, páxinas de "Cousas" e de "S. en G."/. Esposición bibliográfica no Instituto dito. E proieitamos montar "Os vellos non deben de namorarse", en castelán (non sei de ningunha tradución, e terei que facela eu).

---

5 Importante poemario de Valentín.

Recibín oportunamente un exemplar de "Industrias Pesqueras", que vostede me mandou. Gracias. Vin a mención de "Mar y Pesca". I.P. até onde eu podo percibir, está moi ben. Estaba mal o enderezo e chegou por casualidade. A correcta é: calle A, Nº 19 apto. 3 Vedado HABANA-4 Cuba.

E namais. Reciba unha forte e fraternal aperta do seu vello amigo

Xose Neira Vilas

Quero engadir: moi emotivo o prólogo de Almeida, e fermosos os dibuxos do impar Laxeiro.

***

V. Paz Andrade
Abogado
Policarpo Sanz, 22. T 211562
Vigo 27/3/70

Sr. don XOSÉ NEIRA VILAS
Calle A, nº 19, apto. 3
Vedado
Habana, 4 (Cuba)

Querido Neira Vilas:

Recibín unha fonda ledicia co-a súa garimosa carta do 5 de febreiro. Miñas angueiras me non deixaron deica hoxe un intre de lecer pra lle dar resposta. Non é sô a me pracer aquelo que as suas liñas teñen de xenerosas, senon a comprensión do intuito que a "Sementeira"[6] mexe, pol-o menos nos miolos do autor.

Ten moito valor que unha voz nova, com-a súa, diga o que dí n-este choio. Primeiro pol-o que ten de comprensiva. Despois por decil-o lonxe da roda veciñal en [que]nos imos movendo eiquí. Algúns temas son vellos, ben-o

6 Paz-Andrade está a referirse ó seu poemario *Sementeira de vento*, publicado en 1968.

sei. Mais non andaban ainda nos termos en que os deixaron Rosalia, Curros, Lamas, Cabanillas, Noriega...? Ogallá que, ademáis de vellos, estuveran moitos d-eles prescritos, sin vixencia social nin poética. Outro galo lle cantara a nosa xente, que ainda sigue penando e fuxindo...

Recibín outra carta tamen de galego radicado mais aló do Atlántico, apuntando ao mesmo branco, ainda que sexa sobre os temas... novos. Os que escomenzaron a ter vida do ano 36 par-a acá. Non deberían ter feito tremer moito mais as cordas das liras galegas da post-desfeita? De que se escomenzara a facer poesía das vivencias do drama na nosa Terra e do que o outro amigo se puxo ledo. Eu xa sei que por este camiño teríamos de ir moito mais lonxe, se houbera folgo e tempo. Eu non pretendín semellante fazaña, mais outros poderian darlle un tento. Esa paxina non pode ficar en branco, ou pouco menos.

Está no prelo, en Madrid, un novo libro meu, "La Marginación de Galicia". Lanza-o "Siglo XXI de España Editores S.A.", filial da de Mexico. E un volume groso no cal de novo trato a problematica socio-economica de Galiza, mais baixo unha ollada penso que mais nova e profunda. Debe sahir no maio, e mandareille un exemprar. Tamén recibirá un novo extraordinario de "Industrias Pesqueras".

Felicito-o cordialmente pol-o gaño constante de prestixio literario que está acadando antre nos, onde non é doado conqueril-o. Recibín os derradeiros libros que confirman ben a xustiza de tal reconocimento.

O supoño enteirado de que morréu en Madrid a viuda de Castelao e D. Manuel Puente en Buenos Aires, o 25 ou 26.

Moitas gracias pol-as suas palabras e unha aperta quecida e estreita do sempre seu

V. Paz Andrade

***

Habana, 10-7-70

Sr. D. Valentín Paz Andrade
Vigo

Meu querido amigo:

Recibín a súa carta do 27-3, que moito me aleda por vir de vostede a quen ademiro pola súa, en máis dun aspeito, fundamental aportacion á causa galega, ó escrarecimento dos problemas galegos dun xeito a un tempo riguroso e valente por unha banda, e pola outra -sin menoscabo da primeira, e viceversa- un sentido decir lírico de gran beleza espresiva, de fondo contido humán e poético. Ratifico o dito de "Sementeira": é un gran libro. Engado: ten vostede razón que os nosos poetas en xeral apenas abordaron os temas da post-desfeita, e que esa "páxina en branco" está a chamar por nós, por todos. Vde. abreu o camiño.

Agardo con gran intrés "La marginación de Galicia". Será un relevante aporte, sin dúbida. Vivimos un intre histórico que compre aproveitar pra ver se arrincamos a Galicia do marasmo en que, relativamente, se atopa. É a hora precisa. "La marginación..." (e sobor todo proieitada dende Siglo XXI, esto tamén ten importancia) crarificará moitas cousas, porá o dedo, seguramente, en moitas chagas.

Chegoume o eistraordinario "Ind. Pesqueras" e tamén o Nº que, cunha carta moi garimosa, me manda o seu fillo -a quen resposto- cun artigo sobre a pesca en Cuba.

Polo doxe namais. Miña noraboa sinceira por toda a súa laboura, realmente de trascendencia. Reciba unha aperta tensa, fraterna de seu

Xosé Neira Vilas

***

Habana, 5 de marzal do 1971

Sr. D. Valentín Paz Andrade
Vigo

Meu querido amigo:

Fai unhas tres semáns recibín o seu formidable libro "La marginación de Galicia". Un libro fundamental, decisivo, que amplía e pon ó día aquel estupendo editado en Bs.As., concrusión das súas conferencias as que asistín, "Galicia como tarea". En boa hora temos de felicitarnos os galegos de oxe por contar con aportes tan relevantes ó estudo da nosa realidade socioeconómica. Vivimos un intre histórico, de recramo dos nosos incuestionabres dereitos, de protesta razonada, de eisixencia diante dos que nos marxinan, do centralismo absorbente. Mais un recramo de desenrolo -no máis amplo sentido- un "poñer o dedo na chaga", debe ser centíficamente documentado. Tal é o que fai vostede, co rigor máis eisixente e decamiño cun lingoaxe craro, fluído, preciso.

Eu non desboto -e non soamente por adicarme modestamente a ela- a nosa literatura de ficción. A afirmación nacional galega percisa tamén, poisque responde ó esprito, á persoalidade do noso povo, de poemas e narraciós, etc. Pero qué orfos estabamos de estudos deste caráiter!

Pra min, que vivo día a día (talvez idealizándoa un tanto debido á ausencia tan delongada) a problemática galega, cunha emoción e, si se quere, cun delor propios dos desterrados fideles e apaixoados, esta obra é un caodal inagotabre; algo que podo escomenzar por calquera beira, abrir o libro en calquera páxina e sempre atoparei ensinanzas, documentos, testemuñas de contido trascendente, de enorme interés.

Pormenorizar sobor de cada capítulo, como eu vexo cada aspeito, cánto adeprendo neles, etc. sería de nunca acabar e quedaríame curto. Tódolos temas e o seu respeitivo tratamento son tan vitales que (sin facernos demasiadas ilusións, polo menos mentras non cambeen as estroituras do estado) hai un diagnóstico de cada problema galego abordado que debera ser revulsivo no centro pra que se tomen medidas rápidas i en serio. Tal cousa non acontecerá dese xeito ideal pero cando menos aí está ese documento acusador, denunciador dunha realidade que se non pode soslaiar. Un dos capítulos que, por razós vocacionales (anque vocación é Galicia toda) me atrai particularmente é o da marxinación da lingoa. Os novos enfoques pranteados por vostede son intresantísimos; os

novos xeitos de enfiar o problema (sin refugar o pasado pero vendo as cousas dunha maneira aitual, histórica, cara ó futuro de Galicia e de España, etc.) son non somente novedosos senón tamén indiscutibles, rotundos.

Qué máis podo decir? Queda tanto... Agradecer a vostede este singular aporte. Felicitalo polo seu eistraordinario acerto, polo esforzo desta tarefa. (E agradecerlle tamén a cordial adicatoria, que moito aprecio).

Engado que cuase na mesma data, amais do seu exemplar chegoume outro enviado por un rapaz da Cruña, estudante de Economía. O exemplar do rapaz pasou xa á Sección Galega do Instituto de Literatura.

Gracias por todo, amigo benquerido. Reciba unha tensa aperta

Xosé Neira Vilas

***

Vigo 25 marzal 1971.

Querido Neira Vilas:

Moitas gracias pol-a sua querendosa carta. Nin o libro[7] nin o autor son merecentes de canto lle inspiraron a súa xenerosidade. Folgome de atopar par-o meu pequeno esforzo unha concencia tan sintonizada co-a hora da Terra e do mundo como é a sua, e mais por vír d-un home da nova rolada intelectual galega, na que os andados en anos e doores poñemos a mais acesa espranza.

Estóu a convalecer d-unha grave doencia que sufrín pouco despois de sahir o libro. Non deixóu de me confortar que Galiza responda ao que pudo ser meu testamento esgotando ou pouco menos en tres ou catro meses a edición. Quere-se decir que o pobo vaise dando conta do noso caso e da sus clinica, que eu pretendín poñer en formulas a mao pra todos. Xa se decataría que pol-a necesidade de impresioar os focos de onde a marxiación emerxe houbo de ser escrito no idioma que eles entenden.

Mandolle un fasciculo con outro traballo meu sobre o mesmo tema. Outra volta moitas gracias c-unha longa e quente aperta do seu sempre incondicioal amigo,

V. Paz Andrade

---

7 Os comentarios desta carta refírense a *La marginación de Galicia.*

Habana, 12 de novembro do 1971

A Valentín Paz Andrade
Vigo

Meu querido amigo:

En fermosa edición e garimosamente adicado, chegoume o texto da súa conferencia "El capital como factor de desarrollo en Galicia". Moitas gracias.

Leín con intrés (como leio todo o seu, sexa cencia ou ficción literaria) este singular traballo. Non son quen pra calibrar a fondo os temas económicos, pero percibo os enfoques seus cara a Galicia, os que alumea con mostras incuestionables das causas do noso subdesenrolo. Por outra banda, o seu estilo, a súa prosa (tanto como o seu verso) ten un engado tal que até os temas máis áridos pra os non iniciados resultan amenos, o que se debe precisamente a que sin deixar fóra nin chisco de rigor, é vostede un poeta esencialmente.

Felicítoo por este novo traballo. Galicia débelle moito a vostede e agarda que continúe por moitos anos ese trafegar fecundo.

Reciba unha forte aperta de

Xosé Neira Vilas

déalle meus cordiales saúdos ó seu fillo.

***

Madrid, 13-11-72

Sr. D. Valentín Paz Andrade
Vigo

Meu querido amigo:

Somentes duas palabras. Vin a Galicia. Andivemos por ahi arredor dun mes, cun programa por demais apretado. O tempo foi insuficiente pra falar con canta xente quixeramos. Estaba en primeiro lugar a miña familia: meus pais, meus irmaos, aos que non vexo dende fai algo mais de 23 años.

En Vigo estiven dous días. Estíveno chamando a vostede. Non contestaba ninguen. Logo dixéronme que Vde. estaba -algo amalado- nas aforas da cidade. Lamentei non poder velo, e mais lamento ainda a sua doenza, da que lle agoiro moi sinceiramente o mais pronto restablecemento.

E namais. Dentro de cinco dias regresamos a Cuba (a mi[ña] esposa i eu).

Que se mellore axiña.

Reciba unha forte, fraterna aperta de seu sempre amigo

Xosé Neira Vilas

***

Vigo, 23 de noviembre de 1972.

V. Paz Andrade
Abogado
Policarpo Sanz, 22. Tº 211562
Vigo
pa/fr.

Sr. Don
JOSE NEIRA VILAS
Escritor
calle A, núm. 19-Ap. 3
VEDADO-LA HABANA-CUBA

Meu querido Neira Vilas:

Dou resposta a sua amabel carta, mandada dende Madrid, xa no camiño de retorno. Conocera a boa nova da viaxe que fixo, co-a sua dona, a nosa Terra, cando andaba por terras de Lugo. Unha leitura de "La Voz de Galicia" proporcioarame tal conocimento, co-a espranza de poder darlle unha aperta en Vigo.

As cousas torceronse, escontra do seu e do meu mais vivo desexo. Ainda que non estou decheo reposto da doencia que sufrín no vrao de 1970, veño ao meu estudo profesioal todal-as mañáns. O teléfono do meu fogar

en Vigo, pudo non dar resposta, pois ainda estou morando na miña casa de Pousa Nova do Mar, en Samil, onde ainda non hai telefono. Agora ben, o teléfono do estudo onde escribo sempre funcionóu.

A miña casa da praia, onde contabamos tel-os algún dia pra xantar, está a dez minutos do centro da cibdade. Somentes os dous derradeiros do mes de octubro fixen unha saida a Valdeorras, terra da miña muller, mais penso que vostede debéu estar en Vigo denantes.

Sinto moito a falla d-información que orixinou o noso desencontro persoal. Xa será dificil que a vida nos devolva unha oportunidade semellante. De todol-os xeitos, vostede ben sabe con canto intrés vou seguindo a maduración da sua obra, tan ennobrecedora xa das letras galegas.

Xa que non me foi doado facel-o persoalmente, reciba a miña embora mais cordial pol-os seus repetidos trunfos literarios.

E tamen unha cordial aperta do seu sempre devoto amigo,

V. Paz Andrade

***

Gres, 29-10-76

Sr. D. Valentín Paz Andrade
Vigo

Meu querido amigo: Estou en terra galega, cheguei fai catro dias, coa miña muller. Ficaremos case todo o tempo en Gres, con miña nai velliña.

Se fose a Vigo espero que nos vexamos. E se non poidera ser sepa que o lembro con agarimo ó atoparme de novo no meu recanto galego.

Unha forte aperta

Xosé Neira Vilas

Xosé Neira Vilas
Bandeira-Gres
Pontevedra

Vigo, 2, XI, 76.

PAZ-ANDRADE

Querido Neira Vilas:

Recibo con fonda ledicia as liñas escritas en Grés -terra do meu abó, que era Brandomés-. Fólgome moito d-este reencontro coa Terra, e agardo que da montana se estenda a Ribeira. Os amigos de Vigo teremos todos moito intrés en vivir algunhas horas de contacto, despois de tantos anos de arredamento.

Non teño pensado sahir de Vigo -salvo algunha escapada a Pontevedra ou Sant Yago- na semana que corre e na vindeira. Os meus telefonos son 211562 pol-as mañans, no meu estudo profesioal en Vigo - e 298944-, na praia de Samil, onde estóu morando ainda no outono. En calquera dos dous celebraréi recibir a vosa chamada.

Meus votos porque a velliña teña mais anos e ledicias a contar, e miñas boasvindas a Terra para o casal, con cordias apertas

Valentín.

***

Gres, 5/11/76

Sr. D. Valentín Paz Andrade
Vigo

Meu querido amigo:

Acabo de recibir a esquela de Vde. Gracias polas suas palabras. Non sabia en que estivese Vde. vencellado -a traveso dos seus antergos- a esta comarca.

Gracias tamén polos agoiros respecto da saúde de miña nai. A saúde dela non anda ben.

Irei a Vigo, somente unhas horas. Irei e voltarei no dia. Será o LUNS 15-11. Firmarei libros nunha librería e falarei sob *a emigración galega a Cuba, no Círculo Mercantil.* (Esto coido será as 8 da tarde). Gostaríame velo nalgun

dos dous lugares. E poder saudalo. Talvez non dispoña de tempo pra mais, moi a meu pesar.

E namais, querido amigo

Reciba unha tensa aperta de seu

Xosé Neira Vilas

***

Habana, 21 de febrero do 1977

Sr. D. Valentín Paz Andrade
Vigo

Meu querido amigo:

Teño diante a tarxeta que me mandou vostede a Gres, en resposta á miña nota de chegada á Terra, á beira dos meus (por certo que celebro esa proisimidade do meu recanto ó dos seus antergos; Brandomés está pertiño de onde eu nacín; conozo todos os seus logares e andiven de neno por entre os castiñeiros que alí abundaban). E teño presente o noso encontro –breve pero intenso en Vigo. O noso reencontro, realmente, si ben o de Buenos Aires non foi maduro e entrañable coma este. Daquela eu era un mozote emigrado, tímido, que me entusiasmei coas suas conferencias, que me entusiasmaría logo co seu "Mocedades Galeguistas". Este encontro viña madurecido por unha relación epistolar afectiva, e, no meu caso, polo desexo de falar co poeta e co economista e co tratadista da nosa marxinación, e co home que estivo sempre de cara a Galicia e non precisamente ollándoa contemplativo senón situando.

O encontro, pois, do 15 de novembro, permiteunos, anque fose en pouco máis que uns minutos –foi un día de moito trafego- alternar, decir algunhas cousas de xeito mutuo, en fin, tratarnos. Lembro a presencia de vostede no círculo mercantil, presidindo a miña modesta charla, a sua presencia á miña beira na praia viguesa naquela entrañable cea, e as súas palabras de amistade e estímulo grande. Pra min era moito todo eso; eu son somente un labrego que andivo algo de mundo, que adequireu unhos conocementos, unhas esperencias -ás veces a puro cobadazo- e que se lle deu

por fabular, por levar ó papel algunhas inquedanzas que o aburan. Namais. Que ama a Galicia de por vida, eso sí, pero eso non di nada, é o natural, como acontece coa nai, en fin... Namais, repito. E sentinme tan louvado e agasallado de certo que convirte o esprito nunha ampla fazula colorada.

Sei das vellas loitas de vostede, da sua invariable militancia galeguista (no seu máis amplo sentido) e alédame velo aitivo, batallador, lúcido, vital, sin importar de anos máis ou anos menos. Esto é formidable. Agora mesmo vexo o seu nome nos xornaes de eiquí algunhas veces arredor das negociaciós presentes de cara ó futuro, ó mañán democrático que terá de vir pra que a convivencia sexa unha realidade entre os homes desa encerellada "pel de touro". E alédame certamente esa sua presencia porque é garantía de boa xestión, de siso, de bo camiño.

Eu, aquí sigo, no meu trafego cotidiano, atendendo a Sección Gallega do Instituto de Literatura e Linguística, escribindo sempre algo en galego y vivindo a realidade ascendente desta esperencia cubana que é exemplar en máis dun sentido pra os povos hispánicos.

Anisia sigueu ben dempois daquelas doenzas orixinadas no cambio de clima. Aquí detectáronlle deseguida unha sinusitis, que foi batida por uns millóns de unidades de penicilina.

E namais por esta vez, amigo. Saúdos á súa esposa (e ó seu fillo, anque non cheguei a tratalo persoalmente), saúdos de Anisia, e unha aperta forte, fraterna de

Xosé Neira Vilas

***

Habana, 14 de xulio do 1977

Sr. D. Valentín Paz Andrade
Vigo

Meu querido amigo,

escribinlle meses atrás, a pouco do noso retorno a Cuba. O encontro persoal con vostede, naquela intensa xornada viguesa, foi curto pero entrañable.

De ben antes sabiamos de vostede e do seu trascendente quefacer por Galicia. E inda resoan no meu esprito aquelas conferencias de Buenos Aires, como resoan as suas verbas de amistade e latexa a sua presencia no Círculo Mercantil e no restaurante da praia viguesa, de novembre pasado. Mália que todo foi moi efímero pola limitación do meu tempo, pero foi compensado con intensidade fraternal, presente arreo nos que temos a Galicia como meta dos nosos múltiples anceos e espranzas. Verémonos pra outra vez con máis vagar.

Agora quero felicitalo sincera e fervorosamente. Soupen que vostede ten sido elexido senador pra esta nova xeira histórica e estóu certo de que desempeñará un papel fecundo a prol do destino do noso "marxinado país galego" (as entrecomiñas van porque aludo ó seu estupendo libro de Siglo XXI). Nosa máis fraterna noraboa e o agoiro de grandes éisitos na nova xestión que Galicia lle encomenda. O seu servicio ven dende sempre, desde a época de "Galicia", ben o sei, e fólgome de que entre todas as andainas suas de caraiter patriótico teña tido sempre moi presente a importancia do xornalismo; coincide neso con José Marti, quen decia que "todos los movimientos corren, avanzan sobre ruedas de papel". Eu ben sei tamen que anda a rolar por Galicia un novo proieito de periódico (tenme falado delo o meu vello e gran amigo Díaz Pardo) e sería moi importante que tal plan fose adiante, pese á envergadura de toda caste que tal empresa supón. E maxino que vostede non é alleo a tal loable iniciativa.

En fin, meu amigo, saúde e forzas pra este novo andar democrático é canto lle desexamos como amigos e como galegos.

Saúdos a súa esposa. Saúdos de Anisia. Unha aperta tensa, forte, de seu amigo

Xosé Neira Vilas

calle A, nº 19 apto. 3
Vedado HABANA-Cuba
Tf. 30-3876
70-7902
saúdos tamen o seu fillo, anque non o vimos nesta ocasión.

¿Vostede recibe "Mar y Pesca", de Cuba? Teño pubricado varios traballos nela sobor do folklore galego no mar. Recentemente (en doble versión) pubriquei "30 refráns galegos sobre da sardiña".

Vigo, 3 de setembre de 1977.

V. Paz-Andrade
Abogado
Policarpo Sanz, 22. Tº 211562
Vigo
pa/fr

Sr. Don
XOSE NEIRA VILAS
c/ A núm. 19-Aptº 3
VEDADO-HABANA-CUBA

Lembrado e benquerido Neira Vilas:

Debería escomenzar con un acto de contricción. No mes de Marzal recibín a carta do 21 de febreiro, que estuvo repousando pra contestala con vagar, tempo de mais. Eu andaba d-aquela atafegado como membro da Comisión Negociadora da Oposición co Goberno, en ir e vir a Madrid constante. Despois entramos na campaña electoral, moito mais devoradora ainda do tempo debido aos amigos. E ainda mais aos amigos lonxanos na distancia, e pertiño de nos na lembranza.

Chegóu despois a carta do 14 de Sant Yago, tempo xa envolto n-outras andromenas, tamen disipadoras do lecer fecundo que un debe aos demais. Todo éste esforzo está na liña estricta, de loita tesa e constante, que lembras na primeira carta e relembras na segunda. Eu ben me podería acoller ao pasado, a liña que n-el sostuven denantes e durante o coarentenario mouro, e ficar ao marxe da nova loita. Cavilei que si agora ficaba na casa e renunciaba a loita, Galiza podría ter un soldado menos nas trincheiras do noso porvir, como Terra a liberar d-un asoballamento milenario. Os acontecimentos viñeron a me dar a razón, cando eu hubera desexado moito mais que non fora así. Que nos sobraban homes con capacidade de trunfo electoral, pra montar a vangarda galega no Parlamento Español.

Outro dia falaremos de libros. Teño entre maos, dous pra próximo lanzamento. Os dous en galego. Un de poemas[8] con predominio de 9 ou 10 que responden a temática da guerra civil española, sufrida dende Galiza. Tamén levará, entre outros poemas 6 ou 7 romances con temática da serra galega. Levará ainda un poema longo a morte de Otero Pedrayo[9]. O outro libro versará sobre a galecidade na obra de Guimarães Rosa[10]. Téñoo rematado xa hai tempo, mais agardaba os trámites pra o ingreso na Academia Galega que quero facer a base d-unha parte do texto. Agardo que éstos dous libros podrán sahir axiña. Pra outros, tamen matinados e bastante adiantados, o tempo dirá si poden cobrar realidade editorial.

A Revista "Mar y Pesca", recíbese con discontinuidade en troque da nosa "Industrias Pesqueras", que eu dirixo. Chéganos moi irregularmente. Non me lembro de ter visto os números coa firma de Neira Vilas[11], e teño moita cobiza de os recibir si se pudera. En materia de refráns, fonte tan fecunda, lévase feito algo, pero a mellor colección ordeada pol-o crego lugués a quén sucederéi na Academia -mais de 10.000-, ainda fica inédita.

Pra remate, querido Neira Vilas, moitas gracias pol-a felicitación ao novo Senador[12], que con investidura ou sin ela, será sempre brazo e miolo entregues a defensa da nosa Terra.

Estou xa de primeiras implicado no proieuto posto en andamento por Diaz Pardo pra lanzar un novo xornal en Galiza. Levaría éste nome,

---

8 *Cen chaves de sombra* (1979), onde se presenta como sección, co título "Agora eres canzón", unha longa composición dedicada a Otero Pedrayo dividida en 8 poemas de doce versos cada un.

9 *Cartafol de homenaxe a Otero Pedrayo.* Publicado pola Fundación Otero Pedrayo en 1986, presentaba nunha fermosa carpeta o longo poema ó que nos referiamos na nota anterior.

10 *A galecidade na obra de Guimarães Rosa* (Edicións do Castro, 1978).

11 Trátase das colaboracións de Neira na revista *Mar y Pesca*, sobre cuestións relacionadas co mar galego, incluindo coplas populares e refráns (por exemplo, "30 refranes gallegos sobre la sardina", todo en versión bilingüe).

12 Trátase de Francisco Vázquez Saco (1897-1962), que en 1951 presentou a un premio convocado pola editorial Bibliófilos Gallegos unha colección de 11.000 refráns. O premio ficou deserto, pero Vázquez Saco continuou recollendo material e deixando á súa morte case 23.000 refráns, que serían publicados en 2003 polo CILLRP no número 5 dos *Cadernos de Fraseoloxía Galega.*

en lembranza do que eu dirixín[13] do brazo de Castelao. Estamos ainda nos primeiros pasos d-unha empresa que eixixe un esforzo e un clima dificilmente conqueribles pol-a vontade do grupo fundador.

E nada mais, querido Neira Vilas. Pilar e Alfonso síntense ledos enviando ao autor das "Memorias d-un neno labrego", e a sua Anisia, as apertas mais cordiaes, coas miñas mais enteiras e verdadeiras,

V. Paz Andrade

Policarpo Sanz, 22-2º dcha- Vigo.

***

Habana, 19 de agosto do 1978

Sr. D. Valentín Paz Andrade
Compostela, 6
Vigo

Meu querido amigo:

Coma sempre, o noso recente viaxe a Galicia foi de corre-corre, como decimos en Cuba. Vintetantos dias, que non chegan a nada. Entre a familia, amigos e veciños da infancia, recorrido dos vellos camiños, dos vellos logares tan entrañables por seren os da nenez, do pé curto e inocente; certas obrigas púbricas (dei unha conferencia en Santiago, outra na Estrada e tiven un encontro con 400 nenos dun grupo escolar das Cruces, amáis da presentación na libreria Curros Enriquez, en Vigo, do meu "ciclo do neno"...) o tempo foise coma auga nun cribo.

Quixera ter estado con vostede, conversar, pulsar o presente político de Galicia, falar da nova institucionalización do Estado, da sua eficacia ou de carencia dela (quero decir "sua" a dese novo Estado ou Estado anovado,

13 Paz-Andrade dirixía *Galicia. Diario de Vigo* ata a súa desaparición en 1926, aínda que en 1924 xa se convertera en propietario da cabeceira. O proxecto de Díaz Pardo non chegaría a materializarse.

democrático), e da incidencia da voz de vostede, da voz galega no Senado. Quixera ir a unha das sesións, á que vostede me invitóu por teléfono, mais cando chegamos a Madrid foi pra seguir viaxe ó dia seguinte e non houbo tempo pra nada, siquera pra saudalo no hotel nin eso. Pacencia. De todas maneiras pese a atomización de partidos, á confusión, ós lamentables enfrentamentos de clan -nun intre en que as forzas políticas de Galicia deberan estar unidas percurando siquera aqueles catro ou cinco puntos en que coincidan- a situación é positiva en xeral, logo de tantos anos de escuridade e de falar en voz baixa, e de riscos e clandestinidades até pra as cousas máis "inofensivas". Algo é algo, e o futuro será o que diga cánto se pode avantar. A Dirección actual da Xunta de Galicia, por todo o que puiden percibir, é lamentable. Esperemos que sea de certo "provisional" e que as cousas se vaian endereitando.

Ando a voltas con un libro, pra min moi querido. Levo un ano entrevistando a pescadores galegos retirados, que foron os que mantiveron a pesca da cherna no Golfo de México (con base de pesca en Cuba). Homes que foron mestres de pescas pra as novas xeneracións de pescadores cubanos. Homes de loita nos sindicados de viveiritas primeiro e con outros nomes logo; que falaron galego sempre e en galego incruso se comunicaban por radio Golfo adiante; homes semianalfabetos algúns que chegaron a patróns eficientes, respetados. Case todos de Ares, Pontedeume, Sada, Piñeiro, Caamouco, Limodre... Diaz Pardo vai pubricar este libro cando esté termiñado (dentro de dous meses, pouco máis ou menos, termiñareino). E quixera que como se trata de homes de mar, de galegos emigrantes que dende os trece ou catorce anos de edade andan entre ciclóns e mareas, etc. quixera digo, que este libro leve un prólogo ou introducción (sin límite de estensión) de vostede. ¿Pode ser? Nese caso mandaríalle cando estea, unha copia do libro.

¿Cómo van os seus traballos literarios? ¡Importantísimo o que prepara sobre Guimarães Rosa! Téñame ó tanto.

Espero noticias de vostede. Saúdos garimosos de Anisia. Saúdos á sua muller, e ó fillo de vostedes (anque non cheguei a conocelo).

Pra vostede a aperta sempre fraterna e cordial de

Xosé Neira Vilas

calle A, nº 19 apto. 3
Vedado LA HABANA-4 Cuba

Vigo, 9 de Outono de 1978.

V. Paz Andrade
Abogado
Policarpo Sanz, 22. Tº 211562
Vigo
pa/fr.

Sr. Don
XOSE NEIRA VILAS
Escritor
Calle A, núm. 15 -Ap.to.3
Vedado
LA HABANA-4-CUBA

Querido Neira Vilas:

Con moita demora chegóu a sua garimosa carta do 19 de agosto. Supoño que aos poucos dias de a ter escrito recibiría, mandado pol-a Editorial do Castro, o meu libro sobre *A Galecidade na Obra de Guimarães Rosa.* Eu adiquéi o exemprar correspondente aos poucos dias de sahir a rua. Agora, a mesma editora, ten para dar ao prelo, outro libro meu de poemas, *Cen chaves de sombra.*

Sentín moito que sua recente recalada na Terra fose tan fuxidia. Sería pra min de grande contentamento e utilidade, soster algunha conversa a fondo, con unha mentalidade tan transparente como a sua, sobre o trance histórico que a nosa Terra está a vivir. Histórico e dramático a un tempo, por se ter posto de manifesto novamente que os homes non deron a talla eisixida pol-a circunstancia. Para min o poder central, ainda que agora se barnice con brilos democráticos, obróu de novo autoritariamente ao impor a Galicia, como primeira estructura do futuro autogoberno, nomes luxados nas piores servidumes a Dictadura. Por semellante aldraxe Galicia non debéu pasar en ningún caso. A tristura mais fonda que semellante feito produz, ven da invidencia dos partidos da esquerda. que consentiron semellante fraude a democracia e aos mais nobres ideaes da Nosa Terra.

Así nos vemos asistindo a un forcexeo inútil para prestixiar unha Xunta, que se move no valeiro, ao non ter espertado no pais a mais cativa

dosis de credibilidade. A nosa historia sigue sendo unha cadea de frustracións. A de agora de verdadeira vergoña.

Acabo de recibir a edición portuguesa de *Memorias de un pequeno camponês*[14]. Bela factura a do livro. Moito celebro que a sua pluma e a miña, teñan coincidido n-este intre en pasar a mesma ponte literaria. A da comunidade idiomática galego-lusiada, que deberá ser moito mais transitada pol-os nosos escritores. Reciba minha felicitación mais cordial, posto que a edición portuguesa representa un trunfo ben gañado, e cheo de promisorias connotacións.

Mándolle a mais cordial aperta do seu sempre devoto ademirador e amigo,

V. Paz Andrade

P.D. Esquecinme decirlle que con moito gusto farei o prólogo pra o libro que me anuncia[15]. Non sei si son a pluma axeitada para tal encomenda. Intentareino con moito pracer.

***

Habana, 9-11-78

Querido amigo Paz Andrade:

Chégame a sua carta do 9-10. Gracias polas garimosas palabras que nela se adica. Gracias por esa información sobre a situación política galega e a desdita de termos tan mala estrela neste comenzo autonómico. Ogallá que non perdure, pero é mal síntoma (eu son un chisco supersticioso) que unha cousa comence mancada así. Eu vexo, ademáis, unha grande división nos partidos da esquerda. Eso é lamentable. Case suicida. Porque non é soio que

---

14 Tradución de José Viale Moutinho, apareceu na lisboeta editorial Forja en 1977.

15 Trátase de *Galegos no Golfo de* México, que na derradeira non chegou a facer porque Neira cambiou de plan. Paz-Andrade prologaría máis tarde *Encrucilladas*, editado por Galaxia en 1980 e onde se incluían os tres títulos que foran publicados con anterioridade pola editorial: *Xente no rodicio, Camiño bretemoso* e *A muller de ferro.*

esistan moitos -tal vez eso non sexa tan grave- senón que están, polo que me pareceu notar, enfrentados uns ós outros. Hai, paréceme, unha verdadeira "guerra civil" entre forzas que deberan, sin merma de pensaren con matices distintos, unirse na hora de crear o futuro de Galicia. Aparentemente non ocurre así. Eso trai confusión no povo, e manca moitas posibilidades que pertenecen ó futuro dese mesmo povo. É triste tal minifundio. E é triste que vaiamos ó rabo de Catalunya e de Euzkadi, evidentemente nun chanzo moito máis alto que Galicia na etapa denanterior e nesta, onde era de prever unha meirande madureza. A nivel individual hai homes (e mulleres) estraordinarios en Galicia. A nivel de partidos, penso que dentro de algúns deles hai verdadeiro patriotismo e desexo de ir pra diante, no máis amplo sentido, pero chocan diante da presencia de outros partidos. Faláballe dos pescadores do Golfo, galegos, de vinte, trinta e corenta anos atrás. Nunha ocasión (ocasión de varios anos) eran moi fortes as tendencias anarcos e comunistas, verdadeiramente enfrentados. Pero cando se trataba dunha folga, dun enfrentamento de crase *sempre* estiveron xuntos, sempre unidos. Esto deberia servir de exemplo inda hoxe pra certos grupos e partidos da Galicia territorial. Quixera non ser inxusto e por eso non aludo a ninguén en concreto, a ningunha organización; é hastra pode ser que estea trabucado, pero así me pareceu ver o panorama no 76 e no 78, en fugaces visitas a Galicia.

Agardo con moito intrés o libro sobre Guimarães Rosa. Xa llo anunciei e alguns amigos, ademiradores do gran narrador e lingüista brasileiro. Tamén espero "Cen chaves de sombra", tíduo moi suxerente e que nos dará nova dimensión da sua lírica inconfundible.

A min tamén me aleda que nos "crucemos" en portugués, anque no meu caso trátase simplemente da tradución do meu "Memorias..." É algo. O mundo luso brasileiro intrésalle a vostede e a min tamén me atrae moito. En Galicia parece que a moita xente, metida en si mesmo, non lle intresa maormente. Non lle chama a atención esa proieición da nosa lingoa e do noso esprito. En fin, pode ser que hai moito que facer "na casa". Non o nego. O lamentable é que fose nugalla ou miopía.

Gracias Valentin por estar disposto a poñer unhas palabras no meu libro-reportaxe sobre os galegos pescadores da cherna. Moitas gracias. Pero variei algo o plan e xa non será necesario. Decidín que debe levar un prólogo espricativo meu onde detalle algo o porque do traballo, o que une a estes

emigrantes, qué é historicamente Casa Blanca, etc. Libéroo, pois deste trafego, e volto a agradecerllo, pois pra min tivera sido moi honroso.

E namais. Apertas fortes do seu amigo

Xosé Neira Vilas

***

Habana, 3 de abril de 1979

A Valentín Paz Andrade
Vigo

Meu querido amigo:

Escribinlle dias atrás. Mandeille unha carta que me entregóu, dirixida a min e referida ó seu mañífico libro sobre Guimarães Rosa, o intelectual brasileño Helio Dutra. Pero Dutra escribeulle tamén unha carta a vostede. Amostróuma e quedamos en que eu mesmo lla mandaría. Deume unha copia, que lle envio a Diaz Pardo como editor.

Namais por hoxe. Reciba unha forte aperta do seu ademirador e amigo

Xosé Neira Vilas

Penso que sería ben que a carta de Helio se pubricase, por exemplo en Grial.

***

Habana, 4 de abril do 1979

A Valentín Paz-Andrade
Vigo

Meu querido amigo:

Escribínlle dias atrás, a propósito do seu formidable libro sobre Guimarães Rosa.

Agora vai este breve pero afervoado saúdo polos seus oitenta anos. Oitenta fecundos anos. Oitenta anos de servicio a Galicia. Oitenta que non son máis que duas veces corenta e que non son nada tendo en conta a sua lucidez, a sua vitalidade. O seu continuo e acertado facer. Vaia por elo a miña noraboa máis sincera. O meu agoiro de longa vida e longo andar intelectual de cara ó noso país-"problema", país-"marxinación".

Dende esta Cuba alerta, cuba outimista, Cuba creadora (na que moitos apelidos galegos protagonizan o seu noviño andar) vaia pra vostede o meu saúdo cordial, a miña aperta fraterna, co desexo de boandanza e saúde e co pensamento posto sempre na Terra Galega.

Seu devoto amigo

Xosé Neira Vilas

***

Habana, 26-4-79

Sr. D. Valentin Paz Andrade
Vigo

Meu querido amigo: Acabo de recibir a sua carta do 30-3. Acabo de percurar o texto do poema galego de Valle Inclán, e acabo de atopalo. Tivemos sorte. De *Labor Gallega* non hai máis que os exemplares que eu teño, que son catro por todo. Estaba seguro que sóio un golpe de sorte podería posibilitar que atopase ese texto. E esa sorte tivémola. Nefecto, pubricóuse este único poema galego de Valle en LABOR GALLEGA, no núm. de marzo de 1916.

Fixen unha fotocopia do mesmo e vai coa presente. Chegarálle axiña, pois poñeráno ahí en correos. Alégrame de veras desta referencia cubana no seu "La anunciación..."

Escribínlle non hai moito. Agora recordo que foi a Compostela 6. Mandeille unha carta do brasileiro Helio Dutra, a propósito do seu formidable "A galecidade...". Espero chegase (pese ó enderezo) ó seu poder.

Namais por hoxe. Repito: alédame de veras poder colaborar con vostede nesto de V. Inclán. Sempre ó seu dispor.

Reciba unha forte aperta de

Xosé Neira Vilas

***

Vigo, 5 de Maio de 1979.

V. Paz Andrade
Abogado
Policarpo Sanz, 22. Tº 211562
Vigo
pa/fr.

Sr. Don
XOSE NEIRA VILAS
Escritor
Calle A, núm. 19, Ap. 3
VEDADO - LA HABANA (CUBA)

Querido Neira Vilas:

Recibín pol-o mesmo correio, as suas garimosas cartas do 3 eo 4 de abril. Non recibín, en troques, a epístola anterior, na que ao parecer falaba do meu libro, *A Galecidade na obra de Guimarães Rosa.* Sospeito que a pérda debese a ter dirixido a carta, sen constancia do remitente no sobre, a Compostela 6-2º, onde xa non moro, ainda que a correspondencia e recollida a miudo. Agora estóu con permanencia en Samil, mais a correspondencia vai mellor dirixida ao meu estudo profesioal de Vigo, *Policarpo Sanz 22-2º*, a onde acudo todal-as mañáns.

Gostaríame moito ter a sua impresión do libro, si ben xa trasluce nas outras cartas unha gabanza super xenerosa. Se conserva copia fagame a fineza de repetir o envio.

Fico venturosamente sorprendido pol-a carta do critico brasileiro Helio Dutra[16]. Recibina no mesmo correio e non sei como lle mostrar a miña gratitude e a miña ledicia. Mais que carta e un pequeno ensaio, agudo, penetrante e maduro. Teño recibido sobre o libro outros testemuños da intelectualidade brasileira, aparte o de Paulo Ronai. Un de Renard Peres -fillo de galego- de gran calidade e acerto. Outro de Martins, publicado en Sao Paulo. Outros de Vicente e Vilma Guimarães, de José Montello... Mais o de Dutra chega ao cerne, sendo tamben o mais amantio que se escribíu sobre o libro. Cecais con a salvedade do último traballo que fixo Lorenzo Varela, e se publicóu en "El Pais"[17] de Madrid.

Eu vou a escribir axiña a tan magnanimo padriño. Anticipelle a miña gratitude.

Teño na editorial de Ramón Akal unha nova edición -moi ampliada- de "La Anunciación de Valle-Inclán". A primeira publicárase en Buenos Aires, por Gonzalo Losada, en 1967. Para documentar a *Cantiga de Vellas*[18], publicada ao que semella por primeira vez na Habana, escribinlle o 30 de marzal outra carta. Supoño que tamben sufríu extravio. Mandolle copia. E non é preciso engadir canto lle agradeceréi o que poida facer, pra poñer en claro dato tan siñificativo pra nos.

---

16 O historiador brasileiro, residente en Cuba, fora amigo personal de Guimarães Rosa, a quen admiraba moito. Co gallo da publicación do libro de Paz-Andrade (*A galecidade na obra de Guimarães Rosa*), púxose en contacto epistolar con éste e publicou unha carta-recensión no número 64 (1979) de *Grial.* Dutra e Neira presentarían publicamente, nos "Sábados del Libro", da Habana, o estudo de Paz-Andrade e a novela de Guimarães *Grante sertão. Veredas.*

17 O artigo titúlase "Guimarães Rosa y Galicia" e aparecería en *El País* o 28 de xaneiro de 1979, pasados xa un par de meses da morte do seu autor.

18 A "Cantiga de vellas", fechada o 1 de abril de 1910, aparecería o 5 en *El Noroeste* da Coruña e adoita considerarse como o único texto galego de Valle-Inclán. Publicaríase na revista *Labor Gallega* da Habana en 1916 (vid. a carta seguinte). A revista dirixíaa o ferrolán Juan Vicente Martínez Quelle, amigo de Valle, xornalista e mariñeiro que se instalou en Cuba por anos logo de desertar da corbeta *Nautilus.*

Tamben lle agradezco moito a sua felicitación. Agardo que reciba axiña *Cen Chaves de Sombra*, que xa debéu sahir do prelo na Coruña.

Con saudos cordiales a dona, que tamben llos envia a miña, a mais cordial e agradecida aperta de,

Valentin Paz Andrade

***

Vigo, 22 de Mayo de 1979.

V. Paz Andrade
Abogado
Policarpo Sanz, 22. Tº 211562
Vigo
pa/fr.

Sr. Don
XOSE NEIRA VILAS
Escritor
Calle A, núm. 19, Ap. 3
VEDADO - LA HABANA (CUBA)

Querido Neira Vilas:

Moitas gracias. Foi unha sorte atopar ésta agulla no palleiro. A carta do 26 de abril trouxome unha ledicia cobizada. Supoño que *Labor Gallega*[19] se publicaba en castelán. ¿Era mensual ou semanal? ¿Quen a editaba? ¿Quen a dirixía? ¿Cando durou?. Conviña dar algún dato ao facer a cita.

Onte estuven na celebración do Pedrón de Ouro, otorgado con moita xusticia a Paco del Riego. No xantar leeuse un parte de Neira Vilas. Levantóu moitos aplausos espontáneos. Galiza escomenza a reconocerse e a apreciarse a si mesma, a traveso dos auténticos valores.

---

[19] *Labor Gallega* era unha publicación bilingüe, que aparece na Habana en 1914 como "Órgano de las Sociedades Gallegas de Instrucción", aquelas que se creaban para erguer e financiar escolas en Galicia nas primeiras décadas do século.

Demoréi uns dias a resposta, agardando poder enviarlle o libro que agora mando. O que ten de testimonial non xustifica o que lle poida faltar de poético, mais xuzgo que tiña o deber de facer como galego o que, mellor ou pior, fixen.

Hoxe escribo tamben a Helio Dutra. Penso que "Grial" dará o texto da sua carta maxistral, ao menos en estracto.

Sigo sin recibir a sua carta sobre "A Galecidade de Guimarães Rosa". Gostaríame conocer o que lle parecéu en canto ao fenómeno cultural que o libro pon en foco.

E nada mais. Moitas gracias pol-a sua dilixencia e boa man. Lembranzas nosas para a dona. Apertas cordiaes de,

Valentín Paz Andrade

***

Vigo, 9 de Xunio de 1979.

V. Paz Andrade
Abogado
Policarpo Sanz, 22. Tº 211562
Vigo
pa/fr.

Sr. Don
XOSE NEIRA VILAS
Escritor
Calle A, núm. 19, Ap. 3
VEDADO - LA HABANA (CUBA)

Querido Neira Vilas:

A sua derradeira carta deixóume desconcertado. Debo atribuir a deficencias do Correio o que me conta.

O 22 de maio sahiron por correio aéreo dous pacotes, un pra Vde., e outro para Helio Dutra Dominguez. O primeiro contiña o meu derradeiro libro *Cen Chaves de Sombra*, titulo escollido d-un verso da propia obra pol-o noso chorado amigo Lorenzo Varela, proemiador da obra. O outro

pacote levaba dous libros adicados a Dutra. Un *A Galecidada na Obra de Guimarães Rosa*, e outro *Cen Chaves de Sombra.* Non comprendo como ainda non chegaron cando Vde. escribéu. Penso que a fin terán chegado. Doime ben fondo que tal cousa teña acontecido. Estou a sospeitar que a mesma anormalidade postal está a rexistrarse n-outros lados. Digame, axiña, por favor, se o fin chegaron ou non os libros para lle por algún remedio tardio a semellante entrequerencia.

A carta de hoxe ten outro motivo. Ben tristeiro, por certo. O vendaval da morte que ben derrumbando as figuras do galeguismo histórico, acaba de se levar a Dario Alvarez Blazquez. Onte deixamol-o, en amor de moitedume, n-un nicho de Pereiró. Pra todol-os galegos que levan a terra na i-alma e unha grande door, que vai pouco a pouco acabando cos mellores da xeración continuadora.

Agradezolle moito a Vde., e a Dutra Dominguez -éste segundo apelido faino galego-, as referencias a meu libro no homaxe a Guimarães Rosa. De o ter sabido a tempo huberame tentado a ideia de participar tamben n-un acto tan cheo de nova significación cultural.

Nada mais, pol-o d-agora. Longas apertas acesas de

V. Paz Andrade

P.D.

Cos libros iban, craro é, cartas pra cada destinatario. A de Dutra mais longa.

***

Vigo, 11 de Xulio de 1979.

V. Paz Andrade
Abogado
Policarpo Sanz, 22. Tº 211562
Vigo
pa/fr.

Sr. Don
XOSE NEIRA VILAS
Escritor
Calle A, núm. 19, Ap. 3
VEDADO - LA HABANA (CUBA)

Querido Neira Vilas:

Con a miña carta do 22 de maio, na que lle agradecía fondamente o ter atopado e remitido a poesía de Valle-Inclán publicada en *Labor Gallega*, enviaballe o meu derradeiro libro de poemas *Cen Chaves de Sombra.* Na mesma data escribín a Helio Dutra, mandandolle outro exemprar e un de *A Galecidade na Obra de Guimarães Rosa.*

Non sei si libros e cartas chegaron. Sospeito que non ao non ter tido novas da recepción. Atopome un pouco desconcertado, xa que veño afeito a que Neira Vilas sexa tan puntual nas respostas, como xeneroso n-outras cousas. O mesmo me ven ocurrindo con Paulo Ronai e Drumond de Andrade, do Brasil. E algúns mais de sempre cumprida correspondenza.

Dígame algunha cousa, para no seu caso repetir o envio.

O domingo derradeiro enterramos en Barra do Miño ao grande escultor Failde Gago, o mais tardio, si ben o mellor epigono do Mestre Mateo. Foi unha nova desgracia pra Galiza, que ven a facer mais dramático o feixe de Lorenzo Varela, Luis Seoane, Dario Alvarez Blazquez[20].

Moitas gracias, as mellores lembranzas a sua dona, o mesmo que a Dutra Dominguez, con unha aperta arrochada e cordial de,

V. Paz Andrade.

[20] Lorenzo Varela morrera a finais de 1978 e os outros dous en 1979.

P.D. Non lle dixen ainda cousa algunha do seu libro de traduccions de Ho-Chi-Min[21], Felicitoo cordealmente, por unha laboura tan ben conquerida, dada as dificultades que comporta unha trasega de tal calidade e finura. Coido que fixo un outo servizo a cultura galega, que pol-a miña parte estóu na obriga de retribuir con agradecemento.

***

Habana, 19 de xulio do 1979

Sr. D. Valentín Paz-Andrade
Vigo

Meu querido amigo: Acabo de recibir CEN CHAVES DE SOMBRA, fermoso por dentro e por fora. Gracias por esa garimosa adicatoria e polo seu novo aporte poético. Dias atrás recibira a carta sua do 9 de xunio na que me daba a noticia triste da morte do noso amigo Darío. Escribinlle deseguida a Xosé Maria e a Emilio. Gran perda foi. Trateino no 76 e o ano pasado, e parecéume un home de gran dimensión humán. Temos un mal ano por certo: Varela, Seoane, agora Darío...

Dutra non recibeu ainda os dous libros que Vde. lle mando, xunto coa carta. Deben chegarlle nestes dias poisque chegou o dirixido a min. Agarda o seu envío con moito interés o noso amigo. O Dominguez do seu segundo apelido venlle de sua nai, orixinaria do norde portugués (di ben Vde: case galego).

Mália que se perdese a carta na que lle facía comento sobre "A galecidade. (nefeuto foi dirixida a Compostela, 6. Agora todo o envío a Policarpo Sanz, non volverei a trabucarme). En resume decialle a miña primeira impresión sobre este novedoso e singular aporte: os achádegos lingüísticos; o análisi histórico motivador das coincidencias Galicia-sertón; a etnografía, con lostregueantes concrusións; o lerio do demo; os adaxios e a sua filosofía;

[21] Refírese a *Xornal de prisión*, poemas do Ho-Chi-Minh traducidos ó galego por X.N.V. (Edicións do Castro, 1978).

os temas, certos temas (anos atrás lin "O burriño pedrés" e "Conversa de bois", entre outros contos e parecéronme -temas e desenrolo- galegos, nosos, un tanto castelaoianos, pero non se me ocurreu ir máis alá de ter atopado unha coincidencia que vostede analiza agora científica e históricamente). Trai o seu libro ademáis a biografía ou cronolxía máis compreta que levo visto de Rosa. En fin, esto lle decía, ademáis de que o libro está fermosamente escrito, escrito con emoción, con amor, todo o contrario dun texto frio. A mesma estructura da obra, do libro, é acertadisima: vainos levando cara a un mundo de achegamento á obra deste autor. Eu diría que prevalez a autenticidade na obra de Rosa e a autenticidade e rigor de análisis no libro de vostede sobre Rosa. "Galecidade..." é un libro pra voltar unha e outra vez a el. Particularmente atrainte pra min por galego e por galego que vive os horizontes desta inmensa América. Como discurso de ingreso na Academia e como libro, supón un delongamento que proxecta a Galicia e polo tanto favorece os estudos so[bre] a nosa cultura e a nosa historia. Inserta a Galicia no macrocosmos americán a partir da figura dun creador esceicional. Ademáis de todo esto aporta Vde. documentación de primeira mao, datos moi valiosos e novedosos. Esto lle decía pouco máis ou menos, e moito máis podería decirse.

Alédame o ter atopado o poema de Valle. *Labor Gallega*; Podo engadir que a fundou e dirixeu Juan Vicente Quelle, un bohemio simpático que logo se foi pra o Ferrol e alá morreu. Comenzóu a sair a revista o ano 1913. Era decenal. En castelán, agás algunhas composición poéticas en galego. Non sei cando deixou de sair. Soio temos un pouco por casualidade, 4 números. O título compreto é "Labor Gallega en Cuba". Revista ilustrada, moi ben feita. Engado: vin tamén, nun nº un relato en galego, así que non era soio poesía, pro prevalecia o castelán. Radicaba no Centro Galego e algo debeu haber de patrocinio do Centro pois daba moitas noticias desa institución. Tamén daba noticia das actividades dalgunhas sociedades galegas de instrución (as das escolas en Galicia). Tería de percurar busquedas noutras hemerotecas pra atopar posibles exemplares e ampliar esta información. Verei se o fago pronto e sígolle informando. Rubia Barcia viveu aquí uns anos dempois da guerra civil e por eso conoce destas cousas.

Comecei a ler de vagariño "Cen chaves de sombra". Vexo un resume do seu longo e fecundo facer poético. Unha poesía madurecida, lostregueante de temas e formas e imaxes, ricaz de léxico verdadeiro, auténtico, verso elevado e ó mesmo tempo de doada comunicación, que equival a un difícil equilibro;

evocación de Galicia eterna no seu andar de homes e de feitos. Reciba a miña noraboa. Mentras Dutra non recibe o exemplar del, quedei en pasarlle este cando eu remate de debullalo de saborexalo. Namais por esta. Reciba unha forte aperta de

Xosé Neira Vilas

***

Meu querido amigo Paz Andrade:

Escribinlle dias atrás. Acusaba recibo dese formidable poemario que é "Cen chaves de sombra". Dutra xa recibeu o mesmo e tamén a obra sobre G. Rosa. Moi contente está (e tamén coa sua carta). Escribirálle nestes dias. Eu recibin "Grial" coa carta del a vostede reproducida, e paseillo deseguida. Alegría. Dutra é un home dunha grande cultura e dunha grande sensibilidade. Cumpreu 70 anos pero aparenta moito menos, pola sua presencia e pola sua xuventude intelectual pola sua mocedade de esprito, pola sua capacidade mental i emocional.

Vai coa presente un carteliño anunciador do "Sabado do libro". En realidade presentamos dous libros ese dia: "Gran sertón: veredas" e "A galecidade na obra de G. Rosa" (este presenteino eu). O libro de vostede deume toda a materia necesaria pra estenderme sobre Rosa, Paz Andrade e Galicia.

Unha forte aperta do seu amigo

Xosé Neira Vilas

paseille a Dutra os restantes libros de vostede que obran na miña biblioteca.

Habana, 30-7-79

***

Habana, 28 de agosto de 1979

Sr. D. Valentin Paz Andrade
Vigo
Meu querido amigo:

A sua carta do 11 de xulio, recibida dias atrás, cruzóuse cunha miña na que lle acusaba recibo de "Cen chaves de sombra". As cartas tardan pero chegan. Tamén Dutra lle escribe logo de ter recibido os dous libros, dous mañíficos libros, non me cansarei de decilo.

Veño agora a propoñerlle unha tarefa. Dígame francamente se pode levala a cabo. Pra min sería moi entrañable que o fixese, pero vostede dispón, naturalmente. Calquera sexa a sua decisión, prégolle reserva de momento. Trátase desto:

O novo xerente de Galaxia, Bieito Ledo Cabido propónme pubricar nun soio volume os tres libros meus pubricados por esa editora: "Xente no rodicio", "Camiño bretemoso" e "A muller de ferro". Pídeme que, se estou dacordo, propoña un título xenérico a poñerlle ó volume e tamén que se antepoña un prólogo ou prefacio a esta triloxía, como soe ser uso.

O tíduo sería *ENCRUCILLADAS*. Levaría os dibuxos de Xohan Ledo e de Posada das ediciós anteriores. Xente no rodicio levaría o prologuiño que pra eses contos en particular fixera S. Lorenzana (Del Riego). E agora a petición: desexo que ENCRUCILLADAS leve un prólogo ou prefacio de vostede. Non sei se vostede ten algunha obxeción (poño por caso en relación coa editora, anque supoño que non porque nela pubricóu "Sementeira..." e fixo o prólogo pra o libro de E. Alonso).

O prefacio non ten que ser necesariamente moi estenso; non tén por qué tomarse demasiado traballo nin de longura nin de fondura erudita, que non dou eu pra tanto... Abonda con que sexa escrito, suscrito por vostede, que ben maxino non dispón de moito tempo.

Si acepta esta miña encomenda e solicitude (cousa que me apracería moito), co mentes de gañar tempo e tendo en conta a demora da correspondencia, mándolle agora algúns datos ou "claves" destes tres libros (que non sei si conoce), pra que teña uns elementos a man, utilizables ou non, asegún vexa. Repito: os tres foron pubricados por Galaxia, e traballo neles nestes dias pra facer axustes de ortografía actual. Aparte os textos en sí, podo dar, digo, unhas referencias por si de algo poden servirlle:

-XENTE NO RODICIO. Como digo, ten enteposto un prologo de Del Riego. Son vinte contos moi breves. Escenario: o medio rural de Galicia. Neles abórdanse temas dramáticos e por veces tráxicos dos que son protagonistas os nosos labregos. Foron escritos pensando en aspectos da vida hastra entón non tratados no relato breve en galego, en xeral. Doíame que inda arrastásemos certa tradición cocalleira (quixen decir chocalleira), bulras e risas á contas dos homes do agro, do paifoco, distraido, zorro, palurdo na vila, etc. Pretendín entrar coma cun bisturí en certos recantos dese mundo cuia vida vai máis alá das foliadas e do costumbrismo barato. É a xente que vive nun rodicio, que vive nun mundo pechado, abafante.

-CAMIÑO BRETEMOSO. Esta novela anque se pubricou dempois de "Xente no rodicio" foi escrita antes. Comenceina a escribir en Buenos Aires, a pouco de entregar ó prelo "Memorias dun neno labrego", e romateina nun hotel en Santiago de Cuba en agosto de 1963 (voltaba eu da empresa de niquel de Nicaro, no oriente cubano, a onde fora a realizar uns traballos de planificación por encomenda do Ministerio de Industrias; de volta dese trafego técnico, mergulléime no romate deste libro. O tema ven a ser, en síntesis, o fracaso dun emigrante galego que vive en Buenos Aires, logo na Patagonia, longos anos, e finalmente outra vez na capital. Vaille contando, a un interlocutor innominado, toda a sua andaina, a sua peripecia. Romata suicidándose. "Memorias..." tiña sido o meu primeiro libro de prosa, tendo a un neno labrego como protagonista, en escenario galego, e a continuación, tamén en primeira persoa, metinme neste traballo, que por contraste era un vello, e no escenario da emigracion rioplatense.

-A MULLER DE FERRO.- Son 23 narracións brevísimas. Vintetrés contos con intención de satira ou mellor alegoría que aborda por via de fábula eivas humáns (vaidade, envexa, prexuicios, insolidaridade, avaricia, fanatismos, etc.). A acción transcurre en calquera parte do mundo, anque eu aludo reiteradamente á "aldea" coma ubicando nalgún logar indeterminado estes feitos e querendo sinalar que son universales estas taras pero TAMEN galegas. Os nomes de persoas e logares teñen unha significación simbolica, por exemplo Iñor (iñorancia), Indival (individualista), e o mesmo Raíza, Migral...

Como digo, "Camiño bretemoso" comencéi a escribilo en Bs. As. e deille romate en Santiago de Cuba; os outros dous foron escritos totalmente en Cuba, onde resido dende o 2 de xulio de 1961.

Sobre "Xente no rodicio" e "A muller de ferro" aparecen estensos comentos no libro de Maria Lucas (Edicións do Castro), titulado "La visión de Galicia en X. Neira Vilas". Hai tamén unha notiña biográfica no comenzo e unha bibliografía activa e pasiva (páxinas 121 a 125).

En canto a "Camiño bretemoso", tense escrito abondo sobre ela, pero talvez un guión radial feito por Seoane e cuio texto me mandóu e conservo, pode describir mellor ou resumir o seu contido. Está en castelán e transcribo un fragmento, pois do contrario tería que "meterse" Vde. na novela e non sei se a tén e ademáis suporía leela, etc. O de Seoane di:

"... "Camiño bretemoso" una larga narracion escrita en el mismo bello y popular idioma de las dos primeras y referido a un mundo que nos toca muy de cerca pues se trata de Buenos Aires y, en general, de la Argentina, donde el protagonista fue emigrante, antes de que un tiro disparado con un "Colt 45", que traía siempre consigo, terminase con su vida. La policía supuso que había sido un suicidio y así lo dijeron los diarios. El emigrante era un vagabundo y resulta el solo protagonista del libro. Narra su vida al único que lo escucha silencioso, otro emigrante gallego como el, pero de vida sedentaria, tranviario jubilado. Quien recuerda su vida, un ex-hombre que habita una casa de latas en el límite de la ciudad, procede de una pequeña aldea de Galicia que abandonó para seguir la suerte del emigrante. Al llegar fue repartidor de almacén en "La Estrella de Boedo" y después del "Nápoles", antes de abandonar la ciudad para irse a la Patagonia y emplearse en uno de ramos generales, el "Astur", que entre otros negocios traficaba con los indios canjeando productos. Neira Vilas aprovecha la vida del vagabundo para ofrecernos un retazo de historia de esta vasta región argentina a principios de siglo, en la década del 10 al 20. De la vida dura, primitiva y aventurera de sus habitantes. De la explotación y de la matanza de indios. De la sucia explotación, entonces, de todo ese territorio. El emigrante reflexiona: "Algunha vez desandaría o camiño aquel. Anos despois soupen que os camiños non se desandan". Aquí expresa Neira Vilas, creemos, la tragedia del emigrante que jamás, aun volviendo, desanda el camino que lo alejó de su tierra. Mató a un indio en defensa propia. En la cárcel conoció a otro emigrante gallego, Carballo, un idealista perseguido, como tantos de la misma procedencia que hubo por aquellos años en la Argentina. Volvió al almacén "Astur" pero estuvo poco tiempo. Vuelve a Buenos Aires después de trabajar de mercachifle. Aquí trabaja en una obra en construcción. Conoce a un paisano suyo. Un día,

en un andamio, el paisano le cuenta que había tenido un hijo de una moza soltera que murió en el parto, que se llamaba Isolina. El vagabundo mata por segunda vez. Mata a este hombre que fue capaz de hacer sufrir a Isolina, la moza que siempre recordaba con su vestido blanco, que había idealizado durante tantos años de América, de la que un día esperaba merecer su amor, hacerla su mujer. Por ella, en parte había emigrado, había luchado, soñado en la emigración sin saberlo ella. Todo esto dicho así no es nada. Lo importante en la obra de N. V. es el poder de evocación, el relato tal como ha sido escrito, despertando interés en el lector, un enorme interés. Dicho todo en un bello idioma popular..."

Meu querido amigo, non sei que pensará vostede desta seguramente engorrosa encomenda. Dígamo francamente. Se acepta, pode entregarlle directamente o orixinal a Ledo, o xerente de Galaxia. Eles parece que teñen certa presa. Eu estou axustando os textos e mandareillos dentro de pouco, os dos tres libros que compoñerán ENCRUCILLADAS.

O que lle pido é que me mande unhas letras *A VOLTA DE CORREO.* Esta carta poñerana en correos ahí pra que chegue máis axiña.

Espero noticias de vostede. Espero seu parecer sobre todo esto.

Mentras, vaia unha forte aperta do seu devoto amigo

Xosé Neira Vilas

Releo agora a carta e vexo lle dou unha chea de datos que ó mellor nin lle fan falta pero como di o dito: mellor que sobre que que falte...

Cando de aquí a uns días lle mande os textos correxidos (os tres libros) a Bieito Ledo, xerente de Galaxia, direille que LLE FAREI CHEGAR O PROLOGO, non lle digo que llo dará vostede por si, por calquera causa, vostede non o desexase facer. Pero si o fai (como certamente desexo e lle prego), pois entregallo sin máis con destino a ENCRUCILLADAS. Todo esto pra ganar tempo, repito, e dado o que tardan as cartas.

Se non ten o libro de Maria Lucas pode pedirllo a Isaac (Edic. Do Castro).

***

Habana, 8 de setbre. do 1979

Sr. D. Valentin Paz-Andrade
Vigo

Meu benquerido amigo:

Escribinlle o pasado 29 de agosto. Pedíalle un prefacio pra o meu libro (que editará Galaxia) ENCRUCILLADAS, que é o conxunto dos tres libros meus de narrativa pubricados antes por esa editora nosa: Xente no rodicio, Camiño bretemoso e A muller de ferro. Alédame moito este volumen a sair, e parez que a editora vaise esmerar na edición do mesmo. Un prólogo de vostede completaria a miña ledicia. Hoxe mismo mándolle os tres libros correxidos a Galaxia. E de camiño mándolle a vostede unha copia, coa presente, da miña carta do 29-8, pra maor seguridade.

Nas indicacións que mando cos libros poño: "PROLOGO: o prólogo será entregado á Editorial prontamente". (Non lle digo máis nada, así que se vostede está de acordo en facelo, prégolle llo entregue a B. Ledo, e se non é moito pedir, mándeme unha copia por correo).

Acrárolle que ó decir na miña carta de agosto que o prefacio "non ten que ser necesariamente estenso", non é que haxa límite algún, nin moito menos, digo esto en aras do seu tempo.

Namais, querido amigo. Espero acolla vostede o meu fervoroso pedido, e mentras espero noticias de vostede, vaia unha forte, entrañáble aperta, estensiva á sua esposa

Xosé Neira Vilas

O amigo Helio Dutra publicou un artigo nun número extraordinario da revista UNION (da Unión de Escritores) adicado á literatura brasileira. Terémolo ó tanto.

***

Vigo, 10 de setiembre de 1979.

V. Paz Andrade
Abogado
Policarpo Sanz, 22. Tº 211562
Vigo
pa/fr.

Sr. Don
XOSE NEIRA VILAS
Escritor
Calle A, núm. 19, Ap. 3
VEDADO - LA HABANA (CUBA)

Querido Neira Vilas:

Chégame agora a sua carta do 28 de agosto. Trai un encarrego que moito me honra[22], e ao que folgaría moito corresponder. Non teño, de cara a competencia para o levar a bon fin, o optimismo que o autor ten.

Non atopo na miña biblioteca literaria, recentemente trasegada a moradía de Samil, o libro *Camiño Bretemoso.* Os outros dous teñoos xa enriba da mesa de traballo. Supoño que *Galaxia* terá exemprares e chamaréi para que me encamiñe un.

Ando avarento de horas, mais por tratarse de quen se trata tentaréi facer un esforzo. Veño con azos de compoñer outro libro, *Castelao con Pontevedra ao fondo.* Este título xa o tiña posto n-un artigo hai anos publicado en Buenos Aires, e despois reproducido en varias revistas, entre elas *Grial.* Cando agora tiña mentes de o incorporar a un libro con outros ensaios en galego, viñeronme anceios de tratar outras facianas do mesmo tema. Ando no choio con certo apremio, mais farei unha fuxida cara a tarefa que Vde. me propón. Outros prefacios dos que tamen teño encomenda, e compromiso, terán de seguir agardando.

Despois da nova lectura dos tres libros -o prólogo de Paco xa o lin-, tentaréi dar cabo, ben ou mal, da sua xentil encomenda[23]. Tamben me poréi en contacto con a Editorial para sincronizar os esforzos.

---

22 O encargo era presentar, xunto con Ramón Piñeiro e Isaac Díaz Pardo, na santiaguesa Galería Sargadelos, o xa citado libro *Encrucilladas.*

23 Refírese ao prólogo de *Encrucilladas.*

Recibín outra fermosa carta do amigo Dutra. Ainda non puden contestarlle. Fálame de facer un vóo de poucos dias a Cuba, mais non penso que poida chegar a facer realidade un sono de tanto fascinio para min.

Moitas gracias e que teñamos sorte. Galiza non a está a ter na hora que pasa. A morte de Celso Emilio foi un elo mais n-unha cadea fatídica que en poucos meses arrastróu a Lorenzo Varela, Luis Seoane, Failde, Dario... Cinco forxadores esgrevios, levados de unha sô prematura gadañada[24].

Longas cordiaes apertas de,

Valentin

P.D. Penso que a parroquia de Carbia onde naceu chámase Algara de Grés. ¿Estóu no certo?[25] Apertas. V.

---

[24] Efectivamente, no fatídico 1979 morreu tamén Celso Emilio Ferreiro.

[25] Neira confirmoulle daquela, como solicitaba, que en Gres está a Algara de Gres, un pazo que foi propiedade da familia Calderón Collantes, descendentes do dramaturgo.

Habana, 24 de outubro do 1979

Sr. D. Valentín Paz-Andrade
Vigo

Meu querido e ademirado amigo:

Estou na oficina. Anisia leume por teléfono a carta de Vde. e sin perda de tempo, sin esperar nin a chegar á casa, respóstolle, pra gañar tempo.

Dame moita contenteza o que vostede escriba o prefacio pra esta miña triloxía, ENCRUCILLADAS; que sexa vostede quen abre a porta destas tres pezas narrativas. MOITAS GRACIAS. (En canto a "Camiño bretemoso" pode pedirllo a Galaxia).

En Gres nacín, pequena parroquia de dous logares (Gres e Cirela) pequena parroquia, cuio patrón é Santiago, e ten unha igrexa fermosísima do século XVIII, e en terras de Gres xuntanse os rios Ulla e Deza e coroa a parroquia o importante Castro Mouzo, e temos a Ponte Ledesma, ponte román de 14 arcos (que algún dixo que xunto coa de Cesures foron feitas por Mateo. Eu teño dúbidas nesto pero alguén díxoo), e dende as fiestras de Gres vese a parroquia de Ponte Ledesma, na outra banda do rio, que pertenece á provincia da Coruña, Partido de Boqueixón. Ó pé da rectoral hai unha fermosa capela e temos dous pazos, o de Leis, cuio derradeiro señor arruinóuse e acabou pedindo esmola (eu recórdome del, don Antonio, no cal inspireime pra o capítulo do enterrador, titulado "O xuramento") e o pazo de Calderón, pazo grande, fermoso, con outra capela, patio de mesas de pedra, e escudo de armas na parede. Conocín ó marqués, era eu moi pequeno, e logo un home que voltou de América mercou o pazo coas terras, etc. que ten darredor. Os fillos daquel emigrante son os que ocupan o pazo. Nese pazo estivo a miña escola, nun local amplio, no primeiro piso. A escola pedagóxicamente non valía moito pero o local sí, con patio grande con chuchameles e nogueiras e patín, escaleiras de pedra, en fin, moi confortable e amplo. Este pazo é o que da nome ó que vostede cita: Algara de Gres. Asegún a Gran Enciclopedia Gallega: "El título de marqués de Algara de Gres fue concedido el 6 de octubre de 1878 a Manuel Calderón de la Barca. Un Real Despacho del 20 de diciembre del mismo año legalizó tal concesión. El primer marqués era hijo de Saturnino Calderón Collantes y de Petra Herce Varela, descendiente el primero de la familia del famoso dramaturgo y la segunda perteneciente al

linaje de su apellido, oriundo de Quiroga (Lugo) y establecida en La Coruña desde la mitad del siglo XVII. Tenía varias casas en Galicia además de la de Gres, de las que era principal la de la Plaza de Animas en Santiago, etc., etc. (fascículo 15 pág. 256)".

Carbia era o nome do municipio a onde pertenecía Gres hastra hai uns corenta anos. A Administración municipal pasou, por razóns de via de comunicación a Vila de Cruces, e finalmente, con moita rabecha pra os de Carbia, quedou sendo a cabeceira municipal Vila de Cruces. (Entro en detalles porque sei que os seus antergos eran de por alí, concretamente de Brandaríz ou Brandomés, asegún Vde. me comentara, o cal alédame certamente. A Enciclopedia romata esta ficha decindo que "El último personaje de este linaje había fundado una escuela en su parroquia natal".

Estupendo ese proxecto de "Castelao con Pontevedra ó fondo". Tema por demais atractivo. (Eu vin o seu artigo pubricado en Bs. As. e coido que teño o texto). Penso que haberá moito que decir sobre tan rico tema. ¿Podo axudalo en algo? Polo de pronto o único que recordo, que teño presente de improviso é unha fotografía de Castelao con Seoane e con outro (coido que Luis Manteiga, non estou seguro) na porta da casa pontevedresa de Castelao. Unha foto non moi crara, pubricada na revista porteña que dirixía Luis, "Galicia Emigrante". Aleluya polo novo traballo.

Vin a última carta que Dutra lle mandou, moi garimosa, moi entrañable. Dutra é un home estupendo. Soupen tamén que lle propuxera o que Vde. viñese aquí. Mália que non poida ser, polo que vostede me di. Sería unha grande esperencia. ¿Xa está de todo descartado, ou inda poidera ser que sí? Estamos somentes a 8 horas e media de Madrid, un cómodo viaxe sin escalas.

Non sei se Dutra lle dixo que a revista "Unión" da Unión de Escritores ten en preparación un nº extraordinario adicado as letras do Brasil. Dutra coordina, con Nicolás Guillén e outros dirixentes da UNEAC esta edición. Eu prometín (e cumprirei, naturalmente) escribir un artículo algo estenso sobre "A Galecidade na obra de Guimarães Rosa", ese seu estraordinario libro. Mandareille texto do traballo cando o escriba e tamén a revista cando salla, que será o ano que ven.

Mala sorte a deste ano pra Galicia en canto a homes que levamos perdido: Varela, Seoane, Failde, Dario, Celso Emilio... Mal ano prá nosa cultura en canto a homes-claves que se nos foron.

Acaba de chamarme Nicolás Guillén, e dime que lle van facer un homenaxe a Celso Emilio en Madrid o 31 deste mes, patrocinado polo Ateneo e por algúns partidos, etc. El mandará unha adhesión hoxe mesmo. Homenaxe ben merecido.

Meu querido amigo, namais. Volto ó punto de partida. A miña gratitude inmensa por adicar vostede unha parte do seu escaso tempo á elaboración dese prefacio pra *Encrucilladas.* Alédame que esteamos xuntos nese libro. Prégolle que tan axiña estea llo pase a Galaxia e, se non é moita molestia, mándeme por correo unha copia. Outra vez gracias.

Reciba unha tensa, entrañable aperta (que é tamén de Anisia i é prá sua esposa) de seu sempre amigo e ademirador

Xosé Neira Vilas.

Engado, porque non sei si quedou craro: a miña parroquia é Gres, simplemente Gres, anque por via erudita sabemos o de Algara de Gres (os veciños non o saben). Gres é unha das parroquias do municipio de Vila de Cruces (antes o municipio radicaba en Carbia). Gres está no estremo do municipio, en pleno val ullán, límite coa prov. da Coruña, perto de Cira e a 25 km. de Santiago e a 18 da Estrada. Gres está nunha fermosísima e úbeda comarca. No mesmo municipio limita con Camanzo.

***

Habana, 10 de nadal do 1979

Sr. D. Valentín Paz Andrade
Vigo

Meu querido amigo:

Escribinlle o pasado 24 de outubro. Por si non lle tivese chegado (que supoño que si) ahi lle vai coa presente unha copia.

Dempóis de esa miña carta chegoume unha de Bieito Ledo Cabido, xerente de Galaxia, que me pedia o prologo pra "Encrucilladas"; a carta traguía certo atraso e supoño que cando me chegou a min xa vostedes estarian en

comunicación, pois unha cousa me preocupaba: que disque se o prólogo estaba a tempo pubricarían o libro este ano, pra nadal, xa que o estaban compoñendo dende setembro. De non estar o prólogo, sería a pubricación pra maio data das Letras Galegas. Naturalmente eu prefiro que sexa en nadal. Como vostede me falaba na sua de "sincronizar cos editores", maxino que todo este meu comento sexa auga pasada, e como pertenezo ó bando dos optimistas supoño tamén que todo estará andando e o libro sairá en nadal... En fin.

Nun paquete de recortes que me mandaron de Galicia atopei un comentario moi intresante sobre "Cen chaves de sombra", ese estupendo poemario seu, un dos mellores aportes líricos que deu Galicia nestes tempos de moito verso e pouco "trigo". Lino con moito lecer e paseillo ó noso amigo Dutra a quen tamén lle gostóu.

Pasando as follas da revista habaneira "Galicia" atopeime esta mesma mañán cunha solpresa. Na portada do numero correspondente ó 3 de agosto de 1924 aparece unha fotografía, algo borrosa, pero que se ve, en azul, non tan mal, e que ten o seguinte pé de grabado: "Sres. Paz Andrade y Blanco Torres, director y redactor jefe respectivamente, del primer diario gallego "Galicia", de Vigo, visitados en la carcel por varios amigos, entre ellos el gran caricaturista D. Carlos Maside". Leda solpresa que lle quixen transmitir deseguida. De seguro que vostede ten a foto (se non a tivese e lle intresa, fagos reproducir. Dígamo). Que sexa na cárcel non é moi grato, anque a cárcel, a cadea, sendo por unha causa noble, coma neste caso, é moi honrosa, naturalmente. O que eu non sabía é que Blanco Torres morto brutalmente a maos dos fascistas, fora o redactor xefe de "Galicia". Como vostede sabe, Blanco Torres estivo en Cuba moitos anos, e aquí dirixeu periódicos, fixo moito periodismo (moitas veces firmaba co seudónimo de "Fray Roblanto"), e logo que voltou a Galicia mandaba de ahí crónicas sobre temas galegos. Penso que habería que escribir algo sobre el.

Volto a "Encrucilladas". Cando me chegóu a carta que menciono, de Cabido, o xerente de Galaxia, púxenlle un telegrama no que indicaba que o vise a vostede pra coordinar o do prólogo.

Namais. Por esta vez. Reciba unha forte aperta do seu amigo

Xosé Neira Vilas

***

Habana, 25 de xaneiro do 1980

A Valentin Paz-Andrade
Vigo

Meu querido amigo:

Ontes mesmo recibín o prólogo de Vde. pra ENCRUCILLADAS. Lino varias veces e cada vez descúbrolle máis esencias, máis contido, máis sustancia. Non sei se son merecente del -seguramento non o son- e tórnanseme roibas as fazulas ante as suas palabras, o seu decir, dictado en boa medida pola amistade. Amóstrame vostede, co seu agudísimo oficio crítico, cousas que eu non intuira siquera, e lévame por vieiros de análisi que me axudan de veras. Por outra banda, todo o que di do "marco da natividade", do meu Gres natal, é exacto, nos seus aspectos xeográfico, histórico, espiritual. Resulta todo elo pra min moi emotivo. Toda esa simbiosis descripción-narración que vostede estuda, apoiándose -nesto coma en outros aspectos- en fontes bibliográficas coido que nunca ou escasamente manexadas pra estudos galegos, lévame a moitas reflesións e autoanálisis. O breve introito (Fabulación e Sociedade) é moi lúcido, e hónrame moito que o consignase a propósito de min, homilde labrego do Ulla, do querido Gres, que se deixou levar por unha forte vocación de contar historias na nosa lingoa. Ún inventa fabulas, recrea lendas e feitos (pasados polo cribo da memoria e da maxinación activa) e logo ve que alguén con ciencia axeitada fixa eso, dalle unha dimensión, estabrece un lingoaxe, uns conceptos e inserta ese fabulador, a ese "farsante" nunhos canles e coordenadas universales. E vimos a dar con que se na vida cotián -tense dito- non somos máis que o que a xente di, un autor de novelas tampouco é máis que o que din os críticos. Pero os críticos a secas, os que sóio fan eso, non sempre son "creíbles" (hai honrosas escepcións). Mais, neste caso quen opina é un creador, é un home de rigor, un home de ciencia e un poeta, en ambas dimensións de moito respetar, de palabra de gran aval galego e universal.

Noutras palabras, caro amigo (palabras non sempre ben canxadas por min nestes casos), que de corazón agradezo e agradecerei sempre este seu prefacio calzando estas ENCRUCILLADAS. Estoulle moi reconocido. O seu decir prestixia por demáis estas miñas modestas narracións, este meu

modesto facer, sempre de cara a Galicia e ó seu povo dende a lonxania americán, recordando, re-creando o país lonxano, confirmando esa raiceira topolóxica tan ben crarificada por vostede no prólogo-ensaio. Que agradezo este traballo que se tomóu sería decirlle ben pouco. Non tiña quen mellor o poidese facer e sigo lamentando que todo cadrase coas suas moitas ocupacións, coa preparación do seu novo libro (Castelao e Pontevedra) e co ánimo afectado pola morte do noso común amigo Eduardo Blanco Amor.

No mesmo correo que trouxo a sua nota e a copia do prefacio, chegoume carta de Isaac. Dime que precisamente no enterro de Eduardo lle comentou vostede esto do prefacio e que como tiñamos falado de que Vde. fixese a presentación en Compostela do meu libro mariñeiro "Galegos no golfo de México" (feito que tamén me honra moitísimo e xa está sendo demasiado o traballo que lle encomendamos...) dime Isaac que talvez presenten os dous libros a un tempo. En fin, como vexan vostedes. Isaac é home de iniciativas axeitadas sempre, un home a quen se lle non escapa nada, e poidera ser esto, se a vostede e a el lles parece ben. Eu, ¿qué vou decir eu como non sexa darlle cheda ó meu esprito con todas estas cousas? Vivo "sempre en Galicia", pero alonxado do seu corpo físico e do seu povo, e emocióname todo canto a ela se refire.

Hoxe máis que nunca, reciba unha fortísima aperta, de seu amigo

X. Neira Vilas.

Deille os seus saúdos a Helio Dutra por tf. Mañán vereino. Quere ler axiña o prefacio

***

Vigo, 3 de Maio de 1980.

V. Paz Andrade
Abogado
Policarpo Sanz, 22. Tº 211562
Vigo
pa/fr.

Sr. Don
XOSE NEIRA VILAS
Escritor
Calle A, núm. 19, Ap. 3
VEDADO - LA HABANA (CUBA)

Querido Neira:

O supoño informado por Diaz Pardo, da presentación en Sant Yago dos seus derradeiros libros. O tempo non axudóu, pois chovéu moito. De calquera xeito a sala encheuse e a xente sahíu satisfeita. Algún xornal -coido que *El Ideal Gallego*-, fixo unha reseña bastante amable do acto. Supoño que Isaac lla terá mandado. Se non fora así podo enviarlle fotocopia.

De todol-os xeitos, advirto certa xordeira ao redor dos dous libros, na prensa. Os colaboradores de Isaac, non son moi percutintes na esfera das relacións públicas, o que repercute no impacto dos libros. Eu teño matinado no tema, e recomendado no mesmo senso. Pol-o de agora non consigo que me escoiten. Que lle parecéu a Helio Dutra o proemio a *Encrucillada*?

Agora quixera pedirlle dous favores, e conste que non teño boca de frade:

1. Teño a colección de *A Gaita Gallega*, o xornal que dirixíu na Habana Armada Teixeiro e Lugris Freire, mais fáltame a primeira folla do núm. 1º. Quero sustituila por unha fotocopia para encadernar a Revista. Foi a segunda en Galego. A primeira foi "O Tio Marcos da Portela". En Lugo sahíu a terceira, "A Monteira", de Amador Montenegro Saavedra. Moitas gracias pol-a axuda que agardo[26].

[26] Neira tiña de seu unha colección da revista grazas á xenerosidade de Fabio Grobar, un historiador e activista político de esquerdas, polaco de berce e asentado en Cuba dende os anos vinte.

2. O livro sobre Castelao xa non vai ser outra biografia parcial. Vai a ser completa: *Castelao, na luz e na sombra*[27].

Non teño información da estadia na Habana do Guieiro inmorredoiro. Quixera unha ou duas cuartelas resumindo o que na memoria da xente viva ainda, relacionado co persoaxe. Penso que dou ahí unha conferencia sobre Valle-Inclán. En que data? En que Centro? Tamben parece que ahí fixo dibuxos de negros. Sábese cales? As datas de chegada e partida, onde morou, relacións con os galegos... son importantes. Outra vez moitas gracias.

Do libro dos "Galegos no Golfo de México" publicará unha recensión nosa revista "Industrias Pesqueras". Mandareilla.

Lembranzas cordiaes a Anisia e Dutra, con a mais arrochada aperta do seu sempre brandomeseiro amigo,

Valentín.

***

Habana, 24 de xunio do 1980

Sr. D. Valentin Paz Andrade
Vigo

Meu querido amigo: Recibin a sua amable carta do 3 de maio. Tiña noticia do eco do acto celebrado en Compostela pra presentar os dous libros, acto no que vostede falou, e que estivo presente tamén Piñeiro e outros amigos. Gracias, volto a decir, por terse ocupado deste trafego por min encomendado. Vin tamén unhas fotos do acto. Mandoumas Xosé Díaz. Non teño a reseña que vostede cita, de El Ideal gallego. Se ten maneira de me mandar fotocopia, gracias.

Os dous libros quedaron moi fermosos. A Helio Dutra, igual que a min, gustoulle máis que moito o proemio de vostede. O eco do libro dos pescadores foi grande, polo menos na comarca de onde eles son. Antonte

[27] Así se titulou, finalmente, o libro que publicou en 1982.

chamoume un que tiña recibido carta dende Ares e dinlle que o dia das letras galegas esgotouse no Ferrol e arredores e andaban tratando de conseguir exemplares, etc. Que todos por ali estaban entusiasmados co traballo, etc. Esto a nivel popular, que é bo termómetro. Fora deso, non sei, anque penso deberia interesar dalgún xeito o que se refire a unha comunidade de emigrantes. O tempo dirá. Gracias anticipadas por esa reseña na revista pesqueira. Non deixe de mandarme recorte cando salla.

Fermosos, digo, quedaron ambos libros. Estupendo o de Galaxia, e moi fermoso o dos pescadores, coas fotos, fotos de carnets, etc. que Xosé Diaz diseñou moi ben, estupendamente ben.

Agora, o seu encargo. Coa presente vai fotocopia da primeira páxina do primeiro número de "A gaita gallega" (un pouco por casualidade conto con unha colección desta pubricación humorística).

En canto á presencia de Castelao en Cuba, teño andado averiguando e moito me queda ainda por averiguar, pero pode decirse que foron os meses talvez de meirande actividade de toda a vida de Daniel. Aquí estivo entre novbre. do 1938 e febreiro do 39. Veu coa Virginia, a sua esposa, e acompañouno tamén Luis Soto (actualmente radicado en México). Aloxouse na Habana no Hotel Royal Palm. Dibuxou, como vostede sabe, unha serie de temas de negros cubanos. De toda a colección (que reeditou Galaxia) o único negro que non é cubano e o de Nova Iork, que esta cun abrigo, cun alto edificio ao fondo. Os outros, os de tema de carnaval e de musica, vendedor de loteria, etc. son de tema netamente cubano. Esta por saber si os dibuxou realmente aquí ou os fixo dempois a partir de apuntes. Aquí sei que dibuxou algunhas cousas ocasionalmente. Hai un dibuxo grande titulado "La mujer del contrabandista", que lle regalou a Luis Amado Blanco. Relacionouse cos galegos demócratas, sobre todo no Centro Gallego, pois cadrou que habia eleccións naqueles dias e semáns e tomou parte na campaña a favor dunha lista democrata contra dos que gobernaban, que eran franquistas. A favor desto dibuxou tamén, falou en púbrico, etc.

Deu unha conferencia sobre Valle Inclán, titulada "Valle Inclan y Galicia", o 8 de xaneiro do ano 1939, nun teatro da Habana vella. Patrocinou esta conferencia a Sociedad Hispano Cubana de Cultura, que dirixia o sabio don Fernando Ortiz, e que entre outras figuras invitadas a dar conferencias no marco desa entidade estiveron Novoa Santos, coido que no 29 ou 30 e

Federico Garcia Lorca. Foi presentado por Luis Amado Blanco, médico e escritor nado en Asturias, radicado en Cuba dende habia xa anos (morto hai uns anos, cando era embaixador de Cuba ante a Santa Sede; debeu ser polo ano 75 ou 76 cando morreu). Cando se pubricou o texto da conferencia (que Alonso Montero editou en Lugo hai alguns anos), cando se pubricou o texto aquí, foi acompañado, ilustrado, por unha cabeza de Valle xacente, morto. Ese dibuxo foi divulgado en Galicia, non sei se na mesma edición que fixo Alonso, mencionada.

O ouxetivo central da visita de Daniel a Cuba era cumprir unha misión do goberno da Republica. Recorreu toda Cuba falando en actos pubricos, en teatros, etc. e recaudando fondos pra axudar a causa do povo español. Eran aquí tempos malos e a xente daba o que podia (conformando a conducta solidaria dende sempre deste povo) daban reloxes, anelos, zapatos, o que tiñan pra levar a cabo esa axuda. Algo emocionante. Recorreu o pais de punta a punta e de mar a mar, e estivo cos nucreos de galegos carboeiros, etc. Vencellouse a dirixentes populares, a dirixentes das organizacións negras, etc. Hastra agora eso é canto sei, anque teño de seguir buscando, máis adiante. Se atopo mais cousas, direillas, por si chego a tempo.

Volvendo a "Galegos no golfo de México", estouno traducindo ó castelán pra pubricalo aquí. Fago unha copia adicional. ¿Podería interesar en España no idioma oficial a algunha editora? ¿Acaso Siglo XXI? (menciono esta casa porque vostede pubricou alí o seu estupendo "Marginación..." Dentro de uns dias faremos un fermoso acto de entrega de exemplares do libro ós seus protagonistas, na sede da Flota del Golfo. Hai moito interés (pra prensa, etc.) por ese acto. Tereino ó tanto.

Saudos á sua esposa, UNHA FORTE APERTA

Xosé Neira Vilas

***

Vigo, 23 Xulio 1980

SR. D.
XOSE NEIRA VILAS
Escritor
A. 19 VEDADO
B. LA HABANA (CUBA)

Querido Neira Vilas: Recibo agora a sua do 24 de San Xoan. Moitas gracias, tanto pol-a información sobre Castelao en Cuba, como pol-a fotocopia da 1ª pg. de *A Gaita Gallega.* Corresponde ao anverso, e fica a colección coxa por falta do reverso (p. 2). Si non é moita mazada fagame o favor de repetir a fotocopia pol-os dous lados, a ser posible sin reducir o tamaño, pois tratase de unha sustitucion. Si fai a edición castelan de "Galegos no Golfo de Mexico"[28] pense en si debería antepoñerlle o titulo actual: *Pescadores*. Gostaríame escribir un prologo para este libro. Lembranzas a Anisia e a Helio. Apertas cordiaes

Valentín.

***

Habana, 13 agosto 1980

Sr. D. Valentin Paz Andrade
Vigo

Meu querido amigo:

Onte recibin a sua postal, e hoxe mesmo, sin demora, mándolle

[28] En castelán publicouse en Cuba, en 1983, co título *Gallegos en el Golfo de México.* En 2008 reditouse alí, co gallo da celebración da Feira Internacional do Libro da Habana, dedicada nese ano a Galicia, e Neira tivo entón en conta a suxestión de Paz-Andrade: o libro titulouse *Pescadores gallegos de La Habana*, pois aínda que pescaban nas augas do Iucatán e da Florida, todos vivían na cidade capitalina.

fotocopia das páxinas 1ª. e 2ª. de "A gaita gallega"[29] de 1885. Levan o tamaño natural da revista, como verá. Mália que a segunda páxina ten un branco, un craro que corresponde a restauración da primeira páxina, a cal achábase moi deteriorada. Os "parches" postos afectaron a copia do texto no dorso. Non puiden despegalos, e penso que polo contexto pódese adiviñar o anaquiño que falta. Espero que "sirva" pra recompoñer a sua coleición mancada nesa primeira folla.

Terei en conta a suxerencia de Vde. en cando a poñer diante do texto do libro a palabra Pescadores. Estudarei eso, pra edición castelán. E terei en conta o ofrecimento xeneroso de antepoñer unhas palabras suas, que moito me honran. Veréino dende o punto de vista "técnico" e en coordinación cos potenciales editores. Tereino o tanto e moitas gracias.

Namais por esta. Sempre ás suas ordes.
Xa lle din os saudos a Dutra e por suposto a Anisia.
Reciba unha forte aperta de seu

Xosé Neira Vilas

***

Vigo, 17 de Marzal de 1981.

V. Paz Andrade
Abogado
Policarpo Sanz, 22. Tº 211562
Vigo
pa/fr.

Sr. Don
XOSE NEIRA VILAS
Escritor
Calle A, núm. 19, Ap. 3
VEDADO - LA HABANA (CUBA)

[29] Revista fundada na Habana en 1885 por Manuel Lugrís Freire e Ramón Armada Teixeiro. É a primeira publicación de Cuba e de América escrita totalmente en lingua galega.

Querido Neira Vilas:

Supoño que todo irá ben pol-a maravillante Illa, despois do tempo en que non tuven novas directas de tan bon amigo. Agora compreme acudir novamente a fonte dos servicios amicales.

Teño moi adiantado o *Castelao na Luz e na Sombra.* Ando xa con os anos americanos do biografiado. Teño moito material para a redacción do capitulo de Cuba. A carta tua do 24 de xunio de 1980 e outra con documentos de Xerardo Alvarez Gallego, que fixo un esforzo meritorio, pois se atopa moi doente. Quixera completar o material informativo, con algunhas precisións que anoto en folla anexa.

Tamben necesitaria material gráfico. Xerardo manda algún. ¿Non se podería ampliar?. Diaz Pardo, que está agardando o manuscrito para o editar, insiste moito en nutrir o livro con imaxes. Unha fotocopia do dibuxo "A Muller do Contrabandista" sería de moito interés[30].

Estóu agardando algún novo livro neiriano que vin anunciado. Fólgome moito que a carreira siga trunfal. Agardo saber algunha cousa do amigo Dutra.

Perdón pol-a nova angueira. Lembranzas a Anisia, tamben da miña dona para os dous. Con unha aperta cordialísima do vello amigo,

Valentín.

¿Cando daredes outra volta pol-a Terra? V.

Na revista "Industrias Pesqueras" publicouse unha rece[n]sión sobre o libro dos pescadores galegos no Caribe. Chegou ahí?

***

30 Efectivamente, Neira faríalle chegar unha fotocopia deste debuxo que Castelao lle dedicou ao seu bo amigo, o médico, escritor e diplomático asturiano Luis Amado Blanco.

Habana, 29 de maio do 1981

A Valentin Paz Andrade
Vigo

Meu querido amigo:

Acabamos de chegar dunha algo delongada estada en Oriente, de Cuba, e atópome coa carta de vostede.

Resposto sin demora. Denantes quero decirlle que ando a preparar un libro sobre "Castelao en Cuba". Teño moitas fichas e moitas moitísimas máis me faltan pois pretendo que sea un traballo exhaustivo. Teño que entrevistar a persoas por ducias, que o trataron aquí, que viaxaron con el no tren dunha provincia noutra, etc. Teño as pistas, a porta aberta pra saber por onde coller, pero quédame por recoller todo, ensamblar todo, procesar o que vaia recollendo. O meu libro referirase ESCRUSIVAMENTE á sua presencia en Cuba.

Tamén eu agardo poder fotocopiar "la mujer del contrabandista" pra incruir no meu traballo, co añadido ou comento do xeito en que chegou a Amado Blanco. Pero a poseedora, a viuda de A. Blanco, nai de diplomático, está no estranxeiro por tempo. Non se sabe cándo voltará aquí. Algúns outros traballos -dibuxos- debo sacalos de xornales, pero ando á percura de coleicións en bon estado, que non é fácil atopar. Todo esto dificultase un pouco porque son periódicos que logo foron perseguidos. Sobre o texto de Castelao como pé de tales dibuxos xa teño escrito un breve análise de orden lingüistico-cubano.

Contesto no mesmo orde o seu cuestionario.

1.- Chegou a Habana o 11-11-1938. Con el viña Luis Soto. Soto acompañouno nas xiras pola Illa adiante.

2.- Chegou nun hidroavión, pero nada sei do modelo que era nin se despegaba en terra, ou sea se era anfibio. Non puiden conocer deste dato (acabo de perguntar a amigos que saben destas cousas).

3.- Data das elecion[s]: 1º de xaneiro 1939. Non era parte da directiva senón unha lista de candidatos a apoderados, que integrarian a Asamblea de apoderados, organo lexislativo do Centro. Eles eran os que elexian ó presidente, non os asociados.

4.- Foron moitas as localidades onde andivo. Dende Santiago de Cuba a Pinar del Rio, de estremo a estremo, cidades e capitais de provincia e outras cidades e pobos: Holguín, Manzanillo, Santa Clara, Matanzas, etc. etc.

5.- Accedeu a algunhas entrevistas. Hai alguns traballos que logo sairon en "Sempre en Galicia", en galego, e eu descarteinos por eso mesmo, cando lle pasei por diante. En "Hoy", hastra onde eu vin, e en Bohemia, non pubricou traballo algún (Seoane en "Castelao Artista", cita a Bohemia, pero eu non atopei nada).

6.- Castelao, con Virxinia e Soto non sairon pra México. Sairon pra N. York. Non sei se pola mesma via aérea que chegaron ou por outra. Non puiden averigualo, pero hacia N. York.

Agardo que todo esto lle resulte de utilidade.

Unha forte, entrañable aperta

Neira Vilas.

Recibin o exemplar de "Industrias pesqueras" onde aparez a reseña de vostede sobre o libro dos pescadores. Moitas gracias.

Perdoe que non me estenda máis, pero estimo que o principal pra vde. é o referente a Castelao. Non quero demorar a resposta. Libros meus, sí: saleu "Nai" e "Querido Tomás". ¿Veunos? Qué lle pareceron.

***

A Valentín Paz Andrade
6-9-81

Meu querido amigo:

Onte chegamos, Anisia e eu, a Gres. Aquí estarei con miña nai uns 15 dias.

Dende terra galega entrañable, reciba unha forte aperta, estensiva á sua esposa. Seu

Xosé Neira Vilas.

***

Habana, 23-7-82

Querido Paz Andrade:

Perdoe esta presa. Este "telegrama". Xa lle escribirei con vagar.

Espero con enorme interés esa biografia de Castelao de 640 páxinas. Eu preparei outro, prá mesma coleición sobre "Castelao en Cuba", máis pequeno, máis modesto.

Agora, o dito: o telegrama, a enquista, ou como se chame.

Preparo un traballo sobre o Himno galego e quero saber, quero que me diga, por favor

A VOLTA DE CORREO:

¿Cal foi a primeira noción que vostede tivo do Himno?. Cando o cantou por primeira vez. Cando estima que chegou a Galicia (cantouse por primeira vez en Cuba en 1907), e de que maneira chegou. Se as Irmandades da Fala o cantaban. E o Partido Galeguista; en qué circunstancias se cantaba. Qué feitos heroicos, emocionais recorda arredor do noso Himno (Pondal-Veiga). Como o veu evolucionar nos primeiros anos

e nos anos da República

e durante a guerra

e na posguerra

que homes foron fusilados cantando himno (Bóveda acaso?). Como via o Partido Galeguista o noso himno. Se o respetaba como tal. E as Irmandades?

Por favor, todo o que recorde, canto máis detallado, mellor.

E perdoe a presa.

AGARDO RESPOSTA AXIÑA. Moitísimas gracias

Seu sempre bo amigo

Xosé Neira Vilas

escríbema [escríbame] sempre a: X. N. V.

Apartado 4269
LA HABANA-4
Cuba

***

Vigo, 3 de setiembre de 1982.

V. Paz Andrade
Abogado
Policarpo Sanz, 22. Tº 211562
Vigo
pa/fr.

Sr. Don
XOSE NEIRA VILAS
Escritor
Calle A, núm. 19, Ap. 3
VEDADO - LA HABANA (CUBA)

Querido Neira Vilas:

Con moito retraso recibo agora sua carta do 23/7/82.

O *Castelao na luz e na sombra* saíu xa o Dia das Letras Galegas. Ten mais de 650 páxinas. A Editorial encargóuse de mandar os exemplares aos incluidos na sua lista, na que Vde. figura dos primeiros. Poucos dias despois o livro debeulle ser enviado. Supoño que por correo marítimo, mais e xa tempo de abondo para que chegara. Eu non tuven propio por quen mandar o exemprar adicado. Do Correio, xa se vé, non pode un fiarse.

En canto a pequena historia do hino galego, miñas lembranzas mais recuadas van até o de Brañas. Non me lembro de quen era a música. Cecais de Pascual Veiga.

Aló pol-os anos entre 10 e 20, *Os Pinos* de Pondal, convertironse en hino. Comencei a cantal-o de estudante en Sant Iago. Desde 1916 as Irmandades foron as que o fixeron popular. Todos os que pertenecíamos a elas, ao final dos actos, cantabamos as estrofas do bardo bergantiñan.

O Partido Galeguista non foi mais, no orixe, que a milicia política das Irmandades. Naturalmente que adoptóu o hino, como rito final dos actos de afirmación.

Non teño noticias de que os nosos mártires morreran cantando o hino. Ni[n] siquera Bóveda, tan sereo e valente até na morte. Pode que hubera algún que o cantara, mais non me consta. Nos anos da República cantóuse moito, pol-o público en xeral. E ainda no declinio da Dictadura franquista, cando xa os resortes de represión se enferruxaran. Agora a maioria dos actos,

ainda non galeguistas, rematanse con o hino. Cantase ate nos camposantos, cando morre un bon galego.

Lembranza a Anisia e ao amigo Dutra, con unha arrochada aperta de,

Valentin

P.D.

Tamben os Coros Galegos contribuiron moito a difusion do hino. Os concertos -moitos- remataban con "Os Pinos".

***

A Habana, 12 e outubro de 1982

Sr. Dn. Valentín Paz Andrade
Policarpo Sanz 22-2º
VIGO-GALICIA

Mui estimado Dn. Valentín:

Non se recibiron ainda os libros que me anunciara. E un-a verdadeira pena; a intelectual arxentina Julieta Gomez Paz prometeume facer un estudo critico na seicion correspondente do xornal La Prensa; pero o unico exemprar que chegou foi un que trouxo Sixto Seco en oportunidade da sua visita cos da Xunta. Sería comenente que non se demorara o seu envío, ainda en cantidade; eiquí venderíase muito no Centro Galego; seguramente, tamén, algún distribuidor lle interesaría como negocio. Un libreiro -agora non teño presente o nome- dixolle ao amigo Souto que lle interesaría a distribución.

Nos medios nazonalistas da colonia vivense momentos de desalento pol-a ineficencia da famosa Xunta: agora estamos a emprender un-a xeira pra encarar os problemas do idioma, tal como os encaran na Terra os verdadeiros patriótas.

¿Como anda o seu rapaz? Desexamos que haxa xa superado as suas dificultades. Presentelle os nosos saudos, igualmente a sua dona, tanto de Mercedes como meus. Vde reciba un-a forte aperta

***

Habana, 12 de novembro de 1982

Sr. D. Valentin Paz Andrade
Vigo

Meu querido amigo:

Teño diante de min a nota cordialísima de vostede, dirixida ó Dr. Reimóndez, ese home estraordinario, adheríndose ó homenaxe que me ofreceron o 9 de outono pasado no meu Gres natal (ese Gres que vostede menciona i evoca tan nidiamente no prólogo a "Encrucilladas").

Gracias por esa adhesión, por esa presencia en espíritu (di Vde. que está amalado, e eso é o peor; dígame: ¿cómo sigue? Xa está reposto? Eso desexo de corazón.

O homenaxe foi cousa de Reimondez, básicamente, e de outros amigos. Foi desmesurado pra o que eu son (un emigrante que en veces escribe na sua fala algunhas lembranzas) e avergóñame un pouco, se ben, como estou lonxe, o anoto non é tan grande.

Andiven traballando moito e viaxando polo interior, e non recordo se lle escribín a propósito de "Castelao na luz e na sombra". Libro singular, estraordinario, que supón un enorme esforzo e unha rigurosa documentación e un gran fervor polo biografiado e un gran conocemento del, e tantas cousas máis... Felicítoo de corazón e agradézolle, como debemos agradecerlle todos os galegos, este aporte novo, impresionante.

E namais. Saúdos á sua esposa. Saúdos de Anisia. Agoiros de boa saúde, e unha forte aperta do seu ademirador e amigo

Xosé Neira Vilas.

Apartado 4269
Habana 4, Cuba

***

1-9-84

Querido Valentin:

Dende terras galegas, reciba un cordialísimo saúdo, do seu amigo e ademirador

Xosé Neira Vilas

Saúdos de Anisia e pra sua dona.

***

Gres, 5 de Setembro de 1986

A Valentín Paz Andrade
Vigo

Meu querido amigo:

Nin ben cheguei a Galicia, preguntei por vostede. Soupen que non se atopa ben de saúde, e facemos votos, Anisia é eu pra que se mellore axiña. Un tronco forte que provén das terras de Camanzo, non se engruña doadamente. Por eso penso que deseguida estará de novo activo.

Unha aperta moi entrañable, extensiva ós seus, de Anisia e

Pepe Neira Vilas

***

Habana, 14 de novembro do 1986

A Valentín Paz-Andrade
Vigo

Meu querido amigo:

Até fai dous meses estiven en Galicia, preguntei por vostede ó noso común amigo Diaz Pardo. Souben que non andaba ben de saúde. Agora

confírmamo o Alfonso; cóntame dese acto en Portugal, e do frío que alí colleu, etc. En fin, desexo fervorosamente que se poña ben axiña. Seguimos necesitando do seu lúcido facer, nos diversos ordes do seu facer (como economista, como poeta, como investigador...). Dime Alfonso que por enriba dos achaques sigue vostede traballando, escribindo. E eso alédame sinceramente. Lévanos dado obras imprescindibles, como a de Galicia como tarea, a Marginación, a monumental biografía de Castelao, as Cen chaves... ¡Tanto! Ainda non hai moitos días falaba eu na casa das Américas con uns intelectuais brasileiros sobre os seus achádegos e claves lingüísticas arredor de Guimarães Rosa, e quedábanse coa boca aberta, pampos.

En fin, adiante. Precisámolo activo, revelandonos aspectos novos, sempre novos de Galicia da súa alma e da súa historia e da súa identidade.

Co agoiro, repito, dun pronto restablecemento, mándolle un cordial saúdo, que é tamén de Anisia (temos ambos moi presente aquel acto do Círculo Mercantil, e saída cara a Samil unha noite de 1976), e unha forte, entrañable aperta

Xosé Neira Vilas

***

Habana, 2 de xunio de 1987

A Valentín Paz-Andrade

Meu querido amigo:

Non sei de vostede dende que estivo aquí o Alfonso (de quen me fixen amigo deseguida e por quen sinto de certo estima inda que nos vimos brevemente). ¿Como sigue vostede de saúde, que daquela andaba algo amalado inda que recuperándose, asegún me decía Alfonso? Espero que ben, traballando, facendo, nese múltiple e sabio facer seu.

Pois agora veño a molestalo por algo para min importante. Refírome á relación de vostede co pintor Souto. Pregolle esto:

-Que me mande unha testemuña (manuscrita mellor, pero senon anque sea a máquina) sobre a sua relación con Souto, o galeguismo de Souto, os temas da sua pintura, en fin.

-Fotocopia de cartas de Souto dende o exilio, pero PRINCIPALMENTE algunha que lle teña enviado dende Cuba, ou dende outro lugar pero na que se faga mención da sua estancia en Cuba, exposicións, etc.

-Cando morreu Souto deixou inconcluso un cadro de tema galego. Eu publiquei un artigo no diario El Mundo, da Habana, falando desto. Mandeille copia a Isaac Diaz Pardo. E en carta decíame que lle "pasei a noticia e a referencia sobre este cadro a Paz Andrade". ¿Mercou vostede ese cadro? Houbo algunha xestión en torno a el, tivo vostede contacto coa familia daquela?

-Dígame se ten algún cadro de Souto, de tema cubano, ou se sabe quen o teña por ahí (soio de tema cubano ou pintado en Cuba). Quixera de ser posible, ter foto, pero cando menos o dato.

Perdoe por tanto amolar. Agardo noticias súas. Unha grande aperta, que incluie á sua esposa e ó Alfonso

Xosé Neira Vilas

O Helio Dutra preguntoume por Vde. hai uns días. Presteille o seu último libro.

Apartado 4269
La Habana-4
Cuba

***

Correspondencia
entre
Xosé Neira Vilas
e
Celso Emilio Ferreiro

O AMIGO A QUEN VIN UNHA SOA VEZ

A primeira vez que vin a Celso Emilio foi o 25 de outubro de 1976, no seu fogar da rúa Juan Bravo, de Madrid. Alí estaba, con Moraima, a súa compañeira. Chegaran de Caracas tres anos antes. Con ambos falamos longamente, Anisia e máis eu. Contounos das súas decepcións en Venezuela e facía comparanza co que lle pasara a Curros en Cuba setenta anos antes. Explicámoslle que se tratara de situacións completamente diferentes e que tampouco se pode meter no mesmo saco a todos os paisanos; que hai de todo aquí e alá e que cruzar o mar non santifica a ninguén, e idealizar a diáspora é un erro. Mais, se entrecollemos, ainda que ter que emigrar é unha desgraza sempre, historicamente e de rebote, Galicia beneficiouse coa acción dos trasterrados, e abondaría con mencionar as máis de trescentas escolas financiadas dende América. Falamos tamén da poesía, e da súa poesía, e das esperanzas de cambio tras a morte de Franco. Son casos distintos, mais quedounos a impresión –tal vez fose só unha impresión momentánea, non sei- de que era un home un tanto vencido pola vida, como Lorenzo Varela, a quen vimos tamén naqueles días madrileños. Pareceunos que tanto un como o outro non cabían a xeito neste desarranxado mundo. Lorenzo morrería en 1978 e Celso un ano despois. Era como se ambos albiscasen os seus respectivos finais. Unha impresión semellante tiveramos anos atrás en Buenos Aires respecto de Ramón Suárez Picallo.

Escribín no quincenario España Republicana *da Habana máis dunha vez sobre a obra deste noso gran poeta, e publiquei tamén traballos que el me enviou, incluindo un moi documentado artigo referido á nosa lingua, que publicara nunha revista universitaria de Caracas.*

Repito, vímonos unha soa vez. O resto foi unha irregular pero intensa relación epistolar. O tema central era Galicia e tamén a Galicia emigrante, os libros del e meus, que nos remitíamos mutuamente, unhas de modo directo e outras encomendabámoslle o envío as editoriais. Falabamos de galegos emigrados desprovistos de toda ética, "xentes deformadas *despois da Guerra Civil sen outra arela que gañar cartos". Estaba decepcionado. Coidaba que a nosa diáspora era así toda ela. Eu esforzábame en dicirlle que talvez a que aterrou tardíamente en Venezuela fose outra cousa, etc. (Viría logo a súa expulsión da Hermandade e o seu poemario sobre os "ananos"). Falaba tamén dos republicanos "fosilizados" no ano 1940. Politicamente refuxiábase no Padroado da Cultura Galega do que era fundador, e pouco máis. O certo é que non se afacía naquel mundo, aínda que sabía que o que deixara atrás non era mellor.*

Faloume dos seus Antipoemas *(poida que seguindo, polo menos no título, ó chileno Nicanor Parra), de como foron eliminados pola censura en galego e logo llos premiaron en castelán, aínda que á hora de publicar o libro tivera que prescindir dalgúns deles.*

Interénsanlle as noticias que eu lle envío de Cuba. Mándolle España Republicana*, a revista da Unión de Escritores, e outras publicacións. Estivo a piques de concursar no premio internacional de poesía que viña convocando a Casa de las Américas.*

A súa derradeira carta é do 5-07-1976: vén de Madrid, onde nos veriamos algún meses despois, como dixen. Tampouco alí se afai. Dime que aquela cidade é "apestosa e incómoda", e que reside nela para estar lonxe das "inquinas absurdas de Galicia". Fala de ir a Vigo, saturarse da paisaxe galega e logo voltar triste ó inferno de Madrid e seguir dándolle voltas ó rodicio da vida".

Era un home apaixnoado, e un home de esquerdas. Amaba fondamente a súa terra. Era un gran creador e un idealista. Fomos certamente amigos, aínda que nos vimos só unha vez. A nosa correspondencia caraterizábase, de parte a parte, pola franqueza, a sinceridade e unha común visión deste mundo no que abundan as xentes egoístas e insolidarias. A noticia do seu falecemento deuma na Habana o bibliófilo canario Telesforo Fuentes. Doeume moito a súa morte.

XOSÉ NEIRA VILAS
Gres, marzo de 2012

CELSO EMILIO FERREIRO
Vigo 24-8-60

Sr. D. XOSE NEIRA VILAS
Bos Aires

Meu querido poeta:

Chegoume "Dende lonxe" o seu fermoso e triste libro de poeta desterrado que lín dunha sentada, como se bebe dun só grolo a cunca do bon viño. Hai moita dór -i-emporiso moita poesía- nos seus versos. E hai tamén moita protesta. Ista é a tarefa mais urxente dos poetas de hoxe. Non se pode vivir nun mundo noxento sin deixar testimuña da nosa disconformidade e da nosa protesta. Pode que a isto lle chamen poesia social, pero ocurre que si non é social a poesia non é nada. O poeta é un ser social, que vive na sociedade e que, si se pon ao marxe déla, comete un delito de frivolidade imperdonavel. Vostede é dos que non esqueceu a sua obriga. Adiante. E pensen tamén un pouco en nós, nos que estamos desterrados na nosa propia terra.

Coa miña ademiración reciba unha cordial aperta de

Celso Emilio Ferreiro

***

A Habana, 12 de xunio do 1966

Sr. D. Celso Emilio Ferreiro
Vigo

Ademirado poeta e amigo:

Souben por dúas ou tres vías (L. Soto, Fernández Oxea, e non recordo quen máis), que se vai Vde. pra Venezuela. Non sei se aledarme ou lamentalo. Pero cando menos respeto a súa determinación de vir a América, co agoiro de que a máis compreta boa sorte e ventura o acompañen na nova residencia.

Os aires da banda de acá do Atlántico soen ser bos en canto nos permiten unha perspeitiva máis ampla da dimensión galega, máisime cando

hai a posibilidade de vivir acarón de entidades de emigrantes, onde mora o bo e o malo, o positivo e o negativo do noso povo, de xeito moito máis visibel quizás que nas agrupacios da Terra. Por outra banda, cada home pode ser máis útil ou menos dacordo coa circunstancia que o rodee, pode desenrolarse a sí mesmo ou acadar de xeito máis completo ou limitado o seu ideal, pero sempre, quen leva "na frente unha estrela" ha de dar a súa luz en calquer latitude onde se atope. E eso é o que penso de Vde. en relación co brinco oucidental que vai dar.

Dende Bs. As. mantiña correspondeza con bos amigos galegos de Venezuela (Miguel Besada Alvarez: Av. 5 de julio 173, Puerto La Cruz; Pedro Pérez Vilas: Quinta Auyantepui, km. 13, El Junquito, Caracas, e outros amigos da Casa de Galicia). Agora non sei deles. Teño entendido que é unha coleitividade numerosa e incruso poderosa (no senso da economía das entidades creadas). Así debe ser se temos en conta o patrocinio do Diccionario de R. Glez, a axuda a "Vieiros", a invitación a figuras de Galicia pra dar conferencias, a adquisición de livros galegos (téñolles mandado moitos dende Bs. As.), etc, etc. E intuio que o que eles precisan e alguén que ourente, que encamiñe unha labor cultural sólida, orgánica, vencellada ás inquedanzas do mundo galego todo, particularmente, na propia Terra. E ahí pode Vde. sin dúvida algunha, facer moito. Eu, persoalmente, teño plea confianza na súa xestión. E será cando menos unha ampla compensación á súa ausencia de Galiza.

Prégolle que me escriba cando chegue alá. Quixera estar en contaito seguido con Vde. E incruso podo transmitirlle algunhas esperencias do meu longo andar en Bs. As. e outros logares da Arxentina arranxando problemas culturaes, etc. nas sociedades de galegos emigrantes. Este labor soe ser algo "ingrato", pero tamén ten as súas facetas nobres, xenerosas e até heroicas, se pode decirse.

E namais. Desexolle un bon viaxe, e prégolle que non deixe de terme ó tanto do seu quefacer.

Reciba unha aperta fraternal de seu amigo

Xosé Neira Vilas

Calle A, Nº 19 esquina 3ª. Apto. 3 Vedado Habana Cuba

***

Caracas 19 de xunio de 1966

Sr. D. XOSE NEIRA VILAS
Habana

Meu querido amigo:

Dende Vigo mandoume a miña muller a sua garimosa carta que moito lle agradezo. Levo eiquí perto de un mes e penso quedarme por unha longa tempada. En Galicia corrian malos ventos para min en tódolos ordes. Dende os policíacos até os económicos. "Longa noite de pedra", e a miña "suposta" colaboración no Cancioneiro de Einaudi[31], abriume moitos camiños, pro pechoume moitas portas...

A Irmandade Galega[32] é, n-efeito, unha entidade moi potente. Fai dous anos mercaron en cinco millós de bolívares unhos terreos e instalaciós que abarcan unha "cuadra" e que hoxe valen tres ou catro veces mais. Cando rematen de pagar a débeda estarán en condiciós de acometer grandes cousas. De momento a situación e abondo complexa. Para poder facerlle fronte aos gastos tiveron que abrir a mau na ademisión de socios que van a Sociedade levados polas suas instalacións deportivas (duas piscinas, catro pistas de temnis, frontón, campo de balóncesto, etc.) e que non teñen interés ningún polas cousas de Galicia. Pódese decir que hoxe a Irmandade está formada por tres grandes grupos: a) Españoles e venezolans, alleos as finalidades galegas da entidade. b) Galegos desleigados que loitan polo poder para entregarlle a Irmandade á Embaixada de Paco. e c) galegos galeguistas, xente de esquerda que na aitualidade detenta o goberno, pro salvos unhos cantos, soen estar

---

31 En 1962 a editorial Einaudi de Torino publicou, co título *Canti della nuova resistenza spagnola (1936-1961)*, unha serie de poemas antifranquistas, recollidos en varias cidades de España que aparecerían tamén en francés e castelán (estes en Motevideo, na editorial El Siglo Ilustrado, co título *Cantos de la nueva resistencia española*). Os poemas presentábanse como anónimos, pero hoxe sabemos xa que eran de Celaya, Blas de Otero, José Agustín Goytisolo… e Celso Emilio Ferreiro. A colaboración deste, aínda que anónima, preséntase como chegada "de Vigo", polo que era doado sospeitar a autoría. De feito, Alonso Montero considera que esta foi unhas das causas de que Celso marchase para Venezuela, como a carta parece tamén insinuar.

32 CEF Chega a Caracas en maio de 1966 e ocupa a secretaría cultural da Irmandade Galega, dirixida neses intres por un equipo progresista.

bastante desorientados e confusos nas suas apreciaciós. Entre esta xente está a miña laboura non soio cultural, senon tamén política. Hai un grupo moi interesante de mozos fillos de galegos que teñen constituida unha entidade denominada Xuventude Cultural, que está funcionando ben.

Agradézolle moito a oferta que me fai de trasmitirme as suas esperencias en col da laboura cultural na emigración. Faime moita falla.

Mándolle a parte un número do Boletín da Irmandade en parte de cuia confeición interviñen. E digo en parte porque a miña chegada xa estaba meio feito. Nas ediciós futuras penso imprimirlle un selo incisivo que axude a formación de unha concencia galega. De momento ten que ser escrito de xeito bilingue, pois, anque pareza mentira, hai eiquí moitos galegos non leitores da nosa lingoa, os cuais temos que decirlle as nosas ideas de xeito mais doado. Sagrificaremos a hortodoxia á eficacia.

Con lembranzas para a sua muller, reciba unha cordial aperta de

Celso Emilio

***

A Habana, 8 de avril do 1968

Sr. D. Celso Emilio Ferreiro
Caracas

Meu estimado amigo:

Escribinlle fai longos meses. Dende entón non souben de Vde. Quero decir, que non tiven carta súa; polo demáis, sei a cotío do seu quefacer, da súa loita no meio galego daí, abondo complexo por certo, a xulgar por esa misma loita e continuo bregar, mallar, escrarecer nas intelixentes páxinas de "Irmandade". Penso que o seu labor ten de ser eficaz por canto o vexo acertado. En fin de contas eses peisanos nosos que non queren empregar o galego, que coidan que a Galicia hai que "escondela" como algo vergoñento, ou algo así, son iñorantes con sentimento de morriña. Queren disimular o que non saben e o que compre (téñoo esperimentado) é informalos por unha banda e parellamente zorregarlles. Eso é o que atinadamente fai Vde. Ás veces

son escuros e outras son "instruídos". Éstes dan máis traballo que os primeiros. Ó fin de contas cal máis cal menos, añoran a Terra onde naceron e góstalle saber da súa historia, en fin, do seu siñificado e trascendencia no mundo. Todo élo dá traballo porque á par desa información hai que falar das súas chagas, da súa aitual agonía, do seu drama social. Repito: "Irmandade" cumpre, a meu ver, o seu cometido, que en definitiva é unha mostra máis do seu labor diverso (incruindo o verbal, direito) de divulgación prá toma de concencia do propio país, por parte dos emigrados nesas terras. Felicítoo. Siga por ese vieiro co seu apostolado, heroico ás veces, dooroso, pero necesario, alentador.

Tamén recibín "Galicia en Caracas", revista luxosa, ben presentada, de variado contido. Cabe tamén felicitalo por este aporte. Fíxome lembrar deseguida "Galicia emigrante", que dirixía Seoane en Bs. As. anque se vé que a súa conta con máis recursos pois, como digo, é de luxo. Os temas son atinados (traxes típicos galegos, viños, notas sobre galegos ilustres vencellados a Venezuela e a América, en xeral, etc. etc.). Sempre co tema da emigración por diante pra que se non esquezan os destinarios dela que tamén eles o son. Moi ben.

Gostaríame seguir recibindo "Irmandade" e "Galicia en Caracas". Gracias por adiantado. Verei tamén de mandarlle algunha colaboración.

Dígame se lle intresa recibir revistas daquí (literarias, de información xeral, etc.). Coido terlle mandado algunha pero como non sabía do seu intrés por elas, non seguín facéndoo. Tamén lle mandarei con gosto algún livro. Dígame que tema ou temas son do seu intrés (amáis da poesía, craro). Pensei en Vde. cando o terremoto. Pero souben axiña por Alonso Montero que estaba ben. Dispuxen que de Galaxia lle mandasen a miña noveliña "Camiño bretemoso". Recibeuna? Sei tamén de Vde. a traveso das páxinas de "Nova Galicia". Vin poemas seus en "Vieiros"-4 (formidábeles!) e en "Galicia Hoy" (París). Souben da edición bilingüe de "Longa noite de pedra". Todos sabemos que é vostede o mellor poeta galego aitual (fai pouco, anque esto non é novo, como digo, e nada engade, o noso amigo C. J. Cela tamén o afirmou nunha entrevista en Bs. As.). Pode mandarme o seu enderezo particular? Penso que é mellor ca escribirlle á entidade. Teño un caderno de poemas inédito tiduado "Inquedo latexar": ó mellor mándolle unha copia del un destes días.

E namais polo doxe. Agardo noticias de vostede. Entramentras, reciba unha aperta tensa de seu

X. Neira Vilas

Caracas 3 de mayo de 1968

Escríbame a:
Cuarta Transversal de Mariperez.
Edf. Ideal Palace.- Aptº 101

Sr. XOSE NEIRA VILAS
Habana

Ben querido amigo:

Recibo con ledicia a sua carta do 8 de avril, chegada hoxe. Coidaba que a nosa falla de contaito ia a sere xa definitiva. Intresame moito recibir revistas de información xeneral, pro, sobor de todo literarias. En Vigo leia cousas de ehí, pois o Consul era amigo meu. Eiquí nada vexo dise país, polas dificultades coñecidas. Tampouco recibín ningunha das revistas que dí haberme mandado. Chegoume, eso sí, "Camiño bretemoso" que lin dun tirón unha serán calquera, nun parque que hai perto da miña casa, onde eu fuxo sempre que podo pra aillarme dos bruidos infernales desta cidá infernal. Gustoume a noveliña i-entusiasmoume o galego que emprega: un linguaxe nutricio, que dá mantenza ao esprito. (Desexo acrararlle que nada mais recibir o libro, escribinlle; a carta perderíase no mar...) A sua laboura literaria é formidabel, non soio polo seu valor intrínsico, senón tamén pola sua fidelidade a Terra. Conmove pensar que vostede, tan alonxado no tempo das cousas nosas; tan atarefado nos seus traballos de ahí, ten azos pra adicarlle horas a pequena patria disgraciada que, como decía Curros "ispe aos fillos, pra vestir aos xenros".

A edición bilingüe de "Longa noite de pedra" tivo unha gran acollida, até o punto de ter saido nistes dias unha segunda edición, un de cuios exemprares lle mando en paquete aparte. No mes que ven sairá -editado por "Ciencia Nueva" de Madrí- outro libro bilingüe tidoado "Viaxe aos país dos ananuxos". A pirmeira parte -que xustifica o tídoo- está adicada aos emigrantes alleados, aos tendeiros do esprito, aos logreiros e desleigados; a ises que vostede califica de "instruidos", e que son os mais grandes nemigos da galeguidade e da democracia. Cando cheguei eiquí eu creia na "Galicia de Alem mar"; coidaba

que a emigración era o grande crisol onde se fundía o galego novo, conscente e militante. Pensaba que esta Galicia tería, naturalmente, os seus desertores; pro nunca me poiden maxinar que, salvo unha minoría, a deserción sería masiva. Eu sei que a nosa colonia en Caracas é a pior de América. Xente *deformada* nos anos que seguiron a guerra civil, sin mais arelas que as de gañar cartos pra un enterro de pirmeira; sin outra angueira nin afán de orden superior. Até a famosa morriña ten nesta xente unhas características moi pouco aproveitábeles, e dende logo, vulgarísimas. Chegaron eiquí despoxados de toda veleidade político-social, e o país de arribada, na realidade, non lle ensinou grande cousa. A infruencia USA, co seu culto ao ésito conquerido de calquera xeito; co seu senso reverencial do diñeiro e coa sua devoción pola chatarra manufacturada, fixo estragos entre a nosa xente: esborralloulle a sua endebel escada de valores, e a cámbeo soio lle deu unha vaga sensación de comodidade pequenoburguesa. E posibel que eles non señan culpábeles destas cousas. Pro eu resístome a creelo esí, sobor de todo en xente -a maoría- que ao mellorar o seu nivel de vida, púxose en condiciós de combatir o seu subdesenrolo mental, erguendo tamén o seu nivel inteleitual. É unha custión de curiosidade, i-a curiosidade non custa cartos en sí mesma...

Por outra parte, a mesma xente que se dí de esquerdas -menos o grupo do P.C. español- perdeu a sua perspectiva e fosilizouse. A falla de información sobor de España é casi total. Non esiste unha imprensa liberal. Toda está sometida ao capitalismo USA, e, consecuentemente, non lle adican espacio aos asuntos españoles, nembargantes haber eiquí unha colonia moi nutrida de hispánicos. Esiste eiquí unha Casa de España, onde os vellos repubricáns -que teñen a casa chea de retratos de Azaña e de Indalecio Prieto- van a xugar ao dominó, e chámanlle "comunista" a todo o que tenzoa facer laboura antifranquista.

Eu sofrín unha deceución inenarrabel. Gracias a un pequeno grupo galeguista (ao que está incorporado o seitor galego con P.C. español) formado dempois da miña chegada, síntome fortecido na miña anguria e no meu esprito de loita.

A direitiva[33] que gobernaba a Irmandade Galega no 1967, estaba composta por unha ducia de parvos que se etiquetaron a sí mesmos co nome de progresistas, e que en realidade o eran si lle chamamos esí a parálisis cerebral progresiva. Unhos inocentes. Pro, a inocencia págase cara na política. E esí foi. Deixaron que os franquistas meteran da maneira mais burda a sua quinta columna, composta de xente controlada pola Embaixada; consentiron -coa sua falla de control efeitivo- que se inscribiran como galegos, socios que non o eran; permitiron o ingreso en masa dos socios de unha entidade chamada "Amigos de Santiago", fascistas decrarados e actuantes, etc. etc. Calcúlase que o número de socios "infiltrados" foi de 500. Resultado: nas eleuciós de novembro pasado, gañaron os franquistas por 24 votos de maoría, dempois de ter gastado en propaganda unhos 50.000 Bs, que, ao cámbeo son unhas 750.000 pesetas que, naturalmente, pagou a Embaixada.

Inmediatamente de acadar a direución, comenzaron a espulsar socios galeguistas e de siñificación democrática. A mín, de momento, respetáronme como socio, pro vinme obrigado a deixar o cárrego de direitor de Cultura por razós de profilasis ética. Non me dín de baixa como socio porque sei que rematarán botándome, e quero ter ise honor. Pra que vostede se dé conta da *xentiña* que agora goberna a Irmandade, dareille os seguintes datos: O presidente é un ex-lexionario do Tercio; o vicepresidente, un camisa vella da Falange, ex paseador do ano 1936 en Monforte: o segredario, un antigo combatente da División Azul e nazi-franquista coñecido; hai, ademais, en distintos postos, tres ex-gardaciviles, espulsados do Benemérito Instituto, supoño que non por ir a misa duas veces...

Eu, niste intre, vivo de dar crases de castelán nun Instituto. Os meus catro fillos traballan, e anque gañan pouco voume defendendo.

Apertas

Celso Emilio Ferreiro

***

[33] CEF describe a seguir o proceso de substitución da directiva progresista que o nomeara para o seu posto por un novo equipo afecto ó réxime franquista, o que determinaría que abandonase o cargo que ocupaba.

Caracas 8 de xaneiro de 1969

Sr. D. XOSE NEIRA VILAS
Habana

Ben querido amigo:

Chegoume a carta sua e, na mesma semá, a nova edición de "Memorias dun neno labrego"; unha separata de "Papeles de Son Armadáns" cunhos fermosos poemas seus, e o recorte de "España Republicana" cunhos poemas meus. Foi, pois, unha *Semá Neira Vilas.*

Moitas gracias por todo. As "memorias" chegáronme dende Madrí, remitidas por un Neira Vilas. ¿É seu irmau? Si fose esí; si vostede ten un irmau residente en Madrí, ¿non podería servirnos de intermediario pra que a nosa correspondenza poidera ser mais frecuente e mais doada?. Escribir dende Venezuela a Cuba é un laberinto, creo eu, e incruso supoño que se deben perder algunhas cartas.

Voltei a leer as "Memorias". Non quero decirlle outra cousa que é un gran relato que eu comprendo moi ben pois non en balde nacín e crieime nun ambente campesío. É unha aportación moi valiosa a nosa literatura tan falla de testimuñas.

Nistes días saiu en España o meu "Viaxe ao país dos ananos". Até agora non teño en meu poder mais que un exemprar, cando me cheguen os que están xa en camiño por correo ordinario, verei de mandarlle ún, mellor vía España pra ter a seguridade de que lle chega. O libro saiu mutilado pola censura. Surpimiron catro poemas compretos, e varios versos de outros, sobor de todo do dedicado ao Che Guevara[34]. De tódolos xeitos coido que será ben acollido.

Os vinte poemas que mandei para impresionar un disco, foron todos vinte *cargados* polos censores. Non entendo iste asunto, pois os poemas, na sua maoría perteñecían a libros meus que xa tiñan pasado pola censura. Soio dous poemas estaban inéditos. Se coñece que o censor que lle tocou de turno, tenlle alerxia ao meu nome.

---

[34] Trátase da "Anaina para o Che Guevara", que aparecería en 1969 no volume *Poemas al Che*, do que tamén se fala na carta de Celso Emilio do 6 de decembro de 1969.

Nestes días mandei para a coleición "Val de Lemos", que en Monforte patronea Manuel Maria, un libriño titulado "Terra de Ningures". Nél vai o poema que me premiaron nos Xogos Froraes de Buenos Aires[35], mais outros dazaseis poemas, mais ben cantigas nas que gloso canciós e decires de estas terras americáns. Creo que iste libro daralle unha certa variedade a miña obra. (Agora lémbrome que iste libro meu vai a salir en compaña de outro de vostede, según me dixo Manuel María)[36].

Teño recibido as revistas que me manda. Mais que ningunha interésame a literaria da Casa das Américas. ¿Poderá remitirme as que vaian saindo?

As cousas da Hermandad Gallega siguen como estaban fai meses. Eu estou totalmente arredado desa loita inutil. A xente que se dí de ezquerdas é casi peor que a franquista. Salvo os que compoñen o grupo P.C. español, que teñen unha idea crara da situación, os demais, ou son unhos probes homes, pequeno burgueses, pequeno idiotas e pequeno analfabetos; ou son unhos repubricanos fosilizados no ano 1940. En resume, nada hai que facer con iles. Convencidos délo, recentemente fundamos o Padroado da Cultura Galega pra ver de cinguir á xente da nosa caste política e facer a labora que os tempos esixen cara a Galicia en particular e España en xeneral. Con iste Padroado, mais cun Comité de Solidaridad coas Comisiós Obreras, comprétase o círculo das nosas actividades. A Hermandad é simpremente un club ao que concurren as nosas xentes desleigadas e desclasadas. Certos homes de "ezquerda" tivérona no seu poder e non soio non souperon facer unha laboura política axeitada, senon que foron incapaces de sosterse no poder. Deixáronse gañar estupidamente.

En Buenos Aires as cousas foron distintas[37]. A xente da oposición aos franquistas soupo levar a loita con eficacia e nas derradeiras eleuciós logrou gañarlle a Mourente e Compañía. As conferencias e mitins meus e de Ferrín, unido aos Xogos Froraes, foron de gran eficacia na coleitividade

---

35 Nos I Xogos Florais do Idioma Galego celebrados en Buenos Aires en 1968 obtivo a Flor Natural e o Primeiro Premio polo poema "Miña patria galega".

36 Refírese a *Inquedo latexar*, publicado en Val de Lemos, colección de poesía dirixida por Manuel María, en 1969, ano no que tamén apareceu *Terra de ningures.*

37 En 1969 Ramón Mourente foi substituído na presidencia do Centro Galego por José Alfonso Reboreda.

por a sua aparatosidade etc. A ida de Ferrín debeuse a consellos meus, pois os orgaizadores andaban un pouco despistados. Querían levar ao Presidente da Academia ou a outro calqueira estafermo polo estilo. Eu díxenlle que había que darlle paso aos novos valores políticos e intelectuales, propoñéndolle a Alonso Montero ou a Ferrín. Esí foi, e resultou moi ben, pois a xente entusiasmouse coa evidencia do "novo" galeguismo xurdido na propia Galicia e dentro dos nefastos trinta anos fascistas. Non podo darlle unha versión miña da coleitividade, pois o viaxe foi moi rápido e atafegado. Somente ouservei que a xente que tratei en Buenos Aires é moi superior, con moito, a de Caracas. Con esto queda dito todo en col a clase de monifates que son os de eiquí...

O meu viaxe, repito, foi moi rápido. Vinte dias pra visitar Buenos Aires, Rio da Plata, Mendoza e Montevideo. Ao regreso estiven en Rio de Xaneiro. A ida, e debido a que estaba fechado pola brétema o aeroporto de Buenos Aires, estiven unhas horas en Asunción. Foi moi fermoso, pro moi pouco efectivo, xa que non saqei mais que unha visión de todo en cinta cinematográfica. Agora teño na memoria do viaxe, algo esí coma unha lembranza calidoscópica.

¿Onde sai a sua "Historias de emigrantes"?. Eu estou proparando un libro de poemas en castelán. ¿Qué posibilidades lles vería vostede si o presento ao premio da Casa das Américas? Non coñezo ningún dos libros premiados e polo tanto estou despistado respeuto a sua tónica.

En sobre a parte mándolle "Cantigas de escarño e maldecir", un folletiño de versos que lle adiquei aos monifates de eiquí e que firmei co pseudónimo de Arístides Silveira. Son mais ben unha divertición quevedina.

Coido que se me esquece algunha cousa, pro déixoa pra outra carta.

Reciba unha cordial aperta de

Celso Emilio

***

Habana, 13 febreiro de 1969

Sr. D. Celso Emilio Ferreiro
Caracas

Meu querido amigo:

Fai xa uns días que me chegou a sua carta do 8 de xaneiro, logo do seu periplo polo Sul.

Práceme que lle vaia chegando todo ben. Seguín facéndolle envíos, por via ordinaria. Teño en conta o das publicacións literarias, particularmente a revista CASA. Ten razón: está moi ben. Mália que sae cada tres meses. Pode utilizar a vía de mandarme a correspondenza por meu irmao Xesús (Madrí), anque o certo é que dende Caracas as cartas chegan máis axiña, moito máis axiña que incruso as que veñen direitamente de España. Non sei a que se debe (talvez veñan por México, non sei) pero é así. Moito dempois da súa do 8-1 chegoume unha de A. Montero do 26-12-68. Penso pois, que talvez conveña (a menos que Vde. pense nalgunha outra razón) seguir como até agora, direitamente. Como mellor lle pareza.

Pola carta de Alonso a que aludo, souben da aparición de "Viaxe ao país..." Teño moito intrés en leelo. Sabía tamén da supresión e mutilación de uns poemas, é decir, aos que vostede alude. Sabía do disco en trámite, por Basilio, pero non dese desenlace final de que non aprobaron ningún dos poemas. Tamén agardo con moito intrés o caderno de "Silveira".

Soubo da multa que lle impuxeron a Manuel María? (E iso que non comenzara o "estado de esceición"). Non sei cómo andarán as cousas por alá nestas semáns. Ogallá se trate dos derradeiros brúos da fera; ten visos de pelexa "palaciega" entre falanxistas e opudeístas. Irase sabendo cáles son os móviles (aparte, craro está, dun móvil ben á vista: as loitas obreiras e estudiantiles, a protesta en aumento do povo todo que vai saíndo desa "longa noite de pedra"). O noso amigo mandoume unha copia da resolución. Escribín deseguida un traballo (reproducindo uns poemas de "Claraboya") pra "España Republicana", que sae nestes días. E mandeille copia a Velo (México) coa indicación de que lle dese difusión ó lério alí e o trasladase a Sudamérica. Non teño ideia de cal terá sido o desenlace desta sanción: se M. María estará na cadea (dime "non teño un can") ou se lle terán condonado a multa; talvez quixesen asustalo. Non sei. A

Xavier Ribalta (cantor, ou cantante de protesta) tamén lle impuxeron unha recentemente, da mesma cuantía.

Alédame moito a creación do Patronato (Ferrín decíame algo deso fai pouco). Totalmente dacordo cos seus principios, cos seus propósitos e ouxetivos. En canto ós monifates eses, que sigan coas súas vaidades, coa súa lamentabel farsa e vaciedade. Nefeito, polo que di, craro que a situación non é tan triste en Bos. As. e Montevideo, anque non faltan inchados. Alí, entre outras cousas, hai certo sentido do ridículo, e déronse algunhas razós "históricas" que favoreceron unha situación algo mellor que a de Caracas. Alédome certamente deste seu viaxe. Boa esperencia.

"Historias de emigrantes" vano editar en Montevideo. Fai tempo que non teño noticias, pero penso que a edición está "andando". Paréceme boa idea que presente o seu libro de poemas en castelán no Concurso Casa das Américas. Ten moito prestixio e seriedade. Poden participar latinoamericanos e españoles. Hai tempo até fin de ano. Podería mandarmo e fágoo chegar direitamente dende aquí. Ou como prefira. No derradeiro acaban de premiar (en poesía) "La taberna y otros poemas, do salvadoreño R. Dalton. O ano pasado "Canto ceremonial contra un oso hormiguero", do peruano Cisneros; fai dous anos "Blanco Spirituals, do español Felix Grandes. Non hai ningún tema determiñado, agás en ensaio. O demáis e enteiramente libre e sóio se require calidad artística. Penso que esto pode servirlle dalgunha ourentación. Mándolle as bases que son iguales tódolos anos.

E namais. Reciba unha aperta moi cordial de seu

X. Neira

PADROADO DA CVLTVRA GALEGA
Caracas, maio de 1969

Sr. XOSE NEIRA VILAS
Habana

Ben querido amigo:

Escríbolle con certo retraso debido a unha gripe que me tivo encamado unha semán e que me deixou sin azos pra nada, salvo pra soñar co retorno a Terra, que é a miña constante ocupación mental.

Non lle podo mandar, como sería o meu gusto, o "Viaxe..." porque somente teño en meu poder un exemprar, que, nada mais sair do prelo, me enviou Batlló, direutor da Coleución O Bardo. A Editorial Ciencia Nueva tiña que terme remitido cen exemprares, como estaba convido, pro debido a persecuciós e a outras interquedencias, esquecéronse do compromiso e agora vai a ser difícil que o cumpran, pois según as miñas noticias, a Editorial foi crausurada recentemente. Terei que mandar diñeiro pra que algún amigo merque unhos cantos exemprares... Según me informa Xesus Alonso e o propio Batlló, o libro estase vendendo moi ben; somente en Galicia van 600 exemprares, o cual resulta verdadeiramente solprendente. A crítica ten sido moi favorabel; saíron cousas en Madrid, Barcelona e... Valladolid. En Galicia, salvo un artigo de Torneiros na "Voz" da Cruña, silencio absoluto. Manuel María mandou un comentario ao "Progreso" de Lugo e devolvéronllo "por exceso de original". A min non me estrana esta actitude cerril de algunhos compatriotas nosos, entregados ou vendidos ao franquismo como Cunqueiro etc. O que sí me estrana é a posición dos galeguistas de "Galaxia", Piñero, del Riego, Sabell, etc., que levados do seu fedorento "anticomunismo" son capaces de chegar as mais noxentas vilezas: silenciar, calumniar, delatar...

Digo que me estrana esta posición, i en realidade non me espreso ben, pois en verdade xa fai tempo que comprendo o mecanismo que a move, e que non é outro que o de haber elexido, defiñitivamente e con tódalas consecuencia, un dos campos nos que arestora se debate a historia dos homes: a bandeira do imperialismo e dos esplotadores, que leva imprícita a idea de "preferir a inxusticia ao desorde". Esto, vouno entendendo; o que non entendo é a xenrreira, o odio incivil, a paixón brutal, a teima feixista con que alimentan o seu parcialismo...

Iste desafogo, amigo Neira, non é produito do que a min poida pasarme con iles persoalmente, sinon que é fillo das cabronadas que ao longo de istes anos nos veñen facendo aos progresistas, a quens non nos poden perdoar que lle teñamos arrebatada a bandeira do galeguismo que iles pretendían poseer en escrusiva. A creación e nacimento da Unión do Pobo Galego rematou de poñelos tolos.

Mendez Ferrín está na cadea dende o dia que se decretou o "estado de excepción"[38]. Non coñezo detalles, pois a xente que me informaba a traveso de correos especiales, enmudeceu de sópeto i eu non me atrevo a escribirlle por medo a interferencias policiales. Escríbome con Xesus, pro sempre a cara descuberta e sin posibilidades de decirnos cousas a miudo e craramente. O mesmo pásame con Manuel Maria, a que, nefeuto, puxéronlle unha multa de 75.000 pesetas a consecuencia dun acto literario que se celebrou na Universidade de Madrí. A multa xa foi paga, cos cartos recaudados en Barcelona, Buenos Aires, Caracas e México. Creo que tamén lle mandaron algo dende Montevideo. De eiquí mandámoslle 10.000 pesetas. Non foi grande cousa, pro hai que ter en conta que entre os galeguistas e comunistas que contribuiron a recaudación non hai xente rica; e, por outra parte, estaba moi recente outro "escote" que fixemos pra creación do Padroado.

Manuel María dime que o libro de vostede xa está listo pra distribución, pendente só do oportuno permiso. Eu díxenlle que me mandase 40 ou 50 exemprares, que eiquí serán fáciles de colocar. O meu libro chegoulle da censura coa mutilación do poema que me premiaron en Buenos Aires, nos Xogos Froraes. Entón decidín editar eu eiquí ise poema con dibuxos de Sesto (fillo) residente en Caracas, bon amigo meu.

A presentación do meu libro ao concurso da Casa[39] é un propósito aínda non cristalizado. Estou traballando, pro todo depende do satisfeito que me deixe o traballo. Penso ademais que os meus poemas teñen todos un transfondo antifranquista e quizais eso sexa un grave inconveninte pra o

---

38 Ferrín foi encarcerado porque lle atoparon na casa unha novela inédita, sobre a guerrilla antifranquista, titulada *Os corvos, a figueira e a fouce de ouro*.

39 A prestixiosa Casa de las Américas cubana convoca anualmente un sonado concurso literario internacional. Neira propúxolle que se presentase, e de aí o comentario. Celso Emilio non chegou a concursar.

premio, no suposto (remoto) que o tal libro o merecera; xa que non descoñezo a delicada situación esistente entre Cuba i Hespaña.

Adxúntolle dous poemas casteláns por si vostede quere que se pubriquen en "España Republicana"[40]. Un dos poemas -"El Atraco"- perteñece ao libro; o outro, non. Tamén lle mando un programa da UPG, pra que vostede me dea a sua opinión en col de iste movimento, que según me din está tomando moito corpo na Terra. De París recibín fai algún tempo, un Anteproieuto pra creacion do PC galego. Non estou conforme co seu contido e así io penso decir a S. Alvarez. Trátase de algo moi indeciso, moi tímido e tamén contradictorio. É unha especie de quero e non quero, de douche e quítoche, de sí pero non, co que no se irá a ningures. A miña arela era que a cousa fose mais decidida e valente, pra que a UPG entrase de cheo nunha fusión, que eu podería propoñer e defender con grandes posibilidades de ésito. Mais esí non é doado. Si se acepta o principio da autodeterminación dos pobos, ten que ser con tódalas consecuencias. Non se poden regatear dereitos e menos descoñecer realidás que fan de nós un pobo diferenciado, non soio no caracter, sinón tamén nos problemas e no seu enfoque. Isto non contradice a esistenza da loita de crases, nin o internacionalismo, sino ao contrario ilumiña i escrarece os seus contornos.

Ben; coido que por hoxe non teño mais que decirlle.

Reciba unha cordial aperta de

Celso Emilio

***

[40] Quincenario antifranquista que se publicaba na Habana por conta dos republicanos exiliados na illa. Dirixido por Manuel Carnero, tanto el como o equipo de redacción pertenecían ó PCE. Efectivamente, nel publicáronse os poemas de Celso Emilio e algunha outra colaboración do escritor como o artigo "Noticia de una literatura poco conocida", que xa aparecera con anterioridade nunha revista da Universidade de Caracas (*vid.* Tamén sobre este asunto a carta do 6-VII-1969).

Caracas 4-VII-69

Meu querido Neira Vilas: Chegáronme de Galicia dous paquetes con "Terra de Ningures" e "Inquedo Latexar", que estou colocando entre os amigos pra ver de axudar a Manuel María na sua aventura editorial. O seu libro ten unha grande frescura poética, que non esconde unha latexante preocupacion polo destiño do home e da nosa Terra. Gústame o seu libro, e léndoo atópome no meu elemento natural, na única poesía que me conmove. Non é perciso decirlle mais, pois do contrario semellaría un concerto de bombos mútuos, que eu repudio con todo o meu esprito.

Si non recibiu "Terra de Ningures", con moito gusto mandareille un exemprar. A Coleición Castrelos que dirixe Xosé María Alvarez Blazquez vaime a pubricar un libro de contos co que estou bastante ilusionado[41]. Parte déles desenrólanse eiquí e outros en Galicia. O traballo distes contos serviume, creo que, pra exercitarme na narración, que dende fai anos tiña abandonada.

Recibo con frecuencia as revistas que vostede me manda, algunhas délas, estupendas. Por certo que na "Gaceta"... topeime cun longo artículo de Nicolás Guillén falando do banquete que os españoles lle deron ao xefe militar e aos soldados que mataron a Maceo. Iste banquete foi orgaizado polo Centro Galego da Habana e celebrouse no mesmo lugar onde mataron ao héroe. O menú era galego e a mesa central do banquete estaba presidida polo escudo e a bandeira da nosa Terra. Algo horribel, macabro e vergoñento, que a ún prodúcelle unha indiñación "retroactiva".

Pois ben; non sei si sabe que alá pola década dos coarenta eu escribín e pubriquei unha modesta biografía de Curros. Tódolos papeles que manexei e versiós que consultei en averiguación das causas da ruptura de Curros co Centro decían o mesmo: que o poeta tíñase alporizado porque habían elexido Presidente da entidade a un madrileño fillo de galegos. A min sempre me pareceu que tal versión impricaba unha imaxe mezquiña de Curros, home enteiro e difícil, pro non até o punto de armar unha revolución por un motivo tan insiñificante. Sempre pensei que detrás de esta versión tiña que haber outro motivo mais profundo que xustificase a sua cólera. Evidentemente, foi o banquete miserento a causa verdadeira da sua repulsa. Coinciden perfectamente as datas e as circunstancias que arrodearon o incidente. O

41 Trátase de *A frontera infinda*, que publicou Edicións Castrelos en 1972.

que ocurre é que Curros, que a sazón traballaba no "Diario de la Marina", non poido esteriorizar a sua carraxe, porque foi precisamente ise xornal o que promoveu a campaña pra o banquete sinestro. Pro eu -e vostede tamén- figúrome a carraxenta indiñación, a feroz repulsa, a colérica reaición de Curros, perante aquela noxenta conduita dos nosos paisanos. Quero escribir un artigo en col diste tristeiro asunto. ¿Podería vostede suministrarme algunhos datos mais?[42]

Eiquí estamos a facer algunha cousa a través do Padroado da Cultura Galega. Con moito traballo, porque a maoría da xente que se acercou a nós, profesa un galeguismo de mitos e ritos, de voo curto e de intenciós inocentes. No fondo non lle fai gracia o galeguismo político e actúan como si a policía de Franco estivera espreitando a volta de cada esquiña. Na realidade somos só cinco ou seis os que temos unha idea crara da cousa e cústanos moitos esforzos conseguir que os demais entren polo aro da verdadeira actuación. Esta emigración é mala até nos escolleitos. Por outra parte, a forza asimilativa do país está facendo a sua laboura, que se manifesta na desvitalización do sentimento galeguista. Esta emigración é moi nova, non ten tradición. A emigración masiva de galegos a Venezuela comenzou no 1946 e rematou no 1959. A sua maoría están xa absorvidos e vinculados ao país receptor, e o resto está en camiño de incorporarse. Iste fenómeno non era tan perceptibel cando ao porto da Guaira chegaban tódolos meses barcos carregados de paisanos nosos. Pro agora pode decirse que constituimos a derradeira xeneración de galegos na América, xa que non é posibel que volte a repetirse o espectáculo da emigración masiva a iste hemisferio. Isto é tráxico: antes de doce anos non quedará eiquí de

[42] Neira Vilas insistiulle a Celso Emilio en que a causa das desavinzas entre Curros e o Centro Galego había que procurala na falta de apoio que o escritor atopou en dita institución ó semanario *La Tierra Gallega*, fundado por el en 1894. Como autonomista, Curros combateu duramente nas páxinas do xornal ó xeneral mambí Antonio Maceo (nado en 1845 e morto en combate en 1896). Sen dúbida, por razóns éticas non debeu de gustarlle moito a festa en celebración da súa morte, pero tampouco debeu ser esa a causa concreta da ruptura. Neira aclaroulle no seu día, logo de investigar o asunto, que o Centro Galego fora unha das asociacións patrocinadoras, e non a protagonista do acto; que non había tal menú galego (lémbrese que en América lle chaman "gallego" a todo o que é español, e quizáis de aí o erro) e que en absoluto estiveron presentes os símbolos galegos ós que Celso alude; de feito, a bandeira galega ondearía por vez primeira na Habana, pero dez anos despois.

Galicia, mais que unhos cantos apelidos aportados por nós ao onomástico venezolán. E, arestora, pouco mais temos aportado.

Naturalmente, ao chamarlle tráxico a iste feito, non me refiro mais que a realidade da nosa presencia eiquí. Porque o feito de que a emigración masiva as Américas teña rematado, éncheme de gozo, anque sei que non se trata que Galicia teña deixado de ser un país produitor de emigrantes, senón de que agora os seus fillos emigran a Europa, onde non son asimilados e de onde retornan sempre, moitas veces cos ollos ben abertos e as ideas cambeadas.

Iste ano irá a B. Aires pra o Dia da Patria, Xosé Maria Alvarez Blazquez. Os escasos axentes que os "Galaxias" teñen alí propuñan a candidatura de García Sabell. Fólgome que non se saíran coa súa. Eu persoalmente non teño nada contra o saudoso da filosofía (léase Piñeiro) e os seus seguidores, pro estou -estamos moitos- enfrentados a iles polo seu reaccionarismo patolóxico, e, sobor de todo polo seu "anti" repulsivo, que os leva até ser, en certa maneira, sapos da policía franquista. Cando os franquistas entraron na Irmandade Galega de Caracas, invitaron a Paco del Riego a vir eiquí a dar unhas conferencias. Eu escribinlle a Paco, espricándolle todo, pro foi inutil, veu a facer o ridículo. A min deume a disculpa de que non tiña recibido as miñas cartas, cousa incerta. A Ferrín díxolle que viña, porque nós non éramos mais que un fato de comunistas epilépticos, e os que o invitaban, un grupo honorabel de bos galegos e repubricáns garantizados. Cando o ano pasado me invitaron a min a ir a B. Aires, os "Galaxias" apresuráronse a darlle ordes aos seus escasos seguidores (Prada e comparsa) pra que se opuxeran rotundamente ao meu viaxe, baixo a tesis de que eu era un perigroso comunista. Afortunadamente nada conseguiron, salvo *impedirme* que aceptase unha invitación da Federación de Sociedades Galegas, pra que intervise nun acto, pois de haber aceptado houbéralle dado a Prada e amigos, un bon argumento pra confirmar a miña *perigrosidade.* Lois Seoane, que, non sei por qué, tamén se opuña ao meu viaxe (é moi amigo de Paco del Riego), anda agora por Galicia a despotricar contra de min polo meu "comportamento" cos camaradas da Federación. A miña verdadeira misión en B. Aires non era outra que a de desmontarlle o tinglado aos Galaxias no Consello de Galicia, na Irmandade Galega e nos restantes núcleos galeguistas, mais ou menos desvitalizados, pra renovalos e pólos ao servicio do galeguismo progresivo e actuante. Esta mision, que cumprín con ésito, e que dempois rematou Ferrín,

non houbera podido levala a cabo si aparezo do brazo cos da Federación. Iso é todo.

E abonda de chismorreo. Dígame si percisa algún libro, revista ou pubricación que lle poida mandar dende eiquí, que o farei con moito gusto.

Reciba as cordiales apertas de

Celso Emilio

Mándolle un programa da UPG. Gustaríame que me dera a sua opinión sobor iste movimento.

***

Caracas 30 de xulio de 1969

Sr. XOSE NEIRA VILAS
Habana

Meu querido amigo:

Chegoume "Historias de emigrantes" editado polo Padroado da Cultura Galega de Montevideo. Trátase de unha edición moi fermosa e os contos son unha delicia narrativa. Agradézolle na alma o que me adicou[43]. Noutra ocasión falareille con mais vagar diste libro, pois agora, na realidade, o motivo de estas letras miñas é outro.

Unha empresa pubricitaria encarregoume un libro sobre algo esí como unha pequena historia do afiche, no que entrará unha parte histórica xeneral, e outra relativa ao afiche venezolán. Respeito a parte histórica non teño casi material informativo, e eiquí é onde entra a sua posibel colaboración. Na revista *CUBA internacional*, ven un traballo moi interesante sobre o afiche nesa illa. Elo faime supór que poidera haber ehí algunha pubricación -folleto, libro, monografía- que lle adicara a iste tema as suas páxinas, onde eu poidera "beber", pra facer o meu traballo. Neste caso agradeceríalle a súa colaboración. O libro será, naturalmente, un *refrito* do que xa estea pubricado polo mundo adiante. Eu non penso aportar nada, porque casi nada sei diste asunto. Trátase

[43] "O vello Roque", un dos contos de *Historias de emigrantes*, está dedicado a CEF.

dun traballo informativo no que cabe a amena literatura. Non o firmarei, ou, cando mais, firmareino con pseudónimo[44].

Por Buenos Aires andan Xosé Maria Alvarez Blazquez e Alonso Montero. O pirmeiro levado polo Centro, e o segundo pola Federación. Xosé María virá de regreso por eiquí o 6 do mes vindeiro. Non sei si Alonso fará o mesmo. Ogallá se lle ocurra, pois gustaríame parolar con íl longamente.

Por eiquí estivo Cunqueiro, traguido polos fascistas da Hermandad. Deu tres conferencias na Sociedad sobre os seus temas escapistas de sempre. Deu outra na Cámara de Comercio (é natural que fose elí pois os capitostes da Hermandad son todos tendeiros e horteras) a que, según me informan, asistiron dez persoas, incruido o presentador. Eu non fixen nada por velo, ni íl por verme a mín. Fai unhos anos que témola amistade conxelada polo seu senso reverencial do poder constituido. Parece ser que a miña amistade perxudicaba as suas angueiras trepadoras.

Unha cordial aperta

Celso Emilio

***

Habana, 31 de xulio do 1969

Sr. D. Celso Emilio Ferreiro
Caracas
Meu querido amigo:

Recibín a súa carta de maio. Chegoume fai apenas uns vinte días. A correspondencia está tardando moito. Coa carta viña o folleto da UPG. E os dous poemas. "España Republicana" estaba a pique de saír, pero poidemos intercalar estes dous intresantes traballos, ós que engadimos o texto do prólogo de Basilio a "Longa noite de pedra" (Ed. El Bardo). Mándolle coa presente

44 Neira mandoulle, efectivamente, unha monografía sobre o *affiche* cubano, que daquela acadara unha calidade gráfica recoñecida internacionalmente, sobre todo os de o ICAIC (Instituto Cubano de Arte e Industria Cinematográficas).

un recorte. Vde. recibe habitualmente este periódico? Dei o seu enderezo, pero non sei se chega ou non (sae quincenalmente).

Sobre o folleto da UPG, que lin e repasei con grande intrés, como pode supoñer (eu coñecía "Terra a tempo", que me mandaba Soto: dous númaros. Sigue saíndo?), e podo decir que suscribo enteiramente tódolos pranteamentos. Pode que a partir da toma do poder se teñan que axustar certas custiós, pero eses dez puntos básicos abranguen as seculares aspiraciós do noso magoado povo. Anotei algunhas acotaciós, partindo da miña esperencia de oito anos neste proceso de construción socialista que leva a cabo a Revolución Cubana, baixo a lúcida direición de Fidel, renovador das conceiciós marxistas tradicionales, anti-rutinario, anti-manualista, por fortuna.

Moi craro o que se sinala no párrafo terceiro do punto 3. Aquí vin traballar en industrias de confeiciós de roupa a catro ou cinco mil antigas costureiras. Mercóuselle a máquina e instaláronse como proletarias nunha liña de producción orgánica. Esto veuse noutras moitas ramas. É unha esperencia intresante. Miserables traballadores pola súa conta, "minifundizados", fóronse proletarizando.

No punto 6 sinálase o autofinanciamento das empresas (aquí -esperencia novísima- utilizamos o de "financiamento presupuestario, con bos resultados. Esto ten impricaciós diversas, que se non poden contar no límite dunha carta, i é prematuro darlle moita volta. Simpremente o aponto pra o futuro, co mentes de que se teña en conta a esperencia cubana). Tamén convén analizar o da participación nos beneficios das empresas, por parte do personal (esto pode traer problemas de seitorialismo, mentalidade de siño capitalista. En fin, esto é complexo, pois un país non desenrolado, na etapa de transición, debe manter e aumentar a productividade. Pero como tamén debe educar a concencia socialista pois hai que ver até onde os estímulos económicos perxudican ésta).

Do punto 6: unha vez socializadas as grandes empresas é pouco probable que os xerentes e personal direitivo en xeral queiran quedarse. Responden cuase sempre á crase que sirven e á que desexan tarde ou cedo integrarse. Pode haber esceiciós (aquí tivémolas). Nalgús casos hai raposos que fan que sí, e logo "malean" á xente. Inda que se non atrevan a danar a industria -e tamén soen atreverse ó sabotaxe taimado- son negativos ideolóxicamente. Sería bo prá producción que continuasen, pola súa esperencia, pero hai que ter moitas reservas nesto. (Craro, todo esto acrárase no acápite 4).

Estas acotaciós, querido Celso, son "menores", e nin siquera entrañan unha discrepancia miña cos enfoques dados, nin moito menos. Son acotaciós de posibilidades, á luz do que con maor ou menor acerto vimos facendo aquí; ben comprendo que en cada logar debe apricarse o método máis axeitado dacordo con condiciós reales. Neste traballo vexo realmente un proieito de socialismo pra Galicia que -logo de ter andado nestes derradeiros anos polo vieiro marxista, de conocer o desenrolo desta etapa noutros países e latitudes, e de vivir a formidable esperencia de Cuba- é moi difícil melloralo ou sinalarlle omisión ou desenfoques. Todo alí está moi lúcido; ensamblado o lério nacional-social, a impopularidade do nacionalismo burgués, o internacionalismo proletario na súa xusta dimensión e aplicación, o non descoidar a loita dos países asoballados do III Mundo, o craro sentido antiimperialista, o propoñer unha democracia popular e que se non confunda coa chamada "democracia liberal". Todo está nidiamente espresado. É un programa verdadeiramene revolucionario. Coñecía (e acollín con entusiasmo) os dez puntos, pubricados en "Terra e tempo", pero agora, nese detalle vense inda mellor espostos, desenrolados con craridade, nun lingoaxe preciso, ouxetivo. Repito: suscribo íntegramente o seu contido.

Sería deseable que -como vostede aponta- se chegase a unha fusión da UPG co pece galego a formar. Pero se o anteproieito que lle mandou Santiago anda nesas dúvidas e vacilaciós, as distancias serán grandes. A crásica timidez de "darnos" demasiado, coma se Galicia non tivese de por sí tódolos dereitos gañados como nacionalidade. É que os complexos centralistas chegan moi lonxe, e teñen un eito de matices. Por outra banda, Vde. é a persoa, pola súa craridade política e polo seu prestixio, que podería nefeuto propoñer e defender neste intre ese achegamento, que, de acadarse unha maor aprosimación tería positivos resultados e totalizaría unha suma de forzas moi necesaria. Talvez -digo eu- varíen o anteproieito e entón a fusión pode darse.

Pedin a Madrí o "Viaxe...". Veremos se mo mandan. Comprendo que Vde. non pode, pola situación de "C. Nueva" (na Habana tratei ó Munárriz, moi bo rapaz). Non me solprende ó éisito do libro. É Vde. o mellor poeta de Galicia e un dos máis outos da Penínsua. Eso non é un segredo. Mália esas reviravoltas, prexuicios, silencios, en fin, diante dunha obra que se non pode, en definitiva, silenciar. Alá eles. A derradeira palabra é da Historia.

Souben que tiñan eibado ó Ferrín. Mandeille unhas letras e non sei se lle chegarían. Xesús irá a Bos Aires este ano (coido que xa debe ter saído).

Dime M. María que xa saeu "Terra de ningures". Mandoumo, pero inda non me chegou. En canto ó meu modesto "Inquedo latexar", práceme esa iniciativa súa de pedirlle a Xistral uns exemplares pra colocar ahí. Compre axudar ó noso amigo M. Maria, que se meteu nunha difícil empresa de editar poesía. Non deixe de mandarme, cando salla, o poema dos Xogos Florales.

Se por fin se decide, non deixe de mandarme, con tempo (por avión certifica, ou por propio, en catro copias, ou algo así) o seu libro de poemas en castelán pra o concurso Casa. A delicada situacion a que alude, que é real, non pesaría no fondo do tema dos poemas. Por esa banda, non deixe de mandarmo. Os xurados son do máis heteroxéneo, e ás veces (sobor de todo anos atrás) adoptan posicións estéticas de moita "vangarda", premiando obras, sobor de todo en poesía, de dividoso valemento. Ultimamente as cousas melloraron abondo. E participa moita xente (unha cantidade realmente impresionante). O concurso é rigurosamente serio. Ten moito prestixio.

Inda non recibeu "Historias de emigrantes"? Dispuxen que llo mandasen de Montevideo.

E polo doxe namais. Agardo sempre con intrés as súas novas. Entramentras, reciba unha cordial e fraterna aperta de

X. Neira Vilas

***

Habana, 31-10-69

A Celso Emilio Ferreiro
Caracas

Meu benquerido amigo:

Escribinlle unha longa carta, da que no lembro a data, denantes de ter recibido a súa do 4-7. Antes de respostar ésta, agardaba noticias de Vde. E tívenas fai uns dez ou quince días, pero con data 30-7 e sin mencionar a miña denanterior. A tardanza da correspondencia dahí é por demais. Non conozo, no marco das miñas relaciós epistolares logar onde demoren máis a resposta.

Coa súa de 4-7 viña un segundo exemplar do folleto da UPG, o cal tiña comentado na anterior que menciono.

Sobor do artigo de Guillén arredor do banquete que deron os reaicionarios galegos ó matador de Antón Maceo, é, doorosamente, certo. Consultei a Marina daquela época, daqueles días. Del estraín máis detalles que Guillén non consigna. "A la cabeza de la comitiva que marchó a Punta Brava, llevado por uno de los individuos de la guerrilla exploradora, iba un espléndido estandarte blanco y azul, delicadamente bordado por la señorita Nogueiras, con la siguiente inscripción: "Honor a los vencedores de Maceo, La Colonia Gallega, dic. 7-1896". A Ciruxeda fixéronlle regalos os fabricantes de tabacos, "Lonja de Víveres", etc. "Menú papel marquilla a tres tintas y coronada por el escudo de Galicia" (di a crónica da época). O 19-12 fala o mesmo periódico, do "cabecilla Maceo" e quéixanse de que non todos os españoles adhiran a ese aito e incruso que o critiquen, sobor de todo dende xornales de provincias. Foi unha representación da prensa local. Polo periódico reaicionario de marras foi un tal Espinosa, non sabemos se galego. 19-12-1896: "de la columna homenajeada separaron a unos cuantos soldados y este Ruibal les habló en gallego y les recitó versos en el idioma en que Rosalía Castro, Aurelio Aguirre, Francisco Añón, M. C. Enriquez y V. Lamas Carvajal han escrito tantas y tan hermosas joyas de la literatura regional". Hastra esto: É moi posible que o alonxamento de Curros do C. Galego fose a indiñación que lle produxo ese feito bochornoso, anque talvez non se poida afirmar. O argumento de Vde. é de moito valemento (o feito de traballar el no periódico, etc.). Faltaría somente o testimonio, o documento riguroso. Polo demais, cuase seguro que foi así. Nas notas da prensa non se fala pra nada do C. Galego. Dise sóio: "Comisión de Soc. Galegas", anque é obvio que o Centro como entidade máis importante estaría adherido i en punta. O Centro tivo, dempois de outida a independencia de Cuba algús xestos notables, de achegamento a M. Gómez, e outros líderes, etc. pero tamén pudo ser un trasego de politiquería, de acomodamento. Como queira que sea, voltando ó do homaxe, é algo repugnante, noxento.

Mandoume Manuel María "Terra de ningures". Fermosa poesía, como é sempre a súa; dificil, dificilísima sinxeleza do verso decantado, limpo e natural coma un regueiro eterno; maduramento que sólo se acada cun outo talento lírico e un longo exercicio poético. Felicítoo. (O que non coñezo aínda é o "Viaxe...". Mandeino pedir a Madrí, e, craro, xa estaba esgotado).

Vin na revista "Cultura Universitaria", de Caracas, un comento de Helena Sassone, sobre "Longa noite de pedra". E xa que falo deste libro: teño algús dos discos da "nova canción galega" e neles algús poemas musicados (Xavier) que dan unha nova dimensión á nosa canción popular, non somente musical senón tamén temática. Sigo de perto este movimento. Irá mellorando. No tocante ás letras, anque de boa intención todas, ás veces o mensaxe tóllese un tanto por falta de habilidade pró verso, pro enfoque que resulte a un tempo de contido, crara esposición e calidade estética. Por eso é un acerto o que teñan escollido eses seus poemas.

Comprendo, asimilo pleamente todo o que me di dos entretelóns de Bs. As. Penso que foi boa ideia que teñan levado a A. Blázquez, e por suposto moi importante que teña ido ó Plata Alonso Montero. Tal pra coal: dereita da Irmandade versus Cunqueiro. Non me solprende. Anda boa a navalla...

Busquei e rebusquei, falei con amigos plásticos, etc. Resume: non hai ningún libro, monografía ou folleto sobor do cartel ou afiche en Cuba. Cando máis artigos, un dos máis completos ese da revista "Cuba", que conoce. O afiche desenrolouse a partir do trunfo da Revolución en dous campos: o dos cartel político (algún sobor de todo, e no do anuncio cinematográfico. Éste acadou verdadeira categoría e prestixio mundo fóra. Certo que dado o outo poder adquisitivo do povo, as películas non percisan cuase ser anunciadas, pois os cines énchense de todos xeitos. E o cartel non tivo que urxir a concurrencia; polo tanto convirteuse nunha presencia máis artística, cuase coma se fose unha esposición de cadros rúas adiante. Non podo (porque nonos hai) mandarlles materiales que resulten máis amplios que o artigo que xa veu. Pénsase facer, "historiar" este movimento -dixéronme- pero atá agora non pasa do proieito.

Gostarame conocer a súa opinión sob "Historias de emigrantes".

E namais polo doxe. Reciba unha forte e quente aperta do seu sempre amigo

Neira

Mandareille un ex. de "Poemas al Che", no que aparece a súa nana. Batlló mandou as traduciós cando o libro xa estaba feito. Os galegos traducinos eu. Disculpe as diferencias que poda haber co autor, no seu caso. En troques chegou a tempo pra unha separata que fixemos en España Republicana, onde sí van as traduciós que mandou Batlló (pra esto sí chegaron a tempo, anque por pouco).

Caracas 6 de decembro de 1969

Sr. XOSE NEIRA VILAS
Habana

Ben querido amigo: A longa carta de que me fala na súa derradeira de 31-10-69, non chegou ao meu poder. Até agora chegaban con retraso, pro, que eu seipa, non se perdían ou non as perdían. Seguramente estas perdas son o trabuco que temos que pagar as interferencias, bloqueos e demais intervenciós gringas. Por outra parte, esta vez tamén eu me teño retrasado en contestarlle. A veces -debe ser co calor- éntrame esa "flojera" que acomete aos nativos e vivo nunha indolencia que me pon fora de toda vida de relación co mundo. Do traballo pra casa e na casa non teño folgos mais que pra leer un pouco. E soñar.

Doulle as gracias pola ampliación de noticias que me da en col dos galegos da Habana no tempo da morte de Maceo. Contrariamente ao que vostede dice, parece ser que o Centro Galego sí interveñiu no "agasallo macabro". Tomo do artigo de Nicolás Guillén: "Era, en verdad, una llamada demasiado categórica la que hacía el "Diario de la Marina" para que dejara de ser contestada. Esa misma noche (11-12-96) se efectuó una reunión en el Centro Gallego de La Habana de la cual dio cuenta el periódico"...

Si o Centro facilitou os seus locales pra esta reunión, é de supor que na comisión nomeada ao efecto formaban parte membros saídos do seu seo, ou cicais da súa propia directiva. Elo sería fácil de averiguar consultando os arquivos do Centro, mais non merez a pena. Eu pubriquei no "Correo de Galicia"[45] de Bos Aires un artigo sobor iste asunto, cuio recorte lle adxunto. Pra evitar certas suspicacias omitín a cita de Guillén, e digo que a noticia a tomei folleando unha colección do "Diario de la Marina" daquela época, que é na verdade, de onde o toma Guillén. Dempois da independenza de Cuba, houbo, é certo, achegamentos por parte dos negociantes que ollaban en perigro os seus negocios. Xa Curros fala déso na "Espiña":

...”eses pra quen fun mambí
cando era mais español
i-enchen cos mambís o fol

[45] Claro que, como colonialista que era, a chamada do *Diario de la Marina* debeu de ser categórica, pero Neira insiste na condición particular dalgúns colaboradores galegos en tan macabro proxecto que en ningún caso representarían o Centro.

ida xa España de eiquí"...

Pro, deixemos iste noxento asunto.

O artigo de Helena Sassone, que é eloxioso, tiña unha pirmeira parte na que se condenaba a "manía" de escribir en línguas minoritarias, habendo en Hespaña un idioma tan ricaz e universal coma o castelán. Tratábase de algo deplorabel, fillo dunha grande iñorancia sobor a materia. Esta parte non saiu porque, Carlos Augusto León, director da revista e amigo meu, fíxolle ver o erro dende un punto de vista marxista. No número seguinte Carlos pediume un traballo[46] no que espriquei o fenómeno das línguas peninsuares, e, no que toca ao galego, a relación que tiña coa loita de crases, (por ser unha lingua proletaria refugada pola burguesía) e tamén co principio da autodeterminación dos pobos. Por outra parte, a nosa fala non é tipicamente minoritaria, no senso en que pode selo o vasco, e incruso o catalán, o danés, o sueco e outros moitos idiomas europeos. O galego, a carón do portugués, forma unha das tres língoas atlánticas etc., etc. Non teño exemprares da revista pra poder mandarlle un.

Recibín -por fin- exemprares de "Viaxe ao país dos ananos" e, nun paquete a parte, mándolle un certificado coa esperanza de que lle chegue. Si non fose esí, mandaríalle outro por vía Hespaña.

Acaba de chegarme "Historias de Emigrantes" que aínda non lin. Noutra carta falareille de iste libro tan fermosamente editado, e que será, como seu, sin dúbida estupendo. Ainda non recibín os "Poemas al Che"[47]. Teño moito interés en velo. Espero que haberá sorte e chegará. Voltarei a escribirlle dentro dunhos días, pra falarlle espresamente de "Historias de Emigrantes" que arestora está lendo o mor dos meus fillos.

Con certa regularidade estou recibindo pubricaciós de Cuba ("Bohemia", suplemento de "Gramma", "el Caimán barbudo" e algunhas outras cousas mais). Na derradeira remesa viña incruida unha tarxeta de acuse de recibo, dirixida a un orgaísmo chamado algo así como "Amistad

---

46 Trátase do artigo aludido tamén na carta de maio de 1969.

47 Editado en 1969 polo Instituto Cubano del Libro. Neira Vilas xestiona con Ambrosio Fornet, o editor, a inclusión de varios dos poemas galegos que con anterioridade tentara publicar (xunto con outros en catalán e eúscaro) José Batlló en Barcelona e que, ante o veto da censura, enviou a Cuba. Neira coordinou e prologou a edición cubana, e traducíu os poemas en galego ó castelán. Entre eles estaba a "Anaina para o Che Guevara" de Celso Emilio. Batlló podería reditar en fascímile este libro en España no ano 1976, xa morto Franco.

con los Pueblos" cuia tarxeta perdín. ¿Sería vostede tan amabel de chamar por teléfono ao citado orgaísmo pra que tomen nota de que recibo as tales pubricaciós, a fin de que non suspendan os envios?.

Moitas gracias polas suas atenciós e, cunha grande aperta quedo seu cordialmente

Celso Emilio

***

Caracas 17 de nadal 1969

sr. JOSE NEIRA VILAS
Habana

Meu querido amigo: En paquete aparte mandeille "Viaxe". Si pasado un tempo prudencial non o recibise, dígamo pra enviarllo ruta Hespaña.

Remato de leer "Historias de emigrantes", e doulle efusivas gracias pola adicatoria de unha das suas magníficas estampas[48]. Chámolle estampas, sin que tal calificativo imprique ningún senso peiorativo, sinon un simpre deseo de encoadramento xusto. Unhas estupendas estampas nas que, nun delicioso boceto, aparecen maxistralmente dibuxados unhos personaxes que pasan rapidamente dediante dos nosos ollos, decíndonos -gracias a hábil maneira de narrar de vostede- que cada un déles é protagonista de unha grande novela que non se conta pro que se adiviña. Coido que o mérito meirande dos seus relatos é, percisamente, iste: que vostede sabe alumear, con moito arte, un intre da vida do persoaxe, pro non coma un feito que romata en sí mesmo, con principio e fin, sinon coma algo que comenza e que, misteriosamente, desváese na escuridade. Cada un dos seus relatos poidera ser un óptimo comenzo de novela. Pra min as boas novelas coñécense polas catro primeiras páxinas. Comprendo que é casi unha manía, pro cando esas primeiras páxinas non me intresan, adoito desbotar a novela. ¿Por qué non tenzoa acometer a novela? Ao meu entender ten vostede as millores condisión pra tal aventura:

48 Trátase de "O vello Roque".

penetración psicolóxica e coñecemento da condición humán; unha prosa ductil e convincente; senso da síntesis e unha grande esperencia da vida. Esta vostede nas mellores condiciós de facerlle iste grande favor a Galicia, onde a novela é tan escasa como pouco afortunadamente cultivada. Ao decirlle esto non me estou, naturalmente, esquecendo de "Memorias dun neno labrego", sinon, pola contra, lembrándome de tan axeitada obra, que, con "A esmorga" de Blanco Amor, é o único intento logrado da nosa cativa novelística. E por iso, porque me lembro, fágolle esta cordial e sincera invitación.

Fai tempo que Isaac Diaz Pardo -a traveso de Alonso Montero- tenme pedido un "Cartel de cego" pra pubricar con ilustraciós etc., co fin de contribuir a desmitificación de alguns dos andacios da nosa terra. Hoxe mesmo rematei o traballo e mandeillo. Tratase de unha especie de romance, firmado por Arístides Silveira e titulado, "Historia dun desleigado, contada por íl mesmo, cun limiar tirado dos proverbios do conde de Vimioso (o vello) e un epílogo de Celso Emilio Ferreiro". Coido que me saiu un pouco ben, anque estou seguro que suscitará as iras dos que nunca entenden nada e dos que nunca queren entender nada, porque vai contra das suas estereotipias mentales. O mesmo pasoume con "Viaxe", cuia edición esgotouse e a crítica foille favorabel (a crítica de fora de Galicia, pois en Galicia, que eu seipa, non a houbo), pro que me fixo acadar os mais soeces insultos persoales, como os de un gacetilleiro chamado Fernandez Ferreiro, que dende a revista "CHAN", fixo a "crítica" do libro inxuriando ao autor... En fin, son gaxes do oficio de poeta, cando se leva con dignidade e con convinciós.

Unha cordial aperta

Celso Emilio

***

5/2/70

Amigo Celso Emilio:

Fai moito tempo que non teño carta de Vde. Coa presente mándolle copia da miña derradeira por si o orixinal non tivese chegado. Tamén lle mando un recorte de "España Republicana" no que aparece a creación da

Sección Gallega do Instituto de Literatura e Lingüística. A través desta Sección poderanse ir facendo cousas cada vez máis intresantes desde o punto de vista da nosa cultura galega.

E namais. Reciba unha aperta de seu

X. Neira

Vin o formidable artigo "Noticia de una literatura poco conocida". Imolo reproducir. Mandeille "Poemas al Che", máis a separata de España Republic. (Tamén pra Sesto.

***

Habana, 28-2-70

A Celso Emilio Ferreiro
Caracas

Benquerido amigo: ¡Qué demora enorme! Acabo de recibir a sua do 6-12-69. Lamento que a miña (xa non sei nin de qué data) extensa, non lle teña chegado. Nela comentaba o folleto da UPG. Facía algunhas acotaciós, non discrepantes nin moito menos, pois endexamais vin documento máis craro, que comprenda en síntesis as inquedanzas dun povo, de tantos séculos, posta ó día, e enmarcadas na máis avantada corrente marxista.

Coesta súa chégame tamén o recorte do artigo sobre Curros e o C. Galego. Moi bo! Moi dooroso e noxento todo o ocurrido.

Conozo o seu artigo "Noticia sobre una literatura poco conocida". Leio a Revista "Vida Universitaria". E non somente a conozo senón que estamos a pique de reproducilo en "España Republicana", pois o certo é que resume, en poucos párrafos o desenrolo histórico-cultural de Galicia, dun xeito clarísimo.

Eu téñolle escrito polo menos outra vez dende a que vostede menciona. Non estou seguro se lle din a nova de que se creou aquí unha sección galega no Instituto de Literatura e Lingüística. Vai agora un recorte.

Agardo con ansiedade "Viaxe ó país dos ananos". Ogallá chegue axiña, no envío direito que vostede fixo. Teño degaro por leelo.

Tiven carta recente de Espriu quen me manda saúdos cordiales pra Vde. ("Si ve o escribe a Ferreiro, exprésele toda mi incondicional admiración").

Agardo o seu parecer sobre "Historias de emigrantes". Ogallá lle resulte de intrés.

Eu mándolle revistas, etc. pero tamén o Instituto de Amistade cos Pobos. Chamarei oxe mesmo decindo que vostede recibe os envíos. Pra que os sigan facendo regularmente (eu en veces non consigo exemplares pois as revisas esgótanse axiña, anque a Gaceta e Unión téñoo suscrito; a outras non permiten suscribir dende aquí) sería bo que poña unhas letriñas mostrando seu intrés, etc. a Joaquín De Amo, Apartado 6108, Habana.

E namais polo doxe. Agardo sempre con intrés noticias de Vde.

Reciba unha tensa aperta de seu

Xosé Neira Vilas

souben que a multa de M. Maria foi confirmada, e souben da ausurda condena a Méndez Ferrín, co pretesto dunha novela inédita.

***

Caracas 23 de marzal de 1970

Querido Neira Vilas:

Recibín a copia da carta que me escribiu fai algún tempo e que recibín e contestei no seu día, si ben, polo que me dí, non debeu chegarlle ésta derradeira miña. Eu escribinlle sin agardar contestación súa, pois recibín exemprares de "VIAXE" e quixen remesarlle un, que espero teña chegado, no entramentras, ao seu poder. O correo anda, nefeuto, moi mal; pro eu non teño a boa costume -que vostede practica- de facer copia de tódalas cartas, fiando todo a miña memoria que, disgraciadamente, heme dabondo infidel. Espero me diga si recibiu "VIAXE", pra, caso de non, mandarlle outro exemprar, cicais mellor vía Hespaña. Tamén coido que lle teño mandado "Terra de Ningures", ou polo menos tiña in mente mandarllo. Non lle botemos, pois, neste caso, culpa ao correo, porque, ao mellor, foi un esquecemento meu. Repartamos as responsabilidades a partes igoales.

De Bos Aires recibín as Bases pra un grande premio de novela que institui o Centro Galego[49]. Eu teño unha novela a medio facer, e podería rematala, pro non penso concurrir pola sinxela razón de que os despistados do Centro entregáronlle o discernimento do premio, practicamente, aos "galaxios", que é tanto como decir que éste non lle será concedido a ningún que non perteñeza ao "clan" ou que estea considerado enemigo dél. Eu estou seguro que anque a miña novela fose a mellor, nunca me sería recoñecido. ¿Pra qué, entón, esfolar os dedos pasando a máquina trescentos folios? Lémbrese do que pasou co premio Rosalía Castro[50], "inventado" por Fraga pra adular ao galeguismo *bien entendido*. O xurado, composto por "galaxios", deulle o premio a Franco Grande, fillo espritoal e político de Piñeiro, pro un poeta chirle comparado con Manuel María e cos outros concursantes. (Conste que eu non concursaba, entre outras razós, porque as bases deixábanme -según Alonso Montero, deliberadamente- escruido do concurso, ao sinalar as datas que tiñan que ter as pubricaciós dos libros concursantes, tanto na súa pirmeira como segunda edición. (Dábase a casualidade de que, naquil tempo o único libro de poesía galega con segunda edición, era LONGA NOITE).

Pro, voltando a novela. O xurado estará composto polo Presidente da Academia galega, máis dous académicos, máis un membro da Editorial Galaxia, máis outro membro da Editorial Castrelos (Xosé María Alvarez Blazquez). Naturalmente, a Academia nomeará a dous académicos galaxios, poisque non vexo outros máis axeitados na docta corporación. (Garcia Sabell, Cunqueiro, Paco del Riego, Piñeiro, Carballo Calero, etc.) Coistes dous votos da Academia, mais o de Galaxia, xa teñen maoría pra impór ao seu "candidato". Eu non me presto ao xogo e esí llo fixen saber a algunhos membros do Centro.

Teño pra pubricar, por Editorial Castrelos, un libro de contos. Está parada a edición, porque o editor necesita máis material, xa que o que lle mandei resulta escaso pra cobrir o tamaño habitual do volume. Estou a unlla de cabalo proparando unhos candos contos máis. Tamén lle mandei a Isaac

---

49 O premio gañouno Xohana Torres con *Adiós, María*, o que provocou un gran resentimento en Blanco Amor, que tamén concursaba con *Xente ao lonxe*.

50 Da polémica adxudicación do premio a *Entre o sí e o non*, de Xosé Luis Franco Grande, falan tamén Ben-Cho-Shey e Manuel María en senllas cartas a Neira.

Diaz Pardo un romance de cego[51] que vai a ser ilustrado por Isaac e musicado por Maiztegui. Coido que xa lle falaba deste asunto na miña outra carta.

De Galicia non teño apenas noticias, e as que me chegan son anodinas. Non sei que pasa. A Mendez Ferrín condenárono a dous anos de cadea. Escribín perguntando si conviña "mover" na emigración o asunto ou conviña estar calados pra non comprometer a apelación que seguramente terá plantexado perante o tribunal superior... Ninguén me contestou nada; ou cicais contestaron e interferiron as cartas. Non sei. Estou amolado.

Libros recibidos: "O Catón galego", de Ben-Cho-Sey. Libro pra aprender a lér os nenos, delicioso, encantadoramente editado. "O divino sainete" de Curros, con notas e comentarios moi axeitados de Alonso Montero. "Memorias dun neno labrego", unha xoia editorial. Todos eles editados por Isaac, que está facendo unha laboura estraordinaria.

(Esta carta, que comencei a escribir na oficiña onde traballo, vouna a rematar na miña casa.)

Agradézolle os eloxios que fai do meu artigo "Noticia de una literatura poco conocida". Por certo que o número que eu tiña da revista da Universidá, presteino a non sei quén e non mo devolveron. Non me lembro da data de saída. ¿Sería vostede tan amabel que na súa carta próusima me dixera o número e data da revista aludida, a fin de que eu poida mercala na Universidá?[52].

Recibín o exemprar dos poemas ao Che, e tamén as separatas de "España Republicana", unha das cuales xa lle din a Farruco Sesto. ¿Sería posibel que me mandase outro exemprar do CHE, pois teño o compromiso de regalalo a un gran amigo venezolán a quen lle debo moitas e grandes atencións? E como vai de favores, quixera pregarlle o derradeiro: que me mandase poemas do "Tío Jo"[53], caso de que ehí teñan sido verquidos ao

---

51 *Paco Pixiñas. Historia dun desleigado contada por el mesmo. Romance de Arístides Silveira cun limiar tirado dos proverbios do Conde Vimioso (o Vello) e un epílogo de Celso Emilio Ferreiro* é un romance de cego musicado efectivamente polo arxentino Isidro. B. Maiztegui e ilustrado por Isaac Díaz Pardo. Publicouse en Sada en 1970.

52 O artigo aparecera no número 96-7 da revista *Cultura Universitaria* de Caracas, de 1967.

53 Refírese ós poemas do *Xornal de prisión* de Ho Chi Minh, publicados en Cuba en versión do poeta Félix Pita Rodríguez. Os poemas foron escritos nun famoso caderno verde (conservado no Museo de Historia de Hanoi) estando Ho preso na China de Chiang Kai-Chek pero, para eludir sospeitas, Ho escribíunos non en vietnamita senón en chino clásico. Hai versión ó galego deses cen poemas do propio Neira Vilas (Edicións do Castro, 1978).

castelán. Non coñezo dél mais que alguns poemas soltos pubricados co motivo da súa morte, e gustaríame moito compretar as miñas leituras con testos mais amplos. A troques distes libros, quixera que vostede me pedira algunhos dos que eiquí se editan e que a vostede lle interese recibir. Sería un xeito de compensalo de tanta molestia.

Folgoume enormemente a noticia da creación da Sección Gallega do Instituto de Literatura e Lingüística[54]. Farán sin dúbida unha gran laboura, que falla fai, pois a emigración galega na América estase esvaendo na inactividade, ou, si tal, nas loitas bizantiñas de quítate ti, pra pórme eu, sin outra perspectiva. E xa non digamos eiquí en Caracas, onde os nosos paisáns -incruidos os de ezquerda e pecés- devécense por acadar o goberno da Hermandad Gallega (que non é nin foi nunca outra cousa que un multitudinario baile dominical e unha grande taberna- sin outro obxetivo que o de amolar aos contrarios.

E ao falar dos pecés hespañoles -cos que gardo moi boas relaciós- teño que decirlle que están equivocados no que respeita as cousas da coleitividade. A maoría deles son galegos, pro non sinten -salvo unhas poucas escepciós- o probrema nacional da nosa Terra, e de ehí que a creación do P.C. de Galicia os deixase indefrentes. Polo que toca as suas funciós, limítanse a recaudar cartos pra o partido e pras Comisiós Obreras, a través dun Comité de Solidaridade ao que perteñezo. Pro, estas mesmas funciós, que son importantes, o serían moito mais si se decidiran, con audacia e dedicación primordial a "tomar" a Hermandad, non pra facer déla un emporio político, sinon pra esprotala como unha fonte importantísima de ingresos económicos, que permitirían facer unha grande laboura a prol da causa da libertá de Galicia, nun orgaísmo anexo e autónomo que podería charmarse algo esí como "Instituto Venezolano de Cultura Gallega", que, naturalmente, debería actuar ao marxe das actividades sociales, de club, que a Hermandad ten, e que non é doado suprimir. Esta proposta miña, feita fai dous anos, asustounos, e viron néla algo esí como unha utopía propia dun poeta. En troques desto, adícanse a facer proselitismo entre a nosa xente, cun absoluto fracaso. ¿Cómo poden convertirse no marxismo xentes que viñeron a Venezuela somente pra facerse ricos?. Nunha encosta que fixen eu, fai tres anos, entre quinientos socios da Hermandad, deume, entre

[54] Creada por Neira, instituíuse nun acto celebrado o 15 de decembro de 1969. Neira dirixiuna durante 22 anos, ata que en 1992 se radicou en Galicia. Continuou e continúa. Agora denomínase "Fondo Galego Xosé Neira Vilas".

outros sorprendentes resultados, a pista de que o 80% dos inqueritados tiñan sido en Galicia *estraperlistas*, pequenos negociantes de mercado negro, nos anos da fame que seguiron ao final da guerra civil. ¿Cómo pode pretenderse facer algo positivo coiste material de desfeita?. Dos oitenta mil galegos que hai en Caracas, somente cinco mil perteñecen a sociedá; e na súa maoría comportan unha crase descrasada (vala a frase) composta de pequenos tendeiros, pequenos talleres, choferes, camareros (os mais reaccionarios) modestos empregados, viaxantes e horteiras; é decir, as especies que mais se asemellan ao peixe-rémora, que vive apegado ao papo do tabeirón, pra manterse das súas sobras. Considéranse comodamente instalados na sociedá de consumo, e que nadie lle toque ao seu status. Todo o que vaia contra do tabeirón, vai contra o seu modus vivendi, e polo tanto é un nemigo púbrico.

A coleitividade é variopinta. Hai tamén "galeguistas", cos que eu pretendín actuar e formei o Padroado da Cultura Galega, mais axiña tiven que deixalos, pois querían practicar somente o galeguismo cultural e folklórico. Nada de política nin de loita contra do franquismo: cultura. Consecuentes coistes principios, fan unha emisión dominicial de radio na que leen testos resesos nos que eloxian, por exempro, a guerra dos irmandiños, pro non lle adican nin un minuto a situación actual de Galicia, nin condenan a dictadura. Mendez Ferrín foi condenado a dous anos de cárcere, e outros moitos galegos están sofrindo a gadoupa do franquismo. Mais eso non ten importancia; o importante é que os galegos da emigración seipan quen era Xelmirez e que o inventor da "Salve mater regina" foi un galego chamado Pedro de Mezonzo.

Naturalmente, eu e unhos cantos amigos mais, estamos a facer a nosa laboura ao marxe de esta basura. Estamos editando e introducindo en Galicia distintas cousas: o programa da UPG; un folleto titulado "O noso galeguismo" e outro "Castelao dixo", no que se citan tres ducias de frases sacadas de "Sempre en Galicia", das que se desprende, sin lugar a dúbidas, o acercamento de Castelao ao socialismo. Tamén editamos un afiche coa efixie de Castelao e a leenda, "Castelao é noso", cunhas palabras súas, nas que di: "Petar na alma do pobo até producir un estado de opinión revolucionaria". Agora temos en imprensa dous afiches mais con temas de galeguismo revolucionario: NON AO COLONIALISMO CENTRALISTA HESPAÑOL.- POR UNHA GALICIA CEIBE E SOCIALISTA.- Esto, craro está, sónalle a esta xente a brasfemia, pois non debemos esquecer que todos eles, incruidos os de ezquerda, e algunhos "esiliados", son xente anticomunista, tanto ou mais

que Franco. Nós, dende logo, non traballamos pra colonia -que sabemos xa perdida pra causa de Galicia e da loita contra da tiranía- sinon pra xuventude galega que vive na Terra, porque esa xuventude é a que lle ha de pór o rabo as cereixas cando veñan os tempos que han de vir. Esta laboura cústanos un grande esforzo, pois ningún dos que andamos metidos nela dispomos de moitas facilidás economicas; pro, con vontade, vaise facendo algo.

Esquecíame de decirlle que si quere algunha colaboración miña pra "España Republicana" non deixe de decirmo, pois con moito gusto o compracerei; e o mesmo digo respeito a Sección Galega do Instituto de Lingüística, anque neste derradeiro caso, descoñezo en qué pode consistir a miña colaboración.

Vou a certificar esta carta, pra comprobar si esí non se perde. De ehí estou recibindo revistas, pro non con enteira regularidade. Dende logo a revista da C. das Américas e Unión, fai moito tempo que non me chega.

E namais por hoxe. Sepa que me ten coma un cordial amigo a súa disposición. Estou invitado polo Padroado da Cultura de México a ir alá, pro adiei o viaxe pra o mes de xulio, pois agora non me era doado o desplazamento por razós de traballo.

Reciba unha cordial apera de

Celso Emilio

***

Habana, 15-4-70

Sr. Celso Emilio Ferreiro
Caracas

Meu querido amigo:

É increíble o que tarda a correspondencia daí. A súa carta do 17 de nadal chegoume fai unhos doce ou quince días. Polo demais tense cruzado con algunha outra miña que agora non recordo a data ou datas. Poucos días antes da súa de nadal tíñame chegado "Viaxe ó país dos ananos". Estaba porparado pra impresión deste libro seu, pero impresionoume máis aínda

do que agardaba, o que se trata de algo, tanto de contido coma de forma, dificilmente superable. O primeiro poema, o que dá tíduo ó conxunto é un tremendo mural das máis negativas grotescas figuras da emigración, moi "en Caracas", pero non únicamente ahí. Dolorosamente, eses monifates abundan, anque ó parecer nesa cidade predominan, o que é natural que ferise moi fondo a sensibilidade de poeta e de home e de patriota que hai en vostede, convertindo en arte, en poesía da máis elevada factura ese noxo producido polos desleigados. Teño suliñados moitos versos, moitos fragmentos do poema, que sería longo de debullar. Anacos coma: "E triste ser estranxeiro/ pero é máis triste non selo/ e sentirse estrano nos propios eidos". A segunda parte trainos un feixe de poemas de temática heteroxénea, que no fondo é tamén un só poema, o poema dun creador que sitúa como sismógrafo da problemática do home en calquera dimensión ou latitude que se dea. Hai protesta, morriña, bronca, tenrura, qué sei eu! Hai un mundo poético moi ancho, moi fondo que abrangue tódalas cordas, toda a escala do sentir humán, nun marco de realismo non anti-poético. En fin Celso, non son crítico, dígolle o que sinto sinceiramente. Este libro, como "Longa noite de pedra" é un aporte definitivo á nosa poesía. Miña moi sentida noraboa. (Gostoume o proemio de Alonso).

Debe estar bo o "cartel de cego" de que me fala. Rabeo por coñecelo. Ogallá se edite axiña. En canto ás iras que suscite... qué importa. "Ladran, Sancho...". Ladran os de sempre. Os desleigados que dun xeito ou doutro se sinten aludidos. Alá eles coa súa concencia.

Lin fai pouco o seu artigo "A política e a poética", en "Correo de Galicia" (un xornal que en veces recibo con longos meses de retraso) e quedei moi impresionado coas súas definiciós, coa espricación que da en torno á poesía chamada política, de denuncia social, ou como queira chamárselle. É un traballo formidable, co que coincido pleamente. Teremos de sairlle sempre ó camiño ós "apolíticos", que é coma decir, castrados, de boa ou de mala fe.

Díxenlle que imos pubricar en "España Republicana" o seu artigo sobre a literatura e a lingoa galega, aparescido na Revista Universitaria? Penso darlle copia del, ademais, a tódolos meus alumnos do Instituto Lincoln.

Lin con moito intrés canto me di arredor de "Historias de emigrantes". Pra min ten moito valemento o seu criterio. Pode ser que cada narración desas poidera constituir un comenzo de novela. Non digo que non. Algún deles -xa o teño pensado- talvez chegue a desenrolalo como tal, algún día. Veremos.

Compre tempo, vagar, sosego. Material, vivencias, etc. teño abondo. Teño incruso en vista unha posible novela dos galegos de Bs. As. que talvez nos próisimos tres anos faga. O relato breve atraime moito, e por eso o veño exercitando (non sei si con acerto) con certa teima. Romatei fai pouco unhos dez contos brevísimos pra nenos pequechos.

E namais. Agardo sempre con intrés noticias de vostede. En Cuba traballamos moito. Vivimos unha etapa decisiva pra salir do subdesenrolo, vivimos unha xeira de desalienación, un intre emocionante, histórico.

Reciba unha forte aperta de seu

X. Neira Vilas

***

Habana, 13 de agosto do 1970

Querido Celso Emilio:

Entre o que tardou en chegar a súa derradeira (certifíqueas, sí, sempre), arredor de tres meses, e o que eu logo demorei -varias semáns- en contestarlle, pasou tanto tempo como o que hai do 27 de marzal a oxe, mellor dito, ó día en que a presente, que botarán en México, lle chegue. Pola miña parte escrebinlle o 28-2 e o 15-4. (Nesta derradeira faláballe de "Viaxe..." que por fin recibín e que me impresionou fondamente.

Souben do premio de novela, patrocinado polo Centro Galego e que se manexará na Coruña, pola Academia. Comprendo os resortes de que fala. É indudable que todo acontecerá así como dí. ¿E cómo vai o volume dos contos? e o romance de cego? Nefecto, Isaac está a facer unha estupenda laboura editorial, amais das outras labouras (Sargadelos, etc.) de singular trascendencia.

Xa coñece por suposto que ratificaron a condena a Ferrín. É algo monstruoso, ausurdo, calificar de "propaganda ilegal" a unha novela inédita. Pero tal é esa xentiña...

O seu traballo saeu en "Cultura Universitaria" 96-97. Por certo, inda non saeu pubricado en "España Republicana", pero está pra saír, dime o director, en data próisima.

Mandeille, nin ben recibín a súa carta, outro exemplar de "Poemas al Che". Recibeuno? Foi por aéreo certificado. O que non puiden mandar até oxe é "Diario de prisión", de Ho Chi Minh. Editárono aquí fai poucos meses e voou, nin no propio Instituto do Libro o hai, tal me dixeron. Seguirei insistindo e descoide que llo mandarei se dou coel. Na miña biblioteca teño un exemplar (non é estenso), pero a miña muller está a preparar unha biografía do Tio Ho pra nenos e percísao. Se nono atopo por outra vía mandareille este máis adiante.

Na Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística vaise facendo algo. Aquí que no orde galego, da cultura galega, nunca se fixo nada verdadeiramente sólido, trascendente (anque algús coiden o contrario) se descartamos o da Academia, "Follas Novas", o ter patrocinado a "Historia de Galicia", de Murguía, e pouco máis, anque todo elo son feitos illados e non se poden comparar nunca co que se ven facendo no Prata, o facer algo no marco dun orgaísmo oficial cubano (de Cuba revolucionaria) ten de por sí un valemento. Pola miña parte penso dar toda a enerxía de que sea capaz -enerxía e tempo- pra que acade realmente o nivel que desexamos. Veremos o que se pode ir concretando. Tereino ó tanto e no intre en que vexa a posibilidade dunha forma de colaboración súa -que ofrece na derradeira carta- direillo sin dubidar, pois sabemos da sinceiridade da súa disposición. Falei delo e de Vde. co Director do Instituto, Dr. Portuondo.

Un dos trafegos recentes -iniciativa da Seición Galega e dacordo co Consejo Provincial de Cultura, da Habana-, foi a inauguración da Sala Experimental de Arte Castelao (mándolle programa coa presente). Penso que é un bó homaxe ó gran Daniel que lembramos América adiante no seu XX cabodano.

É lamentable esa falla de perspeitiva de que me fala, e xa non sóio por parte dos "ananos" coñecidos, senón incruso polos pecés miopes, perdendo enerxías pra acadar o mando nunha entidade por amolar ós contrarios simplemente. Vde. dixo unha vez, non sei ónde, que na América sería bo non gastar máis esforzos nin siquera en mutualistas, poisque os servicios asistenciales do Estado en moitos países suplen o que podería facer un Centro noso, en adicar en troques todo ese esforzo ó melloramento, á loita na propia Galicia. Estou dacordo. Ese proieito seu da "Instituto V. de Cultura Galega", o facerse cargo da entidade eisistente como fonte de ingresos, etc. etc. é estupendo. Malia que tanta xente nosa non perciba, non enxerga tales ouxetivos.

Estupenda esa laboura que Vde. cunhos poucos está a facer. Mañífico. De seguro que seguirán sendo poucos, pois a "vanguardia" tamén neste caso ten de ser, desgraciadamente, limitada -seino ben e non dagora-.

Seguindo co denanterior: Martí decía que cando hai moitos homes sin diñidade, unhos poucos homes asumen a diñidade de todos os que nona teñen. Esto tamén acontece na nosa causa.

Mándeme si, e benvida, algunha colaboración pra España Republicana. Penso, por exemplo nalgún traballo de contido galego, en castelán, do tipo do pubricado na revista Universitaria, ou de "Política e poética", etc. En fin, do tema que prefira. Decía esto sóio como unha liña ou vieiro posible.

E namais polo doxe. Estivo en México?

Reciba unha forte aperta de seu sempre amigo

X. Neira Vilas

***

Caracas 4 de novembro de 1970

Querido Neira Vilas: Cando me dispuña a escribirlle, chegoume a copia da sua carta de agosto. O orixinal nunca o recibín, pro sí as outras cartas de que me fala.

Ferrín estivo dous meses na cadea da Cruña, pro agora está no penal de Santoña. A muller, María Xosé está moi amolada porque á Cruña éralle doado viaxar tódalas semás, pro agora a cousa é mais compricada.

Recibín no seu día "Poemas al Che" e doulle as gracias.

O libro de contos retrasouse un pouco porque Xosé Maria Alvarez Blazquez tivo que atender outros compromisos editoriás urxentes, de encárrego, que lle xurdiron no entretanto e que son os que lle dan certos beneficios pra poder atender as ediciós literarias. Penso que, según íl me conta, estarán listos pra xaneiro ou febreiro.

O romance de cego, "Paco Pixiñas", xa saiu. De momento non teño mais que un exemprar que me mandou Isaac por vía aérea. Quedou precioso coa música de Maiztegui e os dibuxos de Isaac. Na edición especial de cen

exemprares numerados -que é o que eu teño- leva unha especie de carpeta co cartel de cego a tamaño natural, que eu peguei sobor unha tea e quedou estupendo. Isaac editou, ademais do meu, outros dous romances[55] -descoñezo ós autores- ao parecer un pouco menos "bravos" que o meu. Como non os mandou a consulta previa -nome que ten agora a censura- pretende agora enviar os tres xuntos pra obter o permiso de distribución, e ver de que o meu *pase* disimulado entre os outros dous. Cando teña exemprares, mandareille un. Isaac pensa facer cos tres romances unha especie de espectáculo audio-visual, xa que agora non quedan cegos pra cantar por romerías e feiras. Eu recomendeille que grabaran tamén un disco.

Como recibo regularmente "España Republicana" sigo de perto as actividás do Instituto de Literatura e Lingüística e da súa Sección Galega, e paréceme moi ben todo o realizado. A emigración americán, morre desvitalizada i esclerótica. A verdade é que nunca foi gran cousa e que, salvando o feito por pequenos grupos minoritarios, hai que acabar dunha puñetera vez coa leenda da Galicia Emigrante e con todas esas "vainas" que ao seu redor se teñen dito, xeneralmente con mala literatura.

Refírome a emigración americán en xeneral, porque no que toca a de Venezuela é pra botarse a chorar, pois a degradación i o desleigamento non poden chegar a mais. Os nosos paisanos, incruidos algunhos que se din de ezquerdas, están electrodomesticados pola sociedá de consumo e non é posibel entenderse coíles en ningún terreo. E triste ter que decilo, pro eu tiven que alonxarme do trato coa nosa xente, e salvo dous ou tres amigos, non vexo a ninguén dende fai moitos meses. E créame, vivo moito mais satisfeito.

Mandeille a Manuel María un orixinal, "Antipoemas", que a censura machacou pola mitá[56]. Voltei a reconstruilo con outro material, e verémolo que pasa.

---

55 *O Marqués de Sargadelos* e *A nave espacial*, asinados polo *Cego Zago* (pseudónimo de Isaac Díaz Pardo).

56 Os *Antipoemas*, escritos orixinariamente en galego, non pasaron a censura, polo que Celso decidiu traducilos ó castelán e presentalos ó Premio Álamo de 1971, que gañaría. O libro publicouse ó ano seguinte en castelán, na colección Álamo de Salamanca, con 10 poemas menos. Estes foron editados por CEF como separata co título "Poemas prohibidos".

Traballo actualmente no "O Libro dos Epitafios"[57] que xa teño cuasi rematado e penso pubricalo o ano que ven, dempois dun bon traballo de pulimento e de escolma. Os poemas, casi todos breves, teñen certo caracter lapidario, con humor e mala leite. Non están adicados a persoas concretas, sinon a tipos, situaciós e cousas que pasan.

Traballo tamén -isto con mais urxencia- na recopilación de tódolos versos de escarnio e maldecir, que os poetas españoles teñen escrito clandestinamente contra Franco e o seu réximen. Eu, pola miña parte, ademais de recopilar, prologar e anotar o libro, aporto unhas vinte *pezas* entre sonetos, décimas etc. O libro posibelmente titularase, "Versos anónimos contra Franco, en la España Franquista". Estou recibindo xa material do interior e penso acadar moito mais. Escribinlle a tódolos poetas antifranquistas, que son a maoría, i están comenzando a mandarme, en copias simpres, sin firma, naturalmente, as suas cousas.

Vostede mesmo pode axudarme nesta tarefa, pois penso que cicais teña, propio ou alleo, material dista caste. Si fose esí, non se esqueza de mandarmo a volta de correo. Xa teño editor pra o libro, no que eu aparecerei baixo pseudónimo, como recopilador simpremente. Unha parte distes versos -a maoría meus- vanse a pubricar en folleto, nunha cidá do interior diste país, co título de "Al César enano, antología", firmado co pseudónimo de Stow Kiwotto Lumen[58]. Cando teña exemprares, mandareille.

Cando teña vagar mandareille algo pra "España Republicana". Esta tempada ando abondo atarefado, tanto cos traballos que lle digo, como coas miñas labouras *pane lucrando*. Presto os meus servicios como redactor e corrector de estilo nunha oficiña de imprensa, e até agora tiña tódalas mañás libres, pro agora teño que traballar tamén polas tardes, i anque isto suponme mais ingresos, supón tamén menos tempo libre.

O meu fillo maor conseguiu unha beca pra estudar matemáticas puras na Alemaña Democrática, i alá está en Leipzing dende fai dous meses, encantado da vida e da súa sorte, pois ises estudos permitiranlle ampriar grandemente a súa especialidá de programador de computadoras.

---

57 Publicado en 1973 pola editorial Roi Xordo de Xenebra, con prólogo de Luis Felipe Vivanco e epílogo de Xosé Sesto, como *Cimeterio privado*. CEF volta sobre o tema na carta do 1 de abril de 1973.

58 Apareceu en 1975.

O meu fillo segundo (teño catro) estudaba pra capitán de pesca na Escola Pesqueira de Vigo, e como eiquí non hai nada semellante, o home está cheo de morriña do mar e medio desesperado. Eu dígolle que volte a España, pro como é prófugo do servicio militar, teme que lle empaqueten dous ou tres anos de mili, e non se decide. Penso si en Cuba haberá algo semellante a Escola Pesqueira de Galicia, e si sería posibel arranxar de xeito que o meu fillo fose a estudar a ela. Agradeceríalle me informase[59].

Toda a carta a pasei falando das miñas cousas e sinto un pouco de vergoña. Fáleme das súas actividás literarias, do que prepara etc. pra compensar un pouco a miña tabarra, que mais ben é un desafogo poisque eiquí apenas teño con quen falar distas cousas.

De Galicia teño moi poucas noticias. Luis Soto, de México, que estivo por alá unha boa tempada, escríbeme, xa de regreso, anunciándome un longo informe, pro o que me chega é outra carta súa decíndome que me vai a mandar un longo informe...

O meu viaxe a México, que tiven que adiar fai meses por razós de traballo, sigue en proieuto, pro aínda non se fixaron datas.

Reciba saúdos amistosos e cordiales de

Celso Emilio

O enderezo que lle puxen a carta na que lle mandei o asunto dos voadores, era, dende logo, falso e precautorio.

***

Habana, 25 de febreiro do 1971

Querido amigo Celso Emilio:

Recibín a súa carta de novembro. Disculpe a demora, pero todo foi debido á xestión da beca pró seu fillo; andiven e andiven, agardei que regresase

59 Neira indagou o asunto na Habana, onde había tres escolas superiores de pesca, pero nelas (fronte ó que sucedía noutras ramas, nun momento en que había en Cuba vinte mil bolseiros estranxeiros) non admitían alumnos de fóra pois estaban centradas en formar persoal que se incorporase ás diferentes frotas cubanas, que medraban e precisaban técnicos con urxencia.

de fóra un funcionario a Pesca, pero nada. Dixéronme finalmente que non había cabida na Escola. Pacencia. Síntoo de veras.

Vin o Romance de Cego; mandoume Isaac os tres. O "Paco Pixiñas" está estupendo, delicioso por fóra e por dentro, cun estilo e unha soltura axeitados e o fondo (semellante ao de "Viaxe...") ben arraizado na realidade que ó autor lle toca lamentablemente vivir como esperencia doorosa e noxenta. Moi boas as ilustraciós do Isaac. Sería bo o da grabación do disco.

Debe estar bo o "Libro dos Epitafios". Ogallá salla axiña.

Bo proieito tamén o dos versos de escarño contra do réxime. Eu non teño -nin propios nin alleos- ningús e por eso non llos mandei "a volta de correio", como me pedía. Polo que di, debe andar moi adiantada a edición. Moi pavera a adicatoria e o seudónimo do autor ou compilador.

De min? Romatei unhas cousas pra nenos: "Espantallo amigo" e "Cartas a Lelo", agardo a saída de "O cabaliño de buxo" e ando a planear unha novela. Polo demais, a traballar moito pra por o meu grao de area nesta formidable Revolución Cubana, que é de todos nós, e atendo canto podo a Sección Gallega do Instituto de Literatura. Démoslle o nome de Castelao a unha sala de arte, posibelmente se lle poña tamén a unha Galería pra esposiciós; pasou á Sección a que fora biblioteca do C. Galego (a parte galega); fixéronse esposiciós bibliográficas arredor de Conc. Arenal e R. Armada Teixeiro, e andamos a matinar outras tarefas. Tereino ó tanto.

E namais polo doxe. Agardo sempre con intrés noticias de Vde.

Reciba unha forte aperta de

X. Neira Vilas

***

Caracas 8 de marzal de 1971

Querido Neira Vilas: Nun intre de folganza que teño na oficiña, póñome a contestarlle a unha carta súa que ten data do 13 de agosto do ano pasado!, e que me chegou hoxe. Coido que fai unha semán recibín e contestei outra súa posterior, pro que chegou denantes. Estas irregularidades postales fan que a nosa correspondencia careza de coordinación e incruso de coherencia.

Semella un xogo de despropósitos pois iste trastoco de cartas e datas fai que un nunca sepa si está falando de algo que xa falou, ou si pola contra se está dando por entendido algo que nunca se entendeu.

Pra darlle un pouco de orde a iste trabalíngoas, direille que recibín o segundo exemprar de *Poemas al Che* e tamén *Diario de prisión.* Recibo con regularidade "España Republicana" e asimesmo varias pubricaciós de ehí. Doulle por todo as gracias.

Nestes días mandareille os romances de cego editados por Isaac. Cicais os teña recibidos, mandados polo propio editor, mais non importa; neste caso regálelle os exemprares a algún amigo que poidan interesarlle.

O libro de contos, "A fronteira infinda" foime *podado* en bloque pola censura del Caudillo, sin discrimiñar o que poidera ser censurabel, do que de ningún xeito o é. Como fai dous meses tamén me "podaron" un libro de versos, "Antipoemas" que ía a editarme Xistral, penso que non se trata tanto de censurar unhos testos, como de vetar a un autor.

"Antipoemas" verquino ao castelán, nunha versión moi libre, e mandeillo a Madrí a un editor que me ten pedido un libro de versos en castelán. Si esta versión castelán pasa, elo quererá decir que o veto non procede da censura en sí mesma, senón dos "lectores" a xornal que a censura ten en Galicia pra ise cometido, xente que me coñece e que me ten no seu ficheiro privado, como home subversivo e perigroso, ao que hai que marxinar co silencio.

Cicais cos contos faga o mesmo, ou acaso me estreva a argallar coíles unha novela. De Bos Aires pídenme un libro pra editarme elí, pro eu teño moi pouca fe nos libros en galego editados na emigración. Véndense unhos cantos exemprares i o resto queda depositado non se sabe onde. Cando estiven en Montevideo fai tres anos fun a unha esposición do libro galego en América e quedei asombrado da cantidade de títulos que eu descoñecía por non terse distribuido en Galicia. Penso que un libro, como calquera outra cousa non se faga pensando en Galicia, debe repercutir alá, sinon é inútil. Sirven pra figurar nas reseñas bibliográficas dos autores, pra uso dos intelectuales que escriben sobre iles, e nada mais. Por iso non sei ben ainda o que farei...

Da Terra non teño apenas noticias. Debido a represión desatada dempois do de Burgos[60], a xente ten temor de escribir, creo eu; sobor de todo escribirlle a xente "fichada" como son eu.

Como lle teño dito, vivo alonxado da colectividade, alleo as loitas bizantiñas i as intrigas de pequena monta. Pro, fai un mes, veu a verme a miña casa unha comisión formada por homes que se din da ezquerda da Hermandad Gallega, pra cantar a palinodia e decirme que estaban trabucados e que eu tiña razón nos meus plantexamentos. Recibinos amabelmente, pro estiven mais dunha hora soltándolle unha filípica. Díxenlles que si na verdade querían facer algo, me axudasen a creación de GALEUSCA, que eu estaba argallando con vascos e cataláns, pra responder as aspiraciós que se estaban deixando sentir na penínsua e na emigración europea. Aceptaron e, nefeuto, chegamos a un acordo con vascos e cataláns, e dende fai unhas semanas funciona eiquí GALEUSCA, según copia da acta constitutiva que le mando.

Non teño fe ninguna na emigración galega, pro coido que amparados na dinámica dos vascos (especialmente da ETA) e dos cataláns disidentes do Centro Catalán, que é unha especie de Hermandad Gallega, pra bailes e timbas, cicais poidamos facer algo, que nunca será moito porque carecemos de unha xuventude que nos secunde: os fillos dos emigrantes non queren saber nada das angueiras dos seus maores; son "criollos" no mal senso da palabra.

E nada mais por hoxe. Cunha cordial aperta de

Celso Emilio

***

60 En decembro de 1970 tivo lugar en Burgos un xuízo sumarísimo a dezaseis militante de ETA, que concluiría cunha dura sentenza que fixaba, entre outras penas, 9 condenas a morte. O xuízo, planificado para asestar un golpe a ETA e á resistencia antifranquista, rematou volvéndose contra o propio réxime, pois suscitou unha ampla vaga de respostas, tanto entre a Igrexia e a intelectualidade españolas, coma no ámbito internacional. Finalmente, as penas de morte foron conmutadas.

Habana, 6-5-71

Sr. D. Celso E. Ferreiro
Caracas

Meu querido amigo:

Nefeuto, a nosa correspondencia anda desencontrada, como Vde. aponta, e cuase nunca hai relación inmediata entre as que chegan e as que se respostan. En fin, o caso é que, cando menos este contaito amistoso siga, por derriba de tódalas demoras e incomenentes postales.

A miña derradeira -non lembro a data- tiña por ouxeto central (anque me refería nela a moitas outras cousas) o informarlle que nada puiden facer, pese a teimosas xestiós, por outer a beca de Pesca pra seu fillo, o que interrumpeu os estudos en Vigo por mor do viaxe e radicación nesa. Repítollo agora, como tema de gran intrés, asegún deduzo, por si lle non chegou a aludida carta.

Agardo os Romances de Cego adicados, que me anuncia. Eu recibin os tres sobres (o seu e dous máis) enviados polo Isaac, pero sempre me virá ben ter outro porque así un deles pásoo á Biblioteca do Inst. de Literatura.

Nos longos anos de ausencia e a cativa información, nada ou cuase nada sei das entreteas da censura na Hespaña, pero é moi posible que aconteza eso que vostede di; que veten ó autor en vez de machetear un que outro conto, un que outro poema. Custión de "Index" ó que parece, pola súa postura radical, etc. Dabondo lamentabel a estas alturas tal censura pero esplicabel, certo é, no contexto aquel. Non está mal o convertir eses contos (que non conozo pero que supoño de outa calidade) nunha novela. I en canto a editar en América, non sei que lle diga. Oxe hai algús meios, inda cativos, raquíticos, e algús libros chegan a Galicia, pero é verdade que na emigración soen verse os paquetes anos dempois nos locales das sociedades; hai moito deso; teño esperencia direita e conozo casos por ducias. Craro que importa tamén o intrés que haxa na propia emigración (e por suposto valoro cánto di, en que todo debe repercutir en Galicia) que en Bs. As. -se as cousas non cambearon- é considerabel.

Moi ben polo de GALEUZCA. Dempois da creación de Castelao (conoce a revista?) esmoreceu. Nos anos 53 ó 55 rexurdeu en Bs. As. (eu representaba ós galegos, con outros compañeiros) por iniciativa de grupos

xuvenís galegos, vascos e cataláns, e voltou a cair. En Mendoza (Arxentina) algo fixo Sanchez Guisande, e no México realízanse aitos en común, etc.

Fixemos aquí unha esposición de homaxe a Armada Teixeiro e outra a Cabanillas (bibliográficas as duas).

E namais polo doxe. Reciba unha tensa aperta de seu

Xosé Neira Vilas

***

Caracas 28 de marzal de 1972

Sr. XOSE NEIRA VILAS
Habana

Ben querido amigo: Fai séculos que non sei de vostede, non sei si porque se perden as cartas ou porque non me ten escrito. De tódolos xeitos, o importante é que haxa saúde e que a esperanza non se perda.

En paquete aparte mandeille unha antoloxía miña pubricada recentemente en Portugal, da que me chegan agora as primeiras remesas. En Galicia terá que distribuirse baixo corda por mor dalgunhas cousas que se din nela e que, anque son mais ben inocentes, non pasarían polas alfándegas literarias do sistema.

Non sei si lle teño contado noutra denanterior que o ano pasado, por setembro, concedéronme o premio "Álamo" por un libro de poesía en castelán, "ANTIPOEMAS". O suceso deixoume contente e solprendido. O libro fora escrito orixinariamente en galego, pro a censura refugoumo. Entón verquino o castelán e mandeino o concurso que, por ser convocado pola Delegación de Cultura del Movimiento, tiña pra min un certo sabor de "desquite" o que fora premiado, como esí foi. Moitos dos poemas do libro están tirados de avisos e artigos de xornales, formando unha especie de "collage". Leva unha "Crónica de la Coca-cola", cuios datos saquei percisamente dun reportaxe de "Bohemia". O libro contén abundantes invectivas contra o réximen, anque disimuladas, e outras, menos

disimuladas, contra os ianquis. Os orgaizadores do premio dinme que o libro sairá en abril; si así fose xa lle mandarei un exemplar.

Escríbome frecuentemente con Pilar Vázquez Cuesta[61], que sei é amiga de vostede, unha estupenda muller cuio descubrimento -eu descoñecía a súa esistencia- foi pra min unha grata solpresa.

Teño cásique decidido regresar iste ano a España, pra residir en Madrí. Estoulle dando voltas ó asunto e penso que eiquí non fago nada mais que vexetar, sobrevivir e agardar, cousa que tamén podo facer alá, libre de angurias e saudades. O espectáculo destas democracias representativas tampouco me anima a quedarme eiquí, pois decote estou vendo as mesmas arbitrariedades, violencias e inxusticias que no sistema franquista, cousa que, ben mirada, non ten nada de particular, posto que ambos rexímenes están a defender os mesmos intereses. Por outra parte, si a colectividade galega eiquí fose algo lixeiramente aceptabel que me permitira facer unha laboura efectiva de galeguismo militante e de oposicionismo franquista eficaz, estou seguro que non pensaría en voltar até que as cousas alá cambearan. Pero a xente desta emigración -incruidos os mesmos camaradas- cada día están mais lonxe da realidá e mais reacios a traballar en verdade pola causa da liberación. Fíxese até que punto non esaxero, que con motivo dos mortos que houbo no Ferrol, intentei -coa colaboración dunhos cantos rapaces- orgaizar algún tipo de protesta púbrica, e nada poido facerse. Eiquí en Caracas viven unhos 70.000 galegos que non dixeron esta boca é miña ante a brutal represión do Ferrol[62] e da Universidade compostelán. Somente, sacando os cartos de onde poiden, fíxose un afiche chamándolle asesino a Franco. Eso foi todo, e pra iso tiven a colaboración de escasamente vinte amigos. Qué cousa mais decepcionante.

Por outra parte, os meus fillos, menos o mais novo, van a casarse a non moito tardar, i entón a miña dona i eu quedarémonos soios coma dous miñotos, i a min sobre todo serame moi difícil soportar tanta soidade. Sei que alá terei que estar calado e quedo, pro eiquí tamén o estou. En fin, anque

---

61 Pilar Vázquez Cuesta foi en efecto moi amiga de Neira. Coñeceuna na Habana en 1970 e viviría máis tarde en Madrid e Compostela. Mantiveron unha correspondencia constante.

62 En marzo de 1972, e como consecuencia da represión policial ás manifestacións dos obreiros do estaleiro ferrolán Bazán, que loitaban por unha mellora das súas condicións laborais, dous obreiros chamados Daniel Niebla e Amador Rey foron mortos polas balas policiais.

aínda non está sinalada a data, é probábel que iste ano, repito, regrese pra vivir en Madrí, cousa ésta que, en certa maneira, permitirame vivir alonxado das bandeirías e grupúsculos que en Galicia se rillan os osos unhos os outros. Estou canso e aburrido de lidiar con túzaros, desleigados, burros e pícaros.

E nada mais por hoxe. Unha cordial aperta de

Celso Emilio

***

Habana, 8 de maio de 1972

A Celso Emilio Ferreiro
Caracas

Meu querido amigo:

Antonte recibín o exemplar que vostede me envía -cordial, garimosamente adicado- da "Autoescolla" poética pubricada en Portugal. Moi ben! Eu concordo con Vde. en que o noso quefacer debe circular máis alá dos propios lindeiros (as suas moi ben e merecidamente acollidas versiós ó castelán, confirman tal necesidade), que neste caso nono son tanto lingüísticos como xeográficos. A obra de calidade val por sí mesma, e inda que perda coas traduciós, está ben que se traduza. Esto é bo non somente dende o punto de vista de estímulo pró autor senón tamén polo que siñifica como afirmación, como "noticia" da andaina literaria dun povo, que é como decir, da súa andaina cultural, da marcha cara pra diante, da sua historia (tan mancada noutros eidos, e mancada en fin de contas en boa medida a literatura por afogamento, por falla de vitalidade e erguemento e desenrolo pleo), dun povo, ou dunhas cantas mostras del, que se non resiña a morrer.

Práceme, pois, por todas estas razós, e por tratarse de Vde. e da sua poesía trascendente, da sua integridade como galego (endexamais me intresou e mais ben lamento cando comprobo que tal contrasentido soe darse, o artista que non está respaldado polo home, o que escribe pra fora de sí mentras por dentro é un cocainas, un cobarde, un farsante, que de todo hai). Alédame ver confirmada, co libro diante a noticia desta edición (moi ben feita), noticia que

me tiñan dado amigos comúns (Alonso, M. Maria -de quen sei sairá outra semellante-). Leín de novo, dun saque toda a escolma e gocei desa poesía que di moito, que o di craro, direito, sin a menor merma estética. De "O soño sulagado" somente coñecía os poemas da escolma de Galaxia (por certo que "Os ratos" impresionoume fondamente dende sempre). Intrésanme os "inéditos". Unha mañífica seleición. MOITAS GRACIAS.

Eu escribinlle fai tempo. Coido que a miña derradeira era a que se refería á imposibilidade de que se poidese becar aquí o seu fillo. Ben que o sentín. E xustamente pensaba escrebirlle nestes días.

Penso que se pubrique aquí "Noticia de una literatura poco conocida", na revista "Revolución y cultura". O artigo é estupendo; informa da traieitoria da nosa lingua e da súa problemática, en poucos párrafos. Compre airealo. Xa lle pasei o texto ó director, amigo meu.

Reciba a miña noraboa polo premio "Álamo", que soupen outivo.

Dixéronme que se vai pra Hespaña. El é certo? Coido que foi A. Montero (por certo, esquecíame, vexo moi apropiado, moi bo o seu prólogo á autoescolla, igoal que atopo moi preciso o seu propio limiar, o de Vde.). Non deixe de escrebirme dende alá. Vaise axiña ou inda tarda? A noticia, vexo agora, pola nota no libro, que xa é púbrica. Cansouse dos ananos?

Ben, pois polo doxe namais. Gracias polas suas atenciós, por esta entrega e por este envío.

Reciba unha tensa e cordial aperta de seu

X. Neira

***

Habana, 24-5-72

A Celso Emilio Ferreiro
Caracas
Meu querido amigo:

Fai apenas unhos días, cuase ó mesmo tempo, chegoume a súa carta (que me aledou certamente, logo de tanto tempo sin noticias de Vde.) e o exemplar da "Autoescolla" poética (gracias pola cordialísima adicatoria)

editada en Portugal. Anque non sempre sexa o propio autor quen mellor pode escoller, ouservando esta escolma vexo unha moi atinada seleición. Persoalmente, dende fóra, talvez houbese posto os mesmos poemas. É moi intresante -estimo- que o noso quefacer literario en xeral trascenda os lindes xa que non do idioma neste caso, sí xeográficos. E os do idioma tamén intresa que se traspoñan cada vez que sexa posibel. Comparto o seu criterio verquido en "Galicia 1970" (Lugo) arredor deste lerio. Débese traducir ó galego e do galego. Manuel María mandoume un exemplar máis, xunto co del, que pasarei á Sección Galega do Instituto de Literatura daquí.

A carta de vostede tardou con ganas. Trai data de marzo... Eu tíñalle escrito poucos días antes de recibila. Supoño as miñas letras no seu poder.

Sabía do premio "Álamo". Aquí pubricamos a noticia en "España Republicana". Está ben eso do "desquite". Non deixe de mandarme un exemplar cando salla. Eu sabía que "Antipoemas" estaba pra sair en Xistral. Tíñamo dito M. María. Logo foi que a censura, unha vez máis, o vetou.

Nefeuto, Pilar Vázquez, galega, profesora de portugués, estivo en Cuba, e coñecina brevemente. Dempois temos seguido escrebíndonos. É unha muller estupenda a quen aprecio moito. Fai unha mañífica laboura como profesora de portugués. Acaba de pubricar en Gredos unha formidable "Gramática" (eu vin as probas aquí) onde hai un capítulo adicado á literatura galega.

Tiña noticia por Alonso Montero e por Manuel María (e agora aparez tamén consiñado no libro de Portugal) da súa volta á Terra, pra se radicar en Madrid. Di ben: pra estar nun país governado pola burguesía poucas diferencias pode haber en esencia, e pra eso, mellor perto do recanto nativo. Se enriba é tan calamisoa, insolidaria, alleada esa coleitividade galega, que se non poida facer nada por movilizala... Escríbame cando chegue alá. Déame o seu novo enderezo.

Xa veu a Antoloxía "Poetas gallegos de postguerra", editada por Basilio en Ocnos? Recibina fai unhos días. Estupenda. Basilio e un dos homes máis lúcidos da miña xeneración, e o seu labor galego en Barcelona i en xeral non pode ser máis eficaz e intelixente.

Tiven carta de Soto, fai poucos días. Vaise de novo á Terra, o mes de xunio próisimo.

E namais, polo doxe. Reciba unha cordial e tensa aperta de

Xosé Neira Vilas

Caracas 19 de agosto de 1972

Pra Xosé Neira Vilas
Habana

Ben querido amigo: Escribo cun pouco de retraso porque esta tempada estou abondo atosigado de traballo, tanto na oficiña como, digamos, literariamente, coa biografía de Curros pra Editorial Júcar, na que xa saiu unha Rosalía de A. Montero, por certo estupenda. Iste traballo é, naturalmente, unha transcripción da biografía que pubriquei no 52[63] e que escribín no 45, pro que teño que redactar novamente, con arreglo ó meu xeito de agora, con novas perspectivas e algunhas modificaciós. Alén déso teño que engadirlle un pequeno estudo i unha antoloxía. Como o prazo que me deron na Editorial estase a vencer, teño que traballar contra reloxio.

De ANTIPOEMAS non podo mandarlle por agora ningún exemplar, pola sinxela razón de que non recibín os 200 que debían mandarme con arreglo as bases do concurso. Iles, os orgaizadores do premio, disque mos mandaron no mes de abril pro eu non o creo. Coíste libro están pasando cousas moi raras. En pirmeiro termo, como creo terlle dito, suprimiron dez poemas i o libro saiu medio trenco. E pra colmo de disgracia distribuírono tan mal que ningún libreiro dos por min coñecidos o teñen recibido. Coido que mais ben non o distribuiron. Escribín a Salamanca -sede do premio- perguntando o qué pasaba, pro non me contestaron, cousa que fai medrar as miñas sospeitas. En fin, o único beneficio que me reportou o premio, foi o das pesetas que me pagaron, anque a decir verdá tardaron perto dun ano en mandarmas, tamén inesplicabelmente.

Chegoume "Poetas gallegos de postguerra" e asimesmo "Poetas gallegos contemporáneos", tamén de Basilio, pubricada por Seix Barral. Semella que Galicia está de moda en España, pois poristes días ten saído, ademais, "Ocho siglos de poesía gallega" de Carmen Martín Gaite. Naturalmente, esta difusión da nosa poesía no ámbito da língoa castelán

[63] Esta aparecerá publicada na Coruña por Moret. A edición corrixida e aumentada na que neste intre está a traballar é a editada por Júcar en 1973.

débese, mais que a naide, a Basilio, quen está facendo unha laboura moi intelixente e meritoria[64].

Fai tempo que lle quería perguntar algo que se me esqueceu sempre no intre de escribirlle. Agora a miña flaca memoria non me traiciou. Trátase do seguinte: Dende fai algún tempo teño noticia de que Castelao, nalgún intre da súa estancia en Bos Aires, tivo serios enfrentamentos coa colectividade galega, ou, mellor dito, con certos sectores da colectividade. Descoñezo en absoluto todo o relacionado co ista cuestión, e penso que vostede, que viviu tanto tempo entre aquela xente dacolá, poidera cicais informarme en col do incidente. Non fai falla que mo esprique con pelos e sinales, sinon simplemente en termos xenerás, facendo mención da data e das causas que promoveron o asunto. Teño moito interés en saber a verdá.

Denantes de voltar definitivamente a España, penso facer un viaxe de esculca alá por finales de setembro ou a comenzo de outono. Quero saber *in situ* a situación i as miñas posibilidás reales de subsistencia, pois os amigos téñenme asustado cos niveles que tomou alá a carestía da vida. Estou decidido a irme, si ben até agora non me foi posible por razós de estudos do meu fillo mais novo e por outras causas aleatorias, de traballo etc., que agardo ter pronto resoltas, anque, mentras se resolven, decidín dar unha volta por alá pra estudar o terreo e irme coa másima garantía.

Reciba unha cordial aperta de

Celso Emilio

***

[64] En todas estas antoloxías, publicadas entre 1971 e 1972, tiña CEF recollidos un número non pequeño de poemas (entre 6 e 15), en versión bilingüe.

Habana, 11 de nadal do 1972

Pra Celso Emilio Ferreiro
Caracas

Meu querido amigo:

Estiven en Galicia! Sí, dempois de case 24 anos de ausencia (a súa carta, que agora resposto, chegoume mentras eu andaba por alá). Entre Galicia, Barcelona e Madrid botei (botamos, pois fun coa miña muller, cubana, filla de galegos, que non coñecía a sua "patria anterior") 50 días. Entre o 1º de outono e o 19 de novbro.

Moitas foron as emociós. A familia: meus pais, vellos, seis irmaos (a un, que está en Francia, non cheguei a velo). Miña irmán a máis nova, por exemplo, tiña sete anos cando eu me fun, no 49, e agora ten trinta cumpridos. Emociós polos amigos da infancia, os logares que tripei de rapaz, os vellos veciños do meu povo. Todo. O reencontro co idioma vivo. A aperta a algús amigos que xa coñecía e a outros que somente os trataba epistolarmente (Alonso Montero, Basilio, etc.). Sería longo comentar cómo atopei aquelo. O nivel de vida un chisco mellor, claro, que cando me fun, pero non tanto, relativamente, pois ahí está a emigración, o pluriempleo, etc. Moita TV alleante, moita "sociedade de consumo". Craro que noutro sentido, atopei rapaces -e outros non tan rapaces, craro- con moitas inquedanzas, facendo cousas e, sobor de todo, desexando facer cousas, en veces con craro ouxetivo do que queren, mais sin ver moi ben o cómo facelo. Outros, mellor instrumentados, mellor formados. O proceso talvez resulte -resulta de feito- algo confuso, pero non menos intresante.

Alédame de que se vaia a pubricar a súa biografia-estudo-antoloxía de Curros, polos de Júcar. Son boa xente. Vin a Rosalía de Alonso. Mañífico. Tamén, na mesma coleición pubricaron un Borges e un Martí. Que de entrada aparezan dous galegos, é moi importante.

Agardo con intrés o "Antipoema". Malia todas esas dificultades e "rarezas" sospeitosas de que me fala.

En canto a que Castelao tivo dificultades cos de Bs. As. non podo decirlle nada en concreto. Cheguei a B.A. no 49 e el morreu no 50. Eu nada sabía daquela da sua eisistencia. Comencei a vencellarme a estas inquedanzas da nosa cultura no 53. Teño ouvido falar de que unha vez negouse a dar unha conferencia no C. Galego porque prometeranlle non poñer a bandeira

“rojigualda” e cando iba pra alí veuna posta; finalmente sacárona. Según decían algús, un grupiño (Puente, Prada, Abraira, etc.) tíñao pouco menos ca “secuestrado”. Penso que non pode chamarse así pois non era Castelao home pra se deixar secuestrar, digamos. Este grupo sí atendeuno económicamente, patrocinou a edición de ‘S. en Galiza’ e de “As cruces”. Quen ten aludido (nalgús escritos e meio de esguello, non con acusaciós concretas é Eduardo Blanco Amor. Eduardo acompañouno moito; por outra banda o dito “Grupo” tíñalle tirria a B. Amor e el non lla tiña (en reciprocidade) menos a eles. Estimo que eso caía fóra da motivación Castelao, anque algo poidera haber. Penso que talvez non teña habido, en resume, enfrentamentos serios, porque a persoalidade de Castelao era tan forte, tan decisiva que non era doado que se atrevesen coel. Estimo que non deberon ser tan “serios” enfrentamentos, anque é o certo que eu non vivín nesa época e talvez outros poderan ser máis ouxetivos neste caso. Se algo concreto soupese, con moito gosto llo diría e inda máis por tratarse de Castelao.

Nefeuto, Basilio fai unha grande laboura no espallamento da poesía galega.

Penso que fai ben en dar unha volta antes de irse a radicar a España. É certo o da carestía. Moi certo. Aumenta día a día. A xente está algo asustada pois os ingresos non se equiparan.

En Castrelos vin en proceso o seu libro de narrativa. Quedará moi ben, según me pareceu. Os Alvarez Blázquez están a facer unha gran laboura.

E namais. Reciba unha apreta cordial do seu amigo

Xosé Neira Vilas

***

Caracas 1 de abril de 1973

Querido Neira Vilas: No meu poder a súa carta coas interesantes impresiós do seu recente viaxe á Terra. Eu tamén estiven alá dende o 22 de nadal até o 14 de xaneiro. Disgraciadamente, a miña visita non foi nin tan longa nin tan afortunada como a súa. Apenas tiven cinco ou seis días pra ver a algús amigos. Cando fun a aldea onde estaba de tempada a única irmá que

teño, o frío (seis grados baixo cero) botou mau de min e convertiume nun farrapo que apenas podía sair do pé do lume. Enfermei das vías respiratorias e non poiden saír dalí até a data de tomar o avión de regreso en Madrí pra voltar a casa, onde aínda estiven varios días na cama pra sacar dos ósos a friaxe. E menos mal que tiven tempo de arranxar en Madrí a custión do meu regreso que, de non trocarse as cousas, será no mes vindeiro[65].

Mándolle, en sobre aparte, ANTIPOEMAS, co aditamento dos dez poemas suprimidos pola censura. Tal e como digo na breve nota que vai ó comenzo, algunhos dos poemas levan incluidos frases de outros poetas, metidas nunha especie de "collage" que me sirve de pretesto pra eu desenrolar o testo poético. Noutros casos o poema é simplemente o arranxamento de unha crónica xornalística, como, por exempro, "Crónica bursátil". A "Crónica da coca-cola" tomeina, as súas liñas xenerales, dun artigo de *Bohemia* da Habana. Tamén tomei da mesma revista, algún outro *argumento* que agora non lembro. En fin, foi un esperimento que me satisfixo bastante, pro que quedaba moito mellor en lingoa galega.

O tal libro foi mal distribuido, según supoño, deliberadamente. E tamén deliberadamente, a imprensa galega ignorouno, como acostuma a facer coas miñas cousas.

Estivo por eiquí Cañada, de Editorial Júcar, e díxome que ían a editar "Memorias dun neno labrego", cousa que me folgou moito non soio por razós de amistá cara vostede (¿cándo nos imos a tratar de ti?) sinon tamén porque coido que é moi importante pra Galicia que a nosa literatura seña coñecida e apreciada fora das súas fronteiras. O meu Curros sairá axiña.

En Suiza, un grupo de emigrantes vaime a editar CEMENTERIO PRIVADO[66], unhos poemas que a censura me refugou co título de EPITAFIOS. Espero fagan unha edición un pouco coidada e pra introducir en Galicia, pois do contrario, pra distribuir somente entre a emigración, sería un libro perdido.

Penso que o libro de narraciós a que vostede se refire non vai a saír por culpa da famosa consulta previa, e tamén por algunhas intrigas dos "galaxios" en cuio prelo se imprime. De esto derradeiro falareille outro día, hoxe non teño humor pra elo. O comportamento da censura conmigo dame a impresión de que me censuran a min, non ós meus libros. Esta opinión sácoa do feito

---

65 O 10 de maio de 1973 volverá de Venezuela para establecerse en Madrid.

66 Deste libro fala tamén Celso Emilio na carta do 4 de novembro de 1970

comprobado de que en España estanse pubricando outros libros -e na imprensa artigos- moito mais "atrevidos" que os meus poemas e as miñas narraciós. Esta inquina contra do meu nome prodúcese somente nos libros escritos en galego. Iste detalle, mais outros varios indicios que sería longo describir, fanme pensar, fai xa tempo, que os "lectores" ó servicio da O. de Consulta, viven en Galicia, andan entre os nosos amigos, e, cando se trata de min, informan en contra por razós persoales de enemistá política. ¿E quénes son en Galicia -e en outros sitios- os que converten a discrepancia política en odio persoal impracábel? Os delirantes "anticomunistas" da guerra frívola, que non fría. Non me estranaría nada que nesta interquedencia andiveran metidos... Non quero pór nomes, pero cando volva e me residencie en Madrí, téñome xurado a min mesmo averiguar, como sexa, estas circunstancias, pra, en caso de que se confirme a miña teoría, desenmascarar ós autores desta vil falcatruada.

Si as narraciós non poden sair, como penso, verquereinas ó castelán pra que mas edite Júcar sin obstáculos de ningunha clase. Entón, unha vez mais, confirmarase a miña sospeita.

E nada mais por hoxe.

Unha cordial aperta de

Celso Emilio

***

Habana, 31 de maio do 1976

A Celso Emilio Ferreiro
Madrid

Meu querido amigo:

Fai ben tempo que non nos escribimos. Coido que dende o seu retorno, ou por perto desta data. Non recordo se fun eu ou vostede o último que escribeu, nin importa maormente. Por aquí, pola miña parte, o certo é que ando decote con moito trafego, e teño algo descoidada a correspondencia cos amigos. Pero, eso sí, leo, vexo noticias, sei dos libros de Vde., sei da laboura sua no Ateneo, dos premios, do libro de Xenevra, do éisito de "Onde o mundo se chama Celanova"

(direi, de paso, que o ano 72 estiven por primeira vez na sua vila natal, visitei o convento ou mosteiro, andiven polas ruas, parei no hotel Comercio, rubin pola rua de Curros Enríquez e vin a sua casa natal e logo falei co Nemesio Barxa, en Ourense, sobor da posibilidade de instalar un museo de homaxe ó gran poeta). En fin, vexo en suplementos como o de "Informaciones" novas, traballos sobor de Vde., homenaxes, referencias... E alédame certamente; alédame polo home e polo poeta, o home que aprecio -inda que non nos coñecemos persoalmente, pero que coincidimos en ben máis de catro cousas- e o poeta que ademiro polo seu mensaxe de arte maor, cuia estética singular responde a unha ética que é precisamente a do home Celso Emilio. En fin, esto vai como acraración, e en certo xeito como disculpa por este longo silencio.

De min, sigo a escribir algo sempre, alternando ese quefacer vocacional co meu labourar no marco desta Revolución na que me sinto insertado dende moi adentro, e á que percuro poñer o meu modesto grao de area. Paralelamente, a traveso da Sección Gallega do Instituto de Literatura y Lingüística da Academia de Ciencias, percuro afondar no pasado galego migratorio nesta Illa. Algo imos facendo, non coa presa que eu quixera, pero nunca se abarca tanto como se desexa, así que pacencia, imos andando, avantamos anque sexa ós poucos.

Dende Vigo mandáronme os dous volumes da sua Obra Completa (poesía), moi boa edición por certo, e podo ler por primeira vez (salvo algús poemas escolmados) *O soño sulagado* e tamén *Onde o mundo se chama Celanova* o seu derradeiro pubricado. Hai neste -ó meu ver- unha nova dimensión lírica, un novo facer, dentro do seu ben definido estilo; un "retorno" á fonte, ás orixes, pero unhas orixes trascendidas de universalidade, de mundos e de anos. O amor a ese mundo da infancia, a reiterada presencia poético-simbólica de Moraima. Quero felicitalo por este novo aporte, felicitalo moi de veras e agoirarlle novas entregas, novo facer nesa ascendente liña que tanto honora a nosa cultura e o noso xeito novo de ver o mundo.

Reciba unha aperta fraterna do seu amigo

X. Neira Vilas

En "España Republicana" pubricouse o seu comento sobre a morte de O. Pedrayo

Engado: O 'Cementerio Privado' é outra ledicia poetica de gran valor e orixinalidade.

Madrí 5-7-76

A XOSE NEIRA VILAS
Habana

Ben querido amigo:

É certo que levamos tempo sin comunicarnos, o coal non é pola miña parte desestima ou desafecto pra ti (imos a tratarnos de ti, ¿non che parece?) sinon esas cousas que pasan na vida de cadaquén: traballos, angueiras, viaxes, i ese preguiceiro costume de deixar pra mañán as tarefas que non nos angurian coas súas esixencias. Por outra banda, o tempo voa, e agora que xa ún vai pra vello aínda voa mais depresa. Cando te decatas xa pasou un ano, e parece que foi nantronte. Agora mesmo non remato de comprender cómo é posíbel que faga xa tres años que voltei de Venezuela... onde tantas tristeiras cousas me atinguiron.

Agradézoche as lembranzas que fas dos meus "trunfos", porque sei que, tirándolle o que teñen de natural cumprido, son sinceramente amigas e que, vindo dun escritor e poeta, son dobremente de agradecer, pois non creas que é moeda corrente eso da sinceridá entre a *xente de pruma*, sobre todo na nosa terra.

Madrí é unha cidá apestosa e incómoda, pro eu cáseque estou contente de residir eiquí pra non ter que vivir dende perto as inquinas absurdas, as bandeirías e incompatibilidades infantís que dividen á Galicia, política e literaria. ¿Será un andacio incurábel? Xa na Edá Meia se decía: "somos galegos e non nos entendemos".

O Ateneo de Madrí[67] actual xa ten pouco que ver co que era fai cincoenta anos. Hoxe é practicamente un club cultural xuvenil onde concurren mais de cinco mil mozos da progresía, pra estudar na súa enorme biblioteca,

[67] Tras o seu retorno de Venezuela, Celso Emilio tivo ó seu cargo dende 1974 a dirección da aula de cultura galega do Ateneo de Madrid. Por ela pasaron como conferenciantes Blanco Amor, Paz-Andrade ou Alonso Montero, e contou como colaboradores habituais na organización das actividades a varios galegos que daquela vivían en Madrid como Daniel Cortezón, Fariña Jamardo ou Isaac Alonso Estravís. Tras a súa morte en 1976, a Aula desapareceu ata 1991, cando dous ateneístas galegos Miguel Losada (que daquela era o presidente do Ateneo) e Carmen Novoa, deciden relanzala promovendo actividades como presentación de libros, recitáis poéticos, mesas redondas, etc.

pra cambear entre eles ideas e impresiós nas tertulias que se forman, ou pra asistir ós múltiples actos culturales que se celebran, libres de toda censura e sin interferencias alleas a cultura. Eu coido que, anque modesta, a laboura que estamos desenrolando na súa Aula galega é efectiva, si ben algunha xente de Galicia, xa seña por descoñecemento da realidá, xa seña por esprito de contradicción en col de min, opinan que o ter eu aceptado a coordinación da Aula é pouco menos que unha traición as esencias do galeguismo.

Na Universidá de Compostela esiste unha cátedra de língoa e literatura galega creada no tempo de Franco e pagada cos cartos do Estado franquista. Pra opositar a esa cátedra, Carballo Calero tivo que presentar, como todos os opositores daquil tempo, un certificado de adhesión ó Movimento, e dempois, o facerse cárrego da mesma, xurar lealtá ó Caudillo e ós Principios do citado Movimento. Ninguén lle reprochou a Carballo que opositara a tal cátedra. Non embargantes, o Sr. Carballo i os seus amigos e achegados, repróchanme a min airadamente (que non tiven que presentar certificados nin xurar nada) que houbese aceptado a coordinación da aula do Ateneo, que, en derradeiro termo, desempeña a mesma función que a cátedra de Carballo, cunha soia diferencia: que Carballo vive sa súa cátedra i eu non vivo da Aula.

¿Cándo vas a voltar por eiquí? Praceríame que fose pronto. Eu irei a pasar o mes de agosto vindeiro a Vigo e dende alí viaxar polo interior pra saturarme da nosa paisaxe e do noso povo. Dempois voltarei moi triste pra iste inferno de Madrí a darlle voltas o rodicio da vida.

Cunha aperta garimosa de

Celso Emilio

O meu novo enderezo:
Juan Bravo 53, 4º B
Madrid-6
Telf. 402 93 99

***

Apéndice fotográfico



Valentín Paz Andrade
"A imaxe do que unha lingua foi ou deixou de ser no percurso das edás non se debera interpor na comprensión do seu destiño" (*O porvir da lingua*)



Valentín Paz Andrade e Isaac Díaz Pardo na Coruña (1977)

Valentín Paz Andrade con Eduardo Blanco-Amor no porto de Burela (1974)

Valentín Paz Andrade con Laxeiro, Luís Seoane, Isaac Díaz Pardo e Mariluz Arias (1970)

Valentín Paz Andrade e Xosé Neira Vilas nunha mesa redonda sobre Castelao. Museo Carlos Maside 14-9-1984. Participaron tamén Ramón Piñeiro, Marino Dónega e R. Carballo Calero

Valentín Paz Andrade co escritor Lorenzo Varela en Madrid (1977)



Celso Emilio Ferreiro

Celso Emilio Ferreiro con Xosé Mª. Álvarez Blázquez nas festas da Peregrina (Pontevedra, 1958)

Celso Emilio con Laxeiro na rúa do Príncipe en Vigo

Celso Emilio co poeta Victoriano Taibo



Celso Emilio no centro con Manuel María e Xosé L. Méndez Ferrín

Celso Emilio con Méndez Ferrín e Carlos Velo. Ciudad de México, 1973

Índice onomástico

Abraira 141
Aguirre, Aurelio 111
Almeida 23
Alonso Estravís, Isaac 145
Alonso Montero, Xesús 69, 89, 91, 97, 98, 100, 101, 107, 109, 111, 115, 117, 118, 122, 136, 137, 138, 140, 145
Alonso, E. 53
Álvarez Blázquez, Darío 48, 49, 50, 59, 61
Álvarez Blázquez, Emilio 50
Álvarez Blázquez, Xosé María 50, 103, 105, 107, 111, 117, 125, 141
Álvarez Gallego, Xerardo 72
Alvarez, Santiago 102, 109
Amado Blanco, Luis 68, 69, 72, 73
Andrade, Drumond de 49
Anisia 15, 33, 34, 37, 38, 60, 62, 67, 70, 71, 72, 74, 77, 78, 79, 80
Añón, Francisco 20, 21, 111
Antonio, don 60
Arenal, Concepción 129
Armada Teixeiro, Ramón 66, 71, 129, 133
Barxa, Nemesio 144
Batlló, José 100, 111, 113
Ben-Cho-Shey 117, 118
Besada Alvarez, Miguel 88
Blanco Amor, Eduardo 18, 20, 21, 65, 115, 117, 141, 145
Blanco Torres, Roberto 63
Blanco, A. 73
Blas de Otero 89
Borges 140
Bóveda 75, 76
Bóveda, Xavier 18
Brañas 76
Cabanillas 22, 24, 133
Calderón Collantes, Saturnino 59, 60
Calderón de la Barca, Manuel 60
Cañada 142
Carballo Calero 55, 117, 146
Carnero, Manuel 102
Castro, Rosalía 24, 111, 117, 138, 140
Cela, C. J. 91
Celaya, G. 89
Ciruxeda 111
Cisneros 99
Cortezón, Daniel 145
Cunqueiro 100, 107, 111, 117
Curros Enríquez 24, 37, 103, 104, 111, 116, 118, 138, 140, 142
Dalton, R. 99
De Amo, Joaquín 117
Díaz Pardo, Isaac 21, 34, 36, 37, 38, 42, 56, 58, 65, 66, 72, 79, 81, 118, 115, 118, 123, 125, 126, 129, 130, 132
Díaz, Xosé 67, 68
Dieste, Rafael 21
Dutra Domínguez, Helio 42, 44, 45, 47, 48, 49, 50, 52, 53, 57, 59, 61, 63, 65, 66, 67, 70, 71, 72, 77, 81
Enriquez, M. C. 111
Espinosa 111
Espriu 117
Faílde Gago 49, 59, 61
Fariña Jamardo 145
Fernández del Riego, Francisco 46, 54, 58, 100, 105, 117
Fernández Ferreiro 115,
Fernández Oxea 87

Ferreiro, Celso Emilio 20, 21, 59, 61, 62, 89, 101, 102, 104, 109, 113, 115, 117, 118, 126, 142, 144, 145
Fidel 108
Fornet, Ambrosio 113
Fraga 117
Franco Grande, Xosé Luís 104, 113, 117, 121, 127, 146
Fray Roblanto 63
Garcia Lorca, Federico 69
García Sabell, Domingo 100, 105, 117
Gómez, M. 111
Goytisolo, José Agustín 89
Grandes, Félix 99
Grobar, Fabio 66
Guillén, Nicolás 61, 62, 103, 111, 112
Guimarães Rosa 36, 38, 39, 41, 42, 43, 44, 45, 47, 48, 49, 50, 61, 80
Guimarães, Vicente e Vilma 45
Herce Varela, Petra 60
Ho-Chi-Minh 50, 118, 124
Iglesia Alvariño 16
Isolina 56
Lamas Carvajal, Valentín 24, 111
Laxeiro 23
Ledo Cabido, Bieito 53, 56, 57, 62, 63
Ledo, Xohan 53
León, Carlos Augusto León 113
Lorenzana, S[alvador] (Del Riego) 53
Losada, Basilio 98, 107, 137, 138, 139, 140, 141
Losada, Gonzalo 45
Losada, Miguel 145
Lucas, María 55, 56
Lugrís Freire, Manuel 66, 71
Maceo, Antón 103, 104, 111, 112
Maiztegui, Isidro B. 118, 125
Manteiga, Luis 61
Manuel María 96, 98, 100, 101, 103, 110, 111, 117, 126, 136, 137
Marti, José 34, 125, 140
Martín Gaite, Carmen 138
Martínez Quelle, Juan Vicente 45, 51
Martins 45
Maside, Carlos 63
Mateo 60
Méndez Ferrín, Xosé Luís 22, 96, 97, 99, 101, 105, 109, 117, 118, 120, 123, 125
Montello, José 45
Montenegro Saavedra, Amador 66
Moraima 144
Moret 138
Mourente, Ramón 96
Munárriz 109
Murguía 124
Neira Vilas, Xosé 15, 16, 36, 37, 45, 46, 55, 70, 72, 95, 101, 104, 107, 112, 113, 117, 118, 128, 134
Niebla, Daniel 134
Nogueiras 111
Noriega 24
Novoa Santos 68
Novoa, Carmen 145
Núñez Búa 18
Ortiz, Fernando 68
Otero Pedrayo, Ramón 36, 144
P. Rubinos 20
Paz Andrade, Alfonso 37, 80, 81
Paz Andrade, Valentín 23, 37, 40, 45, 52, 63, 70, 81, 145

Pereira, Virxinia (esposa de Castelao) 24, 68, 74
Peres, Renard 45
Pérez Vilas, Pedro 88
Piñeiro, Ramón 20, 58, 67, 100, 105, 117
Pita Rodríguez, Félix 118
Pondal 75
Portuondo, José Antonio 22, 124
Posada 53
Prada 105, 141
Puente, Manuel 24, 141
Queizán, María Xosé 127
Reboreda, José Alfonso 96
Reimóndez 78
Rey, Amador 134
Ribalta, Xavier 99, 111
Rodríguez Castelao, A. 18, 22, 37, 58, 61, 65, 67, 68, 69, 72, 73, 74, 75, 78, 80, 120, 124, 129, 132, 139, 141
Rodríguez de Prada,Pilar 37
Roi Xordo 127
Ronai, Paulo 45, 49
Rubia Barcia 51
Rubinos Ramos, Xosé 20
Ruibal 111
Sánchez Guisande 133
Sassone, Helena 111, 113
Seoane, Luís 18, 19, 20, 21, 49, 50, 55, 59, 61, 74, 105
Sesto, Farruco 101, 116, 118
Sesto, Xosé 127
Silveira, Arístides (Celso Emilio Ferreiro) 97, 115
Soto, Luis 68, 73, 74, 87, 108, 128, 137
Souto 80, 81
Stow Kiwotto Lumen (Celso Emilio Ferreiro) 127
Torneiros 100
Torres, Xohana 117
Unamuno 22
Valle Inclán 20, 21, 43, 44, 45, 49, 51, 67, 68, 69
Varela, Lorenzo 45, 47, 49,50, 59, 61
Vázquez Cuesta, Pilar 134, 137
Vázquez Saco,Francisco 36
Veiga, Pascual 75, 76
Velo 98
Viale Moutinho,Jose 40
Vimioso 115
Vivanco, Luis Felipe, 127
Xelmírez, 120

PUBLICACIÓNS DO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES 1994-2012

RECURSOS EN LIÑA

Lingüística

ARRECADA *Servizo de Terminoloxía Galega* (http://www.cirp.es/rec2/arrecada.html).
BILEGA: *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega* (http://www.cirp.es/bdo/bil/).
CODOLGA: *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (http://balteira.cirp.es/codolga).
CORGA: *Corpus de Referencia do Galego Actual* (http://corpus.cirp.es/corgaxml).
COTOVÍA: *Conversor texto-voz* (http.//www.gts.tsc.uvigo.es/cotovia/cotovia.gl.html).
ES>GL: *Tradutor automático español-galego* (http://www.xunta.es/tradutor/).

Literatura

BIRMED: *Bibliografía de Referencia da Lírica Medieval Galego-Portuguesa* (http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=BIRMED).
MEDDB: *Base de datos da Lírica profana galego-portuguesa* (http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p/=meddb2).
DITERLI: *Base de datos do Dicionario de termos literarios (letras A-D)* (http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p/=DITERLI).

OBRAS IMPRESAS (I), EN DISQUETE (D), EN CD-ROM (CD) E/OU EN LIÑA (W)

Medio(s)	*Título*	Nº publ.
	LINGÜÍSTICA	
I	*Repertorio bibliográfico da lingüística galega (desde os seus inicios ata 1994 inclusive)*. Francisco García Gondar (dir.) et al.	11
I	*Euromosaic. Producción e reproducción dos grupos lingüísticos minoritarios da UE*. Peter Nelde, Miquel Strubell e Glyn Williams. [Mercedes Penoucos Castiñeiras (trad.)].	22
I, W	*Marco Europeo Común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación*.	115
I, W	*Niveis de competencia en lingua galega. Descrición de habilidades e de contidos adaptados ao Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL).* Elvira Fidalgo et al.	132
I, W	*Bibliografía analítica da lingua galega (2004)*. Francisco García Gondar (dir.) et al.	144
I, W	*Bibliografía analítica da lingua galega (2005 e complementos de 2004)*. Francisco García Gondar (dir.) e Silvana Castro García.	157
	LINGÜÍSTICA: FRASEOLOXÍA	
I, W	*Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía .*	30
I, W	*Refraneiro galego da vaca*. Pedro Benavente Jareño e Xesús Ferro Ruibal.	6
I, W	*As imaxes da lingua rusa. Ensaios históricos, etimolóxicos e etnolingüísticos sobre fraseoloxía.* Valerii Mokienko. [Ekaterina Lossik (trad.)].	52
I, W	*Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas*. Valerii Mokienko. [Ekaterina Guerbek (trad.)].	53
I, W	*Aspectos teóricos da fraseoloxía*. Anatolij Baránov; Dmitrij Dobrovol'skij. [Fernando de Castro (trad.)]	172

I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 1. *Fraseoloxía do mar na mariña luguesa*. Paco Rivas.	54
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 2. *Refraneiro galego*. Xesús Taboada Chivite.	55
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 3. *Achegas a un dicionario de refráns galego-castelán, castelán-galego*. Mª do Rosario Soto Arias.	84
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 4. *Estudos e recadádivas.* VV. AA.	85
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 5. *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral.* Francisco Vázquez Saco.	86
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 6, 2004.	107
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 7, 2005.	118
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 8, 2006.	129
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 9, 2007.	146
I, W	*Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral. Anexo 1,2007 de Cadernos de fraseoloxía galega.* José Augusto Ventín Durán.	147
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 10, 2008.	156
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 11, 2009.	174
I,W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 12, 2010.	187
I	*Cadernos de fraseoloxía galega* 13, 2011.	196
	Lingüística: Terminoloxía	
I+D	*Formulario notarial*. Victorino Gutiérrez Aller.	40
I+D	*Regulamentos municipais I*. Xoaquín Monteagudo Romero.	41
I	*Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos.* Fernando Lahuerta Mouriño e Francisco X. Vázquez Álvarez.	63
I, W	*Vocabulario multilingüe de acuicultura.* Fernando Lahuerta Mouriño, Francisco X. Vázquez Álvarez e Xosé L. Rodríguez Villanueva.	78
I, W	*Dicionario galego da televisión*. Edith Pazó Fernández.	117
I, W	*O nome e o símbolo dos elementos químicos*. M. R. Bermejo, A. M. González-Noya e M. Vázquez.	134
I	*Glosario de termos para a avaliación de linguas*. Alte.	154
I I	*Dicionario galego de recursos humanos*. Lucía Dans Álvarez de Sotomayor, Yolanda Maneiro Vázquez e Inés Veiga Mateos.	181
	Lingüística: Lexicografía	
I, W	*Diccionario Italiano-Galego*. Isabel González (dir.) et al.	64
I, W	*O libro das palabras (obra xornalística completa).* Constantino García. [Teresa Monteagudo Cabaleiro e María Carme García Arias (eds.)].	92
I	*Dicionario Galego-Latino clásico e moderno.* Xosé López Díaz.	178
I	*Dicionario galego de Bioloxía galego-castelán-inglés*. J. Gómez Márquez, A. Mª Viñas Díaz e Manuel González González (coords.).	188
	Lingüística: Etnolingüística	
I, W	*O libro da vaca. Monografía etnolingüística do gando vacún.* Pedro Benavente Jareño, Xesús Ferro Ruibal.	180

	Literatura e fontes medievais	
I	*As Cantigas de Loor de Santa María*. Milagros Muíña, Fernando Magán Abelleira e Mª Xesús BotanaVillar.	106
I, W	*Cantigas de madre galego-portuguesas. Estudo de xéneros das cantigas líricas*. Paulo Roberto Sodré. [Antonio Augusto Domínguez Carregal e Marta López Macías (trads.)].	155
I	*Cantigas de Santa María, proposta de explotación didáctica.* Elvira Fidalgo e Milagros Muíña.	116
I	*Cantigas do mar de Vigo*. Antonio Fernández Guiadanes et al.	35
I, W	*Carolina Michaëlis e o Cancioneiro de Ajuda, hoxe*. Mercedes Brea (coord.).	113
I	*Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani.* Elvira Fidalgo e Pilar Lorenzo Gradín (coords.).	4
I	*Livro de Tristán e Livro de Merlin. Estudio, edición, notas e glosario*. Pilar Lorenzo Gradín e José António Souto Cabo (eds.).	72
I	*Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*. Mercedes Brea (coord.) et al.	19
I, W	*O cancioneiro de Pero Meendiz de Fonseca*. Laura Tato Fontaíña.	148
I, W	*Orixes da Materia de Bretaña (A Historia regum Britanniae e o pensamento europeo do século XII).* Santiago Gutiérrez García.	75
I	*Tratado de Albeitaria.* José Luís Pensado Tomé (ed.).	105
I	*Pola melhor dona de quantas fez Nostro Senhor. Homenaxe á profesora Giulia Lanciani*. Mercedes Brea (coord.)	165
I	*Guía para o estudo da lírica profana galego-portuguesa.* Marina Meléndez Cabo, Isabel Vega Vázquez e Esther Corral Díaz (coord.)	182
I	*Aproximacións ao estudo do vocabulario trobadoresco.* Mercedes Brea (coord.).	185
I	*Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa*. Luís Alonso Girgado (coord.).	39
I	*Antoloxía do conto neozelandés*. María Fe González Fernández (ed.).	58
I	*Diccionario de termos literarios. A-D*. Equipo Glifo.	38
I	*Diccionario de termos literarios. E-H.* Equipo Glifo.	81
I	*Informe de literatura 1995*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	14
I	*Informe de literatura 1996*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	25
I, CD	*Informe de literatura 1997* (o CD-ROM tamén inclúe os dous informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	37
I, CD	*Informe de literatura 1998* (o CD-ROM tamén inclúe os tres informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	48
I, CD	*Informe de literatura 1999* (o CD-ROM tamén inclúe os catro informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	62
I, CD	*Informe de literatura 1995-2000.* Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	73
I, CD	*Informe de literatura 1995-2001.* Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	79
I, CD	*Informe de literatura 1995-2002.* Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	93
CD	*Informe de literatura 2003.* Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	109
CD	*Informe de literatura 2004.* Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	119

CD	*Informe de literatura 2005*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	135
CD	*Informe de literatura 2006*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	145
CD	*Informe de literatura 2007*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	159
CD	*Informe de literatura 2008*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	173
CD	*Informe de literatura 2009*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	179
CD	*Informe de literatura 2010*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	194
I	*Poética da novela de autoformación. O Bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico.* Mª de los Ángeles Rodríguez Fontela.	18
I	*Terra, mar e lume. Poesía de Bosnia-Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Macedonia, Montenegro e Serbia*. Úrsula Heinze de Lorenzo (intr., selección e trad.).	15
I	*Clave Orión. Números XII-XIII-XIV-XV*. Luz Pozo Garza (ed. e dir.)	164
	Literatura: Facsímiles	
I, W	*A Gaita Gallega (A Habana, 1885-1889*). Luís Alonso Girgado et al. (eds.) / 2ª ed.: 2006.	51, 122
I	*A saudade nos poetas gallegos*. Ramón Cabanillas Enriquez e Eladio Rodríguez González. [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)].	65
I+CD, W	*Aires d'a miña terra (Bos Aires, 1908-1909)*. Carmen Fariña Miranda (ed.).	97
I	*Airiños d'a miña terra (A Habana, 1909)*. María Cuquejo Enríquez (ed.).	112
I	*Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía (A Coruña, 1948 – Vigo, 1956)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	8
I+CD, W	*Alma Gallega (Montevideo, 1919-1967)*. Luís Alonso Girgado e María Vilariño Suárez (eds.).	126
I, W	*Arazua (Montevideo, 1929-1930) / Raza Celta (Montevideo, 1934-1935)*. Luís Alonso Girgado e María Vilariño Suárez (eds.).	125
I	*Aturuxo. Revista de poesía e crítica (Ferrol, 1952-1960)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	2
I	*Aturuxos*. Ramón Armada Teixeiro. [Luís Alonso Girgado (ed.)].	77
I	*Bohemia. Revista semanal ilustrada (A Habana, 25 de abril de 1915)*. Luís Alonso Girgado (intr.) e Marisa Moreda Leirado (ed.)	152
I, W	*Centro gallego (Montevideo, anos 1917-1918, números 1-13)*. Luís Alonso Girgado e María Cuquejo Enríquez (eds.).	108
I	*Cristal (Pontevedra, 1932-1933)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	29
I, W	*Cultura Gallega (A Habana, 1936-1940)* [Facsímile dos anos 1936-1937]. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	45
I	*Doutrina e ritual da moi nobre orde galega do Sancto Graal*. Vicente Risco. [Afonso Vázquez-Monxardín Fernández (ed.)].	31
I+CD, W	*Eco de Galicia. (A Habana, 1917-1936)* [Facsímile dos anos 1917-1918]. María Lojo Abeijón (ed.).	96
CD	*El gallego. Periódico semanal. Órgano de los intereses de su nombre.* Manuel Quintáns Suárez e Marisa Moreda Leirado (eds.).	150
I, W	*Eufonía (Buenos Aires 1958-1959)*. Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Manuel Quintáns Suárez (eds.).	111

I, W	*Galicia. Revista do Centro Galego (Montevideo, 1929, número 151)*. María Cuquejo Enríquez (ed.).	114
I, W	*Galicia. Revista del Centro Gallego*. Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	130
I+CD, W	*Galicia. Revista semanal ilustrada (A Habana, 1902-1930)* [Facsímile dos anos 1904-1905]. María Vilariño Suárez (ed., estudo e índices).	151
I+CD, W	*Galicia. Revista semanal ilustrada. (A Habana, 1902-1930)* [Facsímile dos anos 1902-1903]. Luís Alonso Girgado (ed.).	138
I+CD, W	*Galicia Moderna. Semanario de Intereses Generales (A Habana, 1885-1890)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	76
CD, W	*Galicia Nueva (Montevideo, 1918)*. Luís Alonso Girgado (ed.).	124
I	*Galiza. (Mondoñedo 1930-1933)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	42
I	*Gelmírez. Hojas de otoño a primavera (Santiago de Compostela, 1945-1946)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	12
I	*La Alborada (A Habana, 1912)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	43
I	*La Noche. Suplemento del Sábado (Santiago de Compostela, 1949-1950)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	20
I	*La Primera Luz.* Manuel Martínez Murguía. [Vicente Peña Saavedra e Manuel Fernández González (eds.)].	60
I	*La Tierra Gallega (A Habana 1894-1896)*. Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.).	80
I	*La Tierra Gallega (A Habana, 1915)*. Luís Alonso Girgado (ed.).	44
CD, W	*La Unión Gallega*. Manuel Quintáns Suárez (ed.).	133
I, W	*Mundo gallego. Revista de Galicia en América (Bos Aires, 1951-1952)*. Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	142
I	*Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña 'El Noroeste' (1918-1919)*. Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.).	69
CD	*O Irmandino. Órgao da Irmandade Galeguista do Uruguai.* Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	177
I	*Plumas e Letras en 'La Noche'* (1946-1949). Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	13
I	*Posío (Ourense, 1945-1946)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	9
I	*Posío, Arte y Letras (Ourense, 1951-1954)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	17
CD, W	*Prensa galega en Arxentina (1907-1963): Lar Galician / Alalá / Alborada / Alén Mar*. Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	139
I	*Resol (Galicia 1932-1936), Bos Aires (1937-1938), Galicia (1990)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	28
I	*Saudade (Verba galega nas américas (México, D.F, 1942-1953)*. Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.)	149
I, W	*Suevia*. (*Bos Aires, 1913. Revista gallega regionalista) / (Bos Aires, 1916. Revista gallega*). Luís Alonso Girgado (intr.), Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	140
I+CD, W	*Tapal*. Carmen Fariña Miranda (ed.).	88

I+CD, W	*Tierra Gallega: Seminario regional ilustrado* (Montevideo, 1917-1918). Carmen Fariña Miranda (ed.).	110
I, W	*Universitarios. Revista de la F.U.E.* (Santiago de Compostela 1932-1933). María Cuquejo Enríquez e Luís Alonso Girgado (eds.).	123
I, W	*Yunque. Periódico de vanguardia política*. Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	137
CD, W	*Escolma de almanaques galegos (1865-1929) [Bos Aires - A Habana – Galicia]*. Manuel Quintáns Suárez (ed.).	158
I	*1985. Almanaque gallego*. F. Lage e G. Díaz (dirs.) [Manuel Quintáns Suárez, Alexandra Cilleiro Prieto, Élida Abal Santorum e Luís Alonso Girgado (eds.)]	160
I	*Lérez. Revista do centro pontevedrés de Bos Aires (1962)*. Luís Alonso Girgado (ed.).	161
CD, W	*Prensa galega da Arxentina (1935-1964)*. Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	162
I	*Céltiga. Bos Aires (1924-1932). Revista gallega de arte, crítica, literatura y actualidades*. Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	163
I	*Soma de craridades por Álvaro Cunqueiro e unha carta a Luís Seoane por Santiago Montero Díaz.* Luís Cochón e Luís Alonso Girgado (eds.).	189

LITERATURA: NARRATIVA E POESÍA RECUPERADA

I	*A cruz de salgueiro*. Xesús Rodríguez López. [Manuel González e María González (eds.)].	23
I, W	*A obra narrativa en galego.* Manuel Lugrís Freire. [Modesto Hermida García e Xabier Campos Villar (eds.)]. / 2ª edic.: 2006.	57, 121
I	*Alira de Elfe, A Reina Loba e outros relatos*. Manuel Lois Vázquez. [Manuel López Vázquez (ed.)].	26
I	*As noites no fogar e outros textos*. Ángel Vázquez Taboada. [Anxo Tarrío Varela e Alexandra Cabaleiro Carro (eds.)].	70
I	*Baixo do alpendre e outros relatos*. M. P. Amor Meilán. [Mª Teresa Araujo García (ed.)].	27
I	*Contos do Turreiro.* Avelino Rodríguez Villar [Anxo X. Rajó Pazó (ed.)]	183
I	*Escolma*. Manuel Martínez Murguía. [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)].	61
I	*Escolma*. Eladio Rodríguez González. [Constantino García, Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.)].	68
I	*Folla Bricia. Poesía galega Completa*. Xosé Crecente Vega. [Ricardo Polín (ed.)].	82
I	*Gallegada e outros textos en prosa* de Valentín Lamas Carvajal. [Rafael Adán Rodríguez (ed.)].	102
I, W	*Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve*). [Modesto Hermida (coord.)].	101
I	*O vento segrel*. Augusto Mª Casas. [Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña Miranda (ed.)].	83
I, W	*Obra galega*. Xosé Otero Espasandín. [María Cuquejo Enríquez (ed.)].	128
I	*Obra galega*. Xulio Sigüenza. [Luís Alonso Girgado e Josefa Beloso Gómez (eds.)].	59

I, W	*Obra narrativa en galego*. Amador Montenegro Saavedra. [Eulalia Agrelo Costas e Isabel Mociño González (ed., intr. e notas)].	141
I	*Obra narrativa en galego.* Aurelio Ribalta y Copete. [Mª Eulalia Agrelo Costas (ed.)].	56
I	*Obra narrativa en galego.* Fortunato Cruces. [Modesto Hermida (dtor.) e Vanesa Solís Cortizas	197
I	*Obra narrativa en galego*. Heraclio Pérez Placer. [Isabel Soto López (ed.)].	34
I	*Obra narrativa en galego*. Uxío Carré Aldao. [Modesto Hermida García e Mario Romero Triñanes (eds.)].	66
I	*Paja brava de El Viejo Pancho e outras obras*. José A. Y Trelles. [Gustavo San Román (ed.)].	32
I	*Relatos e outras prosas*. Roque Pesqueira Crespo. [Mª Teresa Araújo García (ed.)].	71
I	*Salayos e outros poemas*. Manuel Núñez González. [Amelia Rodríguez Esteves (ed.)].	36
I	*Sulco e vento*. Álvaro de las Casas. [María Cuquejo Enríquez (ed.)].	95
	Filosofía e ensaio	
I	*A filosofía krausista en Galicia*. Ramón López Vázquez.	3
I	*Castelao humorista*. Siro López.	16
I, W	*Celestino Fernández de la Vega*. *Pensador do novo galeguismo.* Ramón López Vázquez.	143
I	*Ética xeral.* Ramón del Prado. Ramón López Vázquez.	49
I	*Fundamentos antropolóxicos da obra de Castelao*. Anxo González Fernández.	46
I	*Hamlet e a realidade cunqueirana*. Anxo González Fernández.	10
I	*Historia do pensamento antropolóxico en Galicia*. Alfredo Iglesias Diéguez.	50
I	*O Padre Feixoo, escolástico*. Ramón López Vázquez.	7
I	*O pensamento rexeneracionista de Eloy Luís André (Do europeísmo ó galeguismo)*. Ramón López Vázquez.	21
I	*Suma da lóxica*. Guillerme De Ockham. [Xosé Calviño Pueyo (trad.)].	47
I	*Ramón Piñeiro: sobre a saudade e outros temas*. Luís Rey Núñez.	94
I	*Roberto Nóvoa Santos. (Nova interpretación antropolóxica).* Ramón López Vázquez.	99
	Cine	
I	*Filmografía galega. Longametraxes de ficción*. Ángel Luís Hueso Montón e José Mª Folgar de la Calle (coords.).	33
I	*Filmografía galega. Curtametraxes*. Ángel Luís Hueso Montón e José Mª Folgar de la Calle (coords.).	74
	Ramón Piñeiro e Cadernos Ramón Piñeiro	
I	*Lembranza de Ramón Piñeiro. Catro discursos*. VV. AA.	1
I	*Ramón Piñeiro* (video-libro). Carlos Casares Mouriño.	24
I	*Conversa con Ramón Piñeiro*. Manuel Rico Verea.	87
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (I). Ramón Piñeiro: dúas lecturas*. Anxo González Fernández e Ramón López Vázquez.	89

I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (II). Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas*. Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro.	90
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (III). Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro: unha contribución*. Luis Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Teresa Monteagudo Cabaleiro.	91
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (IV). Ideas sobre a lingua galega na obra de Manuel Murguía.* José Ángel García López.	98
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (V). Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero.* Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Carmen Fariña Miranda (eds.).	100
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (VI). Idacio Lémico: Chronica (379 – 469).* Xoán Bernárdez Vilar.	103
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (VII). Antón e Ramón Villar Ponte. Unha irmandade alén do sangue.* Emilio Xosé Ínsua López.	104
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (VIII). Diálogos na néboa. Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra*. Manuel Forcadela.	120
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (IX). Sobre o humor de Cervantes no Quixote*. Siro López.	127
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (X). A pretensa nostalxia da autoridade (Unha interpretación parcelar d'*O porco de pé *de Vicente Risco)*. Alba Martínez Teixeiro.	136
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XI). Cartas a Filgueira Valverde e outros*. Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	166
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XII). Cartas de Ramón Piñeiro a José Luis Pensado*. Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	167
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XIII). Epistolario de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González-Pardo (1952-1971)*. Luís Cochón e Miro Villar (ed., intr. e notas).	168
I	*Homenaxe a Ramón Piñeiro*. Alexandra Cilleiro Prieto e Élida Abal Santorum (eds.)	169
I	*Ramón Piñeiro. Letras Galegas 2009. Ramón Piñeiro na lembranza (catálogo)*. Siro López.	170
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XIV). A casa! o val! a patria homilde! Celebración de Uxío Novoneyra (1930 –1999)*	*175*
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XV).Ramón Piñeiro: epistolario lugués.*	176
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XVI). I-en todo silencio preguntado. Celebración de Uxío Novoneyra II.* Luís Cochón, Luís Alonso Girgado, Alexandra Cillero Prieto e Élida Abal Santorum (eds.).	186
I	*Cadernos Ramón Piñeiro XVII. Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro.* Luís Alonso Girgado e outros.	190
I	*Cadernos Ramón Piñeiro XVIII. Cartas de Ramón Cabanillas a Isidoro Millán en modo de antífona.* Luís Cochón.	191
I	*Cadernos Ramón Piñeiro XIX. Homenaxe a Fernández Pérez-Barreiro Nolla.* Luís Alonso Girgado, Nicolás Vidal e Alexandra Cillero Prieto.	192
I	*Cadernos Ramón Piñeiro XX. Álvaro Cunqueiro. Miscelánea de prosas.* Luís Alonso Girgado, Luís Cochón, Lorena Domínguez Mallo.	195

I	*Cadernos Ramón Piñeiro XXI. Correspondencia habida entre Xosé Mª Álvarez Blázquez e Isidoro Millán González Pardo.* X. L. Cochón, Alejandra Cillero Prieto e Lorena Domínguez Mallo.	197
I	*Cadernos Ramón Piñeiro XXII. Correspondencia de Xosé Neira Vilas con Valentín Paz-Andrade e Celso Emilio Ferreiro.*	198
	Véxase tamén o apartado de Filosofía e Ensaio.	
	Outros	
I	*Epistolario galego de Miguel de Unamuno*. Alexandre Rodríguez Guerra.	67
I	*Guía de alimentación*. Pedro Benavente Jareño.	5
I	*Redes e peixes. Saberes dun mariñeiro*. Xavier Rodríguez Vergara.	153
I, W	*Escritos sobre Federalismo e Galeguismo*. Aureliano Pereira. [Esther Martínez Eiras (trad.)].	131
I	*Máis aló da nación unificadora: en defensa do federalismo multinacional*. Alain Gagnon.	171
I	*A nacionalización do pasado irlandés (1845 – 1937).* Xavier R. Madriñán	184
I	*A prensa galega de Cuba.* Xosé Neira Vilas	193

Correspondencia de Xosé Neira Vilas
con Valentín Paz-Andrade e
Celso Emilio Ferreiro,
saíu do prelo de Grafisant,
en Compostela,
o día 3 de maio do ano 2012,
conmemoración do
Día Internacional da Liberdade de Prensa.